Monte Grande 6: (Coordenadas xeográfricas 08º 06´ 12.9´´ - 43º 20´ 51.6´´ e UTM 572655 - 4799900). Cota de altitude 317 m. Partindo da igrexa de Torres cara ó N (cara a Vilarmaior) a 800 m., tomamos un cruce á dereita cara a Pontedeume e a 450 m. tomamos un novo cruce á dereita, a 100 m. tomamos un desvío á esquerda (esta vez sen asfaltar). A pedra atópase a 550 m. do cruce anterior, na marxe dereita do camiño a un nivel inferior, moi preto dunhas abelleiras. Trátase dunha pedra de 2 m. N-S x 7 m. L-O aprox. na que observamos 18 cazoletas (algunhas delas unidas por unha canle), que oscilan entre 4 e 11 cm de Ø. A pesares de existir máis pedras na zona, non atopamos ningún outro tipo de representacións; cabe destacar tamén que o panel está a carón do que foi un antigo camiño que atravesa o concello de O a L, e tras pasar a rentes do Marco do Seixo (límite do coto xurisdiccional do Mosteiro de Monfero), métese no concello de Monfero.

Monte Grande - A Chaira: (Coordenadas xeográficas 08º 05´ 19.9´´ - 43º 20´ 50.2´´ e UTM 573850 - 4799870) Cota de altitude 366 m. Este conxunto atópase a carón do mesmo camiño que o grupo anterior (cara o L), nembargantes describerémolos accesos partindo

do cruce da pista principal na que nos desviamos para os grupo 3-4-5 de Monte Grande, pola que continuamos sen tomar ningún desvío cara o L-NL durante 700 m., chegados a este punto tomamos unha devasa á esquerda, a 200 m. volvemos a tomar de novo á esquerda, a 70 m. atopamos un pequeno afloramento granítico á esquerda (foto 12), no que observamos 1 cazoleta de 10 x 12 cm rodeada por un círculo, formando unha combinación de 26 x 30 cm; na mesma pedra se localizan outras 7 cazoletas. Dos grupos localizados ata o de agora é que se sitúa a maior altitude, tamén é o único dende o que se poden ollar túmulos megalíticos (situado o máis próximo a uns 70 m. en dirección S).

IV - CONCLUSIÓNS

Como xa indicamos na introducción os gravados localizados, agás das cazoletas presentes en tódolos paneis, tratan de motivos xeométricos, principalmente círculos concéntricos, anque coa novidade da aparición dunha espiral (Monte Grande 2) e outras figuras xeométricas asociadas os círculos con paralelos noutros gravados da provincia de Lugo (Monte Grande 1), pero englobados dentro do denominado «Grupo Atlántico», máis concretamente no mundo curvilíneo.

Dende sempre a interpretación do arte rupestre galego tórnase moi conflictiva, xa que non se pode responder dun xeito claro e certo quen fixo estes gravados e que motivou ás xentes a realizar este tipo de representacións; se ben ultimamente estase a barallar un grande abano de posibilidades que abrangue dende sinais territoriais, simboloxía astral, planos, etc., anque nos cremos que a súa representación ten un carácter máis propio da simboloxía relixiosa, por ser unha función preponderante neste tipo de sociedade.


A pesares da súa antigüidade, probablemente anterior a Idade do Bronce, é posible que nalgún caso exista unha superposición de gravados (figura nº 2 de Monte Grande 3, como xa indicamos é posible que foxe completado o círculo en base ós segmentos gravados). Caso aparte son as cazoletas, que moi ben puideran ser nalgúns caso de épocas máis recentes, xa que nalgúns paneis preséntanse os gravados moi difuminados pola erosión e nembargantes as cazoletas amósanse moi visibles.

Un dos motivos alegados durante décadas sobre a non aparición de gravados na zona NL da provincia de A Coruña foi a erosión e os traballos do home, un claro exemplo destas ideas preestablecidas témolo na rocha nº 2 de Río de Pazos, onde a maior representación de todo o conxunto grávase dentro dun esconche da pedra.


A aparición destes novos conxuntos con máis representacións e novas formas, xunto cunha maior densidade de gravados nun espacio de terreo moi reducido, non fai máis que referendar as teorías e reincorporacións expostas pola nosa Asociación en anteriores publicacións, que converten ó NL da provincia de A Coruña nun espacio virxe para os investigadores (en canto a gravados rupestres se refire), e ó Anuario Brigantino no referente bibliográfico para o coñecemento e estudio dos mesmos, nesta zona.

V - AGRADECEMENTOS

A publicación en "Los motivos geométricos en el grupo galaico de arte rupestre" nº 2. 1996, realizado por D. Fernando Costas Goberna na que fai referencia ó petroglifo de «Río de Pazos» motivou a realización deste artigo. Dende aquí o noso agradecemento pola axuda prestada. Non debendo esquecer que os gravados de Río de Pazos e Monte Grande 1 e 2, foron descubertos por D. Alvaro Louro, que tivo que pelexar contra administracións e profesionais, ata que o seus descubrimentos fosen recoñecidos. Dende aquí o noso apoio e máis sinxelo agradecemento.




Río de Pazos 1



Río de Pazos 2




Río de Pazos 3



Mte. Grande 1


N
0 10 20 30cm.
Mte. Grande 2


N
0 10 20 30cm.
Mte. Grande 3


N
0 10 20 30cm.
Mte. Grande 3



N
0 10 20 30cm.
Mte. Grande 6
Z
0 10 20 30cm.
A CHaira



Foto 1.- Rego de Pazos.



Foto 2.- Rego de Pazos.







Fotos 3, 4 3 5.- Rego de Pazos.



Foto 6.- Rego de Pazos.




Foto 7.- Monte Grande-2.



Foto 8.-Monte Grande-1.





Fotos 9-10.-Monte Grande-3.



Foto 11.- Monte Grande-3.



Foto 12.- Monte Grande - A Chaira.

Unha nova estación rupestre ó aire libre en Baroña, Porto do Son (A Coruña)

JORGE GUITIÁN CASTROMIL*
XOÁN GUITIÁN RIVERA**

Sumario

Neste traballo os autores realizan unha aproximación a un novo grupo de gravados rupestres prehistóricos preto de Baroña, Porto do Son (Coruña). Logo de describir as figuras, trátase de establecer algunhas hipóteses sobre a antigüidade e o significado dos gravados e outras cuestións.

Abstract

In this work the authors offer an approach to new prehistoric rupestrian group of engravings near Baroña, Porto do Son (Coruña, Spain). After the description of the figures they try to establish many hypotheses about the antiquity and meaning of the engravings, and many other questions.

Nos últimos anos a vertente norte da Serra do Barbanza aparece como unha zona de constantes descubrimentos arqueolóxicos, algúns deles de notable interese. Neste contexto os petroglifos, ata hai menos dunha década practicamente inéditos nesta bisbarra, son obxecto de frecuentes publicacións nas que se informa de novos achados nun proceso moi semellante ó producido no entorno de Muros[1] ata a primeira metade dos anos oitenta.

Dentro da comarca do Barbanza o coñecemento da arte rupestre experimentou unha transformación radical a partir de 1979, publicándose interesantes estacións en Rianxo[2], Ribeira[3], Porto do Son[4], Boiro[5] e Lousame[6] . Concretamente no concello de Porto do Son déronse a coñecer na última década diversas estacións, entre as que destacan pola complexidade das representacións a de Laxe da Sartaña (parroquia de Queiruga) e a de Braña de Pozas (parroquia de Noal).

OS GRAVADOS DE BAROÑA

Recentemente apareceu publicada nun folleto turístico[7] de difusión local a fotografía dun petroglifo identificado como Petroglifo de Baroña, na que se observan diversas

***Jorge Guitián Castromil (VIgo) é Licenciado en Hª da Arte pola Univ. de Santiago e autor de diversos artigos de investigación. É asesor técnico da Xunta de Galicia.**

****Xoán Guitián Rivera (Santiago) cursou estudios de Hª da Arte na Univ. de Santiago e realizou diversos artigos de investigación. É funcionario da Univ. de Santiago.**

1 COSTA CALDERÓN, J. e FORMOSO ROMERO, Mª.J.: "Estación rupestre de Muros de Sampedro". Brigantium. Vol. 1, 1980. Páxs. 71-82. // EIROA, J.J. e REY,P.: Guía de los petroglifos de Muros. Ed. Concello de Muros, 1984.

2 CES CASTAÑO, R., FERNÁNDEZ CASTRO, J.A. e PIÑEIRO HERMIDA, P.: "Un complexo de gravados rupestres en Rianxo-A Coruña". Brigantium, Vol. 8, 1993/1994.

3 PEÑA SANTOS, A. de la, e VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre de Galicia. Páx. 42.

4 CONCHEIRO COELLO, A. e GIL AGRA, Mª. D.: "A estación de grabados rupestres ao aire libre de Braña das Pozas (Porto do Son, A Coruña)".Minius. II-III, 1993-1994. // SOTO, Mª.J. e REY, P.: "Una metodología de estudio para petroglifos. Resultados en Laxe da Sartaña". Gallaecia, 14/15, 1996.

5 AGRAFOXO PÉREZ, X.: Prehistoria e arqueoloxía da Terra da Barbanza. Páxs. 143-144. // RÍOS PÉREZ, J.M.: Boiro, concejo gallego. Páxs. 49-51.

6 AGRAFOXO PÉREZ, X.: Op. cit. Páxs. 140-143.

7 Porto do Son. Galicia. Ed. Concello de Porto do Son, 1999.

representacións animais. A partir desta noticia comezamos un traballo de busca de novos gravados na zona que deu como froito o achado deste conxunto (Fig.1).



Fig. 1.- Plano xeral de situación do petroglifo na península do Barbanza.

Localización e acceso

-Concello: Porto do Son (A Coruña)
-Parroquia: San Pedro de Baroña.
-Lugar: Entre os lugares da Igrexa e Vilar.
-Coordenadas: 42º42'15''N - 9º00'43''O.
-Mapa: Mapa Topográfico Nacional. Folla 119-IV (Porto do Son). Escala 1: 25.000

Partindo da igrexa parroquial de Baroña hai que coller unha pista estreita pero ben asfaltada que vai cara os lugares de Vilar e A Arnela, e que sae á esquerda da praza que na parte posterior da igrexa. Aproximadamente a 400 m. por esta pista atopamos unha curva pronunciada desde a que é moi visible un depósito de auga existente na propia ladeira, uns 100 metros máis abaixo de onde nos atopamos. Baixamos ata o depósito e deixándoo á nosa esquerda camiñamos uns 70 m. en dirección noroeste ata a zona onde a ladeira é mais escarpada. Aquí, na parte inferior dunha rocha case vertical de boas dimensións, atópanse os gravados.

Descrición do conxunto e intento de análise

O conxunto aparece dominado pola figura do que semella ser un gran cérvido macho con cornamenta moi desenvolvida (as súas dimensións son 57 cm. entre as patas extremas e 82 cm. desde as patas dianteiras á punta do corno maior (Fig.2). Uns 14 centímetros máis arriba aparece a figura, moito mais erosionada, do que podería identificarse como outro cérvido de menor tamaño, probablemente unha femia (27 X 24cm). O enorme grao de erosión da superficie na que aparecen insculpidos os motivos, producida pola auga que nos meses de inverno escorre por ela, non permite adiviñar se a composición contaría con mais motivos, se ben na zona inferior da rocha aparecen uns trazos que poderían formar parte dun terceiro cérvido de dimensións semellantes ó que aparece na parte superior e que, en tal caso, identificaríase tamén cunha femia ou unha cría.

Así pois, no que poderiamos denominar, de acordo coa terminoloxía de E. Panofsky, unha análise a nivel pre-iconográfico, temos unha gran figura (o cervido macho) que semella rexe-la composición, rodeado por unha ou dúas figuras de menores dimensións que probablemente representen, como xa dixemos, a imaxe de dúas femias. Tódalas figuras aparecen en posición aproximadamente horizontal con respecto á liña de base.

En relación coas cuestións formais únicamente pode engadirse que, á marxe das naturais diferencias de tamaño entre machos e femias ou crias dunha mesma especie, parece que no conxunto estase a recurrir á utilización dunha perspectiva xerárquica na que o motivo principal (neste caso o macho), ademais de ocupar unha posición central, é representado

a unha escala maior que o resto dos motivos. Por outra banda hai que sinalar que, polo que pode observarse no que se conserva dos gravados, as figuras son representadas mediante un sistema de perspectiva en perfil absoluto, coa salvedade de que os órganos pares (patas e cornos neste caso) non aparecen representados unitariamente, senón que se plasman individualizados (duas patas, dous cornos) (Fig.3)



Fig. 2.- Petroglifo de Baroña. Vista xeral.

Tipolóxicamente pode engadirse que os cérvidos representados semellan pertencer ó tipo 1 da clasificación tradicional[8], ou ó tipo 1.1 da mais recente clásificación proposta para as representacións de cuadrúpedos[9] afastándose, xa que logo, do que se viña clasificando como cérvidos tipo Barbanza, algo que xa ocorrera coas representacións dos outros conxuntos de Porto do Son. Trátase dunha variante tipolóxica de ampla dispersión xeográfica, representada tanto en estacións costeiras (A Guarda, Cangas, Poio) como do interior (Cotobade, Campo Lameiro). En calquera caso hai que sinalar o mal estado de conservación dos gravados, que impide identificar axeitadamente tódolos trazos da composición orixinal polo que é dificil realizar unha adscripción formal absoluta.

Non é doado nunha composición tan sumaria tratar de establecer hipóteses ou explicacións de calquera outro tipo ou, por dicilo doutro xeito, tratar de achegarse a un nivel iconográfico primario mais ou menos válido, aínda que hai unha serie de elementos que nas análises doutras estacións veñen sendo interpretados a partir de convencións que permiten apuntar algunhas ideas de carácter elemental.

Nun primeiro lugar destaca a elección da rocha na que se gravan os motivos. Nun lugar tan abondosamente rochoso como os montes de Baroña, no que sería ben doado elixir rochas mais destacadas na paisaxe ou mais accesibles, a elección desta rocha concreta ten que responder a necesidades concretas relacionadas coa interpretación dos gravados.

O feito de que se escollera unha rocha plana e case vertical, situada na zona media da ladeira do monte e cun punto de vista privilexiado cara ó seu entorno entra dentro das convencións sinaladas por Vázquez Rozas[10] para as rochas nas que aparecen gravados motivos animalísticos. Non é posible constatar, sen embargo, as hipóteses de Bradley,

8 PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Op. cit. Páx. 39.
9 COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M.; NOVOA ÁLVAREZ,P. e PEÑA SANTOS, A. de la : "Aproximación a las representaciones de cuadrúpedos en el grupo galaico de arte rupestre". Páx.58.
10 VÁZQUEZ ROZAS, R: "Los petroglifos gallegos: selección de su emplazamiento y selección de las rocas grabadas" Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología.

Criado e Fábregas[11] sobre a relación con lugares de paso de gando ou cabalos en liberdade dada a proximidade dos núcleos habitados e a conseguinte alteración do entorno pola acción humana.

A elección de rochas tendentes á verticalidade nas que as representacións animais aparecen cunha liña de base case horizontal, vense interpretando últimamente como un recurso que facilita a integración da representación na ladeira do monte dando a sensación de que os animais representados camiñan por ela[12]. Aceptada esta hipótese as figuras aparecerían representadas avanzado en dirección sur. En xeral o aspecto da composición é estático, algo típico das representacións de cérvidos de gran tamaño[13].

En relación co posible significado soamente queremos facer unha serie de apuntamentos ou suxestións. Parece evidente que a figura central é a representación dun cervido macho adulto, tanto pola súa cornamenta, moi desenvolvida, como polo seu tamaño con respecto á outra figura claramente identificable. A posición erguida da cabeza podería tratar de representar ó animal en actitude de bramido, propia da época de celo, durante a que o macho aínda conserva intacta a súa cornamenta.

Se aceptamos esta proposta, estariamos fronte á representación dun cervo macho bramando na proximidade de femias en época de celo, en actitude semellante ós representados na Laxe da Rotea de Mendo (Campo Lameiro) ou en Laxe das Lebres (Poio)[14]. Aceptando que a outra (ou outras) figuras representadas, de menor tamaño, sen cornamenta e sen atributos sexuais recoñecibles, sexan representacións de exemplares femia, poderíamos estar perante a representación dunha escena totalmente natu-




Fig. 3.- Petroglifo de Baroña.

11 BRADLEY, R.; CRIADO BOADO, F. e FÁBREGAS VALCARCE, R.: "Rock art and the prehistoric landscape of Galicia: the results of field survey 1992-1994" Proceedings of the Prehistoric Society, Nº61, 1995. Dos mesmos autores vid. tamén "Petroglifos en el paisaje: nuevas perspectivas sobre el Arte Rupestre Gallego". Minius, II-III, 1993-1994.

12 VÁZQUEZ ROZAS, R.: Op. cit.

13 FERNÁNDEZ PINTOS, J.: "La cronología del arte rupestre gallego. Estado actual de nuestros conocimientos". Actas del I Congreso Gallaecia. // 1988. SOTO, Mª J. e REY, P.: Op. cit.

14 PEÑA SANTOS, A. de la, e VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Op.cit. Páxs. 47 e 51.

ralista, a plasmación do cortexo previo ó apareamento, escena frecuentemente identificada en estacións con representacións semellantes.

Non é posible remata-la análise iconolóxica da obra xa que, como se sinala na bibliografía[15], actualmente carecemos dun coñecemento mínimo imprescindible da cultura na que se xestaron estas representacións, como para tratar de aventurar cal sería o significado último da imaxe. Temos, pois, que conformarnos con leva-la análise ata un segundo nivel, agardando que no futuro as investigacións permitan afondar máis.

En relación coa cronoloxía da representación, poucos son os datos, aínda hoxe, que permiten tratar de aventurar datas concretas. Desde as clasificación tipolóxica de Anati en 1968 é habitual dividir as representacións de cérvidos en dous grupos claramente diferenciados[16]. As figuras do conxunto de Baroña poderían enmarcarse dentro do grupo das representacións de cérvidos de gran tamaño e actitude hierática ós que, xeralmente, se lles da unha datación mais antiga que ós mais pequenos e dinámicos. Aínda que neste punto non existe consenso entre os distintos investigadores, todos coinciden en situar estes motivos nalgún momento entre o Epipaleolítico e a primeira Idade do Bronce, en datas arredor do 3000 a.c., sen que pareza posible na actualidade concretar máis esta datación.

Finalmente creemos que debe sinalarse a importancia que este novo conxunto cobra no seu contexto mais inmediato (comarca do Barbanza). Desde estacións xa clásicas como a de Cubeliños (Cespón, Boiro), ou a desaparecida de Axeitos (Oleiros, Ribeira) ata as publicadas recentemente de Laxe da Sartaña (Queiruga, Porto do Son), Braña das Pozas (Noal, Porto do Son) e os múltiples conxuntos de Rianxo (fundamentalmente na parroquia de Leiro), son moitas e moi variadas as representacións de cervidos, de xeito que pode falarse de cérvidos tipo Barbanza (os de Axeitos e Laxe das Cabras, por exemplo), pero tamén de representacións que se corresponde cos outros tipos establecidos na clasificación de Peña Santos e Vázquez Varela[17].

Os gravados de Baroña responden, formalmente, ós trazos xerais que poden observarse nas outras representacións de cérvidos da vertente norte da Serra, é dicir, esquematismo, carencia de dinamismo, estructura compositiva identificable, etc. Cómpre chama-la atención sobre as considerables dimensións do gran cervo macho, excepcionais ata o momento neste concello e soamente comparables, nun entorno próximo, ás representacións de Laxe das Cabras. Cremos que o sector norte da Serra do Barbanza está a constituirse nunha área importante dentro do rupestre galego na que, probablemente, aparecerán novas estacións que veñan enriquecer o noso coñecemento deste tipo de manifestacións.

Sobre as fotografías

Á hora de realizar fotografías do petroglifo tivemos que enfrontarnos a un problema para o que non coñecemos unha solución plenamente satisfactoria. Dada a erosión dos motivos gravados e a orientación da rocha non era posible realizar un calco das figuras nin facer fotografías sen resaltar dalgún xeito os motivos.

Se ben somos conscientes da polémica que se ven producindo nas últimas décadas en torno ó método para a reproducción deste tipo de gravados enfrontámonos, neste caso,

15 Vid. ALONSO DEL REAL, C.: "Iconología del arte rupestre. Intento de una iconología del arte prehistórico" Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas. Vol. I, 1975.

16 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: "Actualidade dos estudos de arte rupestre galego" Grial, Nº 50. // VÁZQUEZ VARELA, J.M.: "Sobre la cronología de las representaciones de ciervos en el arte rupestre prehistórico gallego" Gallaecia, 1, 1975. // FERNÁNDEZ PINTOS, J.: Op. cit.

17 PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Op. cit.

cunha serie de condicionantes, como o nivel de deterioro dos motivos, a orientación da rocha, a presencia de liques e outra flora que escurecen notablemente a superficie, etc. que impedían a meirande parte das técnicas propostas. Fronte á imposibilidade de levar a cabo o levantamento mediante algunha das técnicas máis sofisticadas ou que precisaban dun maior despregue técnico, optamos pola solución de perfíla-los trazos con xiz.

A pesares dos inconvenientes deste método optamos por el xa que creemos que era a única vía ó noso alcance para poder reproducir os gravados de xeito satisfactorio. Tal como sinalan Soto e Rey[18] creemos que se trata dun método lícito cando é empregado con fins investigadores ou divulgativos, e non con fins exclusivamente recreativos. Por outra banda optamos por perfila-los sucos con xiz húmida repasada coa xema dos dedos, método que ten demostrado a súa efectividade[19], así como as facilidades que ofrece para un limpado posterior pouco agresivo (consistente no soprado e na utilización de pinceis brandos) que impide que os restos depositados nos sucos faciliten o proceso erosivo.

BIBLIOGRAFÍA

- AGRAFOXO PÉREZ, X.: Prehistoria e arqueoloxía da Terra da Barbanza. Ed. Concello de Noia: Noia, 1986

-ALONSO DEL REAL, C.: "Iconología del arte rupestre. Intento de una iconología del arte prehistórico". Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas. Vol. I (Prehistorie e Historia Antigua). Santiago, 1975.

-BRADLEY, R.; CRIADO BOADO, F. e FÁBREGAS VALCARCE, R.: "Petroglifos en el paisaje: nuevas perspectivas sobre el Arte Rupestre gallego". Minius, II-III, 1993/1994. Páxs. 17-28.

-BRADLEY, R.; CRIADO BOADO, F. e FÁBREGAS VALCARCE, R.: "Rock art and the prehistoric landscape of Galicia: the results of field survey 1992-1994". Proceedings of the Prehistoric Society, Nº61, 1995. Páxs. 347-370.

-CES CASTAÑO, R.; FERNÁNDEZ CASTRO, X.A. e PIÑEIRO HERMIDA, P.: "Un complexo de gravados rupestres en Rianxo-A Coruña". Brigantium, Vol. 8, 1993/1994. Páxs. 199-244.

-CONCELLO DE PORTO DO SON: Porto do Son. Galicia. 1999 (folleto turístico distribuido nas oficinas de turismo do concello).

-CONCHEIRO COELLO, A. e GIL AGRA, Mª. D.: "A estación de grabados rupestres ao aire libre de Braña das Pozas (Porto do Son, A Coruña)". Minius, II-III, 1993/1994. Páxs7-15.

-COSTA CALDERÓN, J. e FORMOSO ROMERO, Mª. J.: "Estación rupestre de Muros de Sampedro". Brigantium, Vol. 1, 1980. Páxs. 71-82.

-COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M.; NOVOA ÁLVAREZ, P. e PEÑA SANTOS, A. DE LA: "Aproximación a las representaciones de cuadrúpedos en el grupo galaico de arte rupestre". En COSTAS GOBERNA, F.J. e HIDALGO CUÑARRO, J.M. (Coord.): Los motivos de fauna y armas en los grabados prehistóricos del continente europeo. Arqueología divulgativa, Nº3. Ed. Asociación arqueológica viguesa. Vigo, 1997.

-EIROA, J.J. e REY, P.: Guía de los petroglifos de Muros. Ed. Concello de Muros: Muros, 1984.

-FERNÁNDEZ PINTOS, J.: "La cronología del arte rupestre gallego. Estado actual de nuestros conocimientos". Actas do I Congreso Gallaecia. A Guarda, 1988.

-GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: "Actualidade dos estudios de arte rupestre galego". Grial, Nº50, Outubro-Decembro, 1975. Páxs. 429-439.

-PEÑA SANTOS, A. DE LA, e VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia. Eds. do Castro: Sada, 1979.

-SOTO, Mª. J. e REY, J.: "Una metodología de estudio para petroglifos. Resultados en Laxe da Sartaña". Gallaecia, 14/15, 1996. Páxs. 197-221.

-VÁZQUEZ ROZAS, R.: "Los petroglifos gallegos: selección de su emplazamiento y selección de las rocas grabadas". Actas del XII Congreso Nacional de Arqueología. Vigo, 1993. Editadas en 1995.

-VÁZQUEZ VARELA, J.M.: "Sobre la cronología de las representacioes de ciervos en el arte rupestre prehistórico gallego". Gallaecia, 1, 1975. Páxs. 79-87.

18 SOTO, MªJ. e REY, P.: Op. cit. Nota 4.

19 CES CASTAÑO, R..; FERNÁNDEZ CASTRO, X.A. e PIÑEIRO HERMIDA, P: Op. cit.

Anuario Brigantino 1999, nº 22

Un petroglifo de época histórica: o conxunto inédito de Gourís, Porto do Son (A Coruña)

JORGE GUITIÁN CASTROMIL*
XOÁN GUITIÁN RIVERA**

Sumario

Neste traballo os autores realizan unha primeira aproximación a un novo grupo de gravados rupestres preto de Gourís, Porto do Son (Coruña). Logo dunha breve descripción das figuras, tratan de se achegar ós gravados rupestres de época histórica en Galicia (NW de España) e ó seu significado.

Abstract

In this work the authors give a firs approximatios to a new rupestrian group of engravings near Gourís, Porto do Son (Coruña, España). After a brief description of the figures they try to approximate to the historical rupestrian engravings in Galicia (NW. Spain) and their meaning.

INVESTIGACIÓNS SOBRE INSCULTURAS RUPESTRES DE ÉPOCA HISTÓRICA

Malia a abondosa bibliografía que existe na actualidade sobre os petroglifos prehistóricos galegos, é lamentable a escasísima atención que se lle ven dedicando tradicionalmente ós gravados de época histórica. Na actualidade posiblemente temos máis coñecementos sobre os petroglifos prehistóricos que sobre aqueles moito máis próximos a nós cronolóxica e culturalmente que, a pesar da súa relativa "modernidade", encerran significados que hoxe nos son totalmente descoñecidos, e que tenden a ser explicados como simples "límites de propiedade", sen entrar no estudio do que aparece insculturado.

A historia das investigacións neste aspecto é curta no tempo e pobre en publicacións. O primeiro traballo sobre os gravados históricos é "*Los petroglifos de término*", publicado no ano 1952 por **Xesús Ferro Couselo**. Nesta obra, imprescindible aínda hoxe, o autor, a partir dunha enorme labor de documentación, sistematiza algúns dos motivos máis frecuentes nos "petroglifos de término" (cualificativo que el acuña, e que segue sendo válido na actualidade).

En 1955 **Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza**, apunta por vez primeira unha idea referida ós cruciformes que, aínda sendo válida para a meirande parte dos casos, ven sendo un "prexuízo" frecuentísimo ata os últimos anos, nos que se está a proceder á súa revisión e matización. En concreto afirma que "*En la inmensa mayoría de los casos, por no decir en la totalidad, la técnica empleada (...) nos habla de una cronología muy reciente, en época plenamente histórica*"[1].

A partir deste intre a atención que se lle prestou ós gravados de orixe histórica foi practicamente inexistente e as únicas referencias, breves e circunstanciais, aparecen nalgún

***Jorge Guitián Castromil (VIgo) é Licenciado en Hª da Arte pola Univ. de Santiago e autor de diversos artigos de investigación. É asesor técnico da Xunta de Galicia.**
****Xoán Guitián Rivera (Santiago) cursou estudios de Hª da Arte na Univ. de Santiago e realizou diversos artigos de investigación. É funcionario da Univ. de Santiago.**

1 Sobrino Lorenzo-Ruza, R.: "Datos para el estudio de los petroglifos de tipo atlántico" en Actas del III Congreso Nacional de Arqueología, Zaragoza, 1955.

Anuario Brigantino 1999, nº 22
Betanzos. ISSN: 1130-7625




Fig. 1.- Representación gráfica do petroglifo de Gourís.

artigo referido a conxuntos de petroglifos nos que aparecen motivos de evidente orixe histórica. Citaremos, pola súa relativa proximidade xeográfica ós gravados que nos ocupan, o caso dos gravados nas proximidades do santuario de San Ramón, na parroquia boirense de Bealo[2] , e o caso Os Campos, na parroquia de Leiro (Rianxo), publicado como Subgrupo III-B, por **Fernández Castro, Piñeiro Hermida e Ces Castaño**[3] .

No libro *Los Grabados Rupestres de Galicia*[4] inclúese un capítulo (páxinas 231-237) referido ós "petroglifos de término", no que se apunta unha clasificación tipolóxica dos motivos máis frecuentes, e que constitúe, ata o momento, a última aportación relevante a este campo.

AS INSCULTURAS DE GOURÍS

Provincia: A Coruña.
Concello: Porto do Son.
Parroquia: Santa María de Caamaño.
Lugar: Monte Esperoi-Portela de Gourís.
Coordenadas: 42º39'56''N.-9º00'52''O. Folla 151-II do Mapa Topográfico Nacional (1: 25.000).

O conxunto de gravados que motivan este traballo atópase na vertente norte da Serra do Barbanza, no concello de Porto do Son, no límite das parroquias de Queiruga e Caamaño. Máis concretamente, ó sueste do lugar de Gourís, case no cumio do monte Esperoi, moi preto da chamada Portela de Gourís.

Para acceder a este lugar é necesario partir da estrada C-550. Unha vez superado o lugar de Xuño, ó pasa-lo río Sieira, no Km. 52,6, sae unha estrada á dereita cara a aldea de Cabrais (segundo indica un sinal no cruce). Logo duns 3 Km. de ascenso, na zona de curvas onde se cruza o rego de Casa Vedra, sae unha pista sen asfaltar á esquerda, xunto

2 Fernandez Castro, J. A.: "Unha estación rupestre na parroquia de Bealo (Boiro)" en Gallaecia, Nº 9, páxs. 235-257.

3 Ces Castaño, R., Fernandez Castro, J.A. e Piñeiro Hermida, P.: "Un Complexo de grabados rupestres en Rianxo-A Coruña" en Brigantium, Vol. 8, 1993-1994, páxs. 199-244.

4 Costas Goberna, F. J. e Novoa Álvarez, P.: Los Grabados Rupestres de Galicia. Nº6 das Monografías do Museu Arqueolóxico e Histórico de A Coruña, O Castro, Sada, 1993.



Fig. 2.- Vista parcial do petroglifo de Gourís. Á dereita apréciase a figura cruciforme que se repite en diversas partes do conxunto.

a un depósito de auga. Ascendese por esta pista ata o lugar onde remata a pendente (Portela de Gourís), xusto ó pe do monte Grallade, que fica á dereita. Deste punto sae un camiño á esquerda. Uns 400 m. máis adiante por este camiño está o pequeno picouto no que se empraza o castro da Portela de Gourís (ou da Lagoa[5]). Ás nosas costas érguese o monte Esperoi e pola súa ladeira ascende un peche de arame entre as parroquias de Caamaño e Queiruga. Ascendendo paralelos ó peche chégase a unha enorme rocha, xusto antes do cumio. Na cara sur desta rocha atópanse os gravados, nunha ampla superficie, bastante uniforme e case vertical, que domina toda a beira sur da Ría de Noia, con boas vistas sobre as parroquias de Caamaño, Queiruga e Baroña.

O acceso en coche ás proximidades do petroglifo é mais doado desde Porto do Son. No Km. 62,1 da C-550 (ó saír do pobo cara a Baroña), sae á esquerda a estrada que sube ó monte Enxa. Despois de uns 5 Km. de ascenso continuado hai que desviarse á dereita pola pista que vai á aldea das Insuas e continuar por ela, sen baixar á aldea, uns 3,5 Km. ata a Portela de Gourís. Desde este punto o camiño é o mesmo que o indicado no parágrafo anterior cara o castro de Gourís e o monte Esperoi.

O descubrimento do petroglifo de Gourís foi realizado polos autores no verán de 1998

O conxunto, a primeira vista caótico, garda un certo orde no que é posible establecer varios subgrupos de gravados, o que pode responder a necesidades en relación co significado ou, mais probablemente, á comodidade á hora de gravar os diferentes motivos na superficie da rocha. Debido ó avanzado grao de erosión que presentan algúns dos grupos de figuras, resulta difícil cuantificar o número total de gravados que formarían o conxunto na súa orixe, xa que, se ben hai 30 figuras claramente identificables como froito do traballo

5 Agrafoxo Perez, X.: Prehistoria e arqueoloxía da Terra da Barbanza. Concello de Noia, Noia, 1986.



Fig. 3.- Vista de conxunto do petroglifo de Gourís.

do home, existen polo menos outras 10 que presentan unha ampla marxe de dúbida e ben puideran ser froito da erosión da rocha e aínda é posible que existise algunha figura máis hoxe practicamente desaparecida.

ORGANIZACIÓN DAS FIGURAS E ETAPAS DE ELABORACIÓN DO CONXUNTO

Como se observa na Fig.1, as figuras aparecen formando un grupo homoxeneo. Unha observación máis detida revela datos interesantes. En primeiro lugar chama a atención a abundancia de cruciformes, dos que, tendo en conta as diversas variantes que aparecen, pódense distinguir na actualidade 24, e a repetición dunha figura concreta en varios dos grupos. Falamos da figura situada no centro da composición, que aparece repetida de xeito case idéntico noutros tres puntos do conxunto. Trátase dunha cruz de brazos curtos e pé moi prolongado. O pé ou trazo vertical é atravesado por unha figura aproximadamente rectangular de ángulos redondeados disposta en horizontal (Fig.2 e 3). En tres dos casos o longo pé da cruz presenta unha cazoleta na base, mentres noutro o pé desviase á esquerda.

Outro dato interesante é que, a partir da análise comparativa dos sucos das diferentes figuras, (grosor, profundidade, grao de erosión, perfil, sombra que proxectan en fotografía, etc) parece posible afirmar que o conxunto foi elaborado en dúas etapas diferentes bastante separadas no tempo. A partir desta premisa pódese tratar de aventurar cal das dúas etapas foi a primeira, para o que recorremos novamente á análise dos motivos, da que entresacamos varias constatacións:

-A meirande parte dos cruciformes están gravados cun tipo de suco moi semellante.

-As figuras que se repiten aparecen gravadas cun mesmo tipo de suco.

-Nos casos nos que nunha mesma figura aparecen os dous tipos de sucos, a figura base, entendendo como tal aquela que ten paralelismos noutras áreas do conxunto, apare-



Fig. 4.- Petroglifo de Pedra Leirada (Pobra do Caramiñal).

ce sempre gravada con suco moi ancho e de fondo plano, mentres que os elementos que supostamente lle foron engadidos con posterioridade están insculpidos cun suco de perfil en V bastante pechado, máis profundo en relación coa súa anchura.

DO anteriormente exposto parece lóxico extraer as seguintes conclusións:

-Nunha primeira etapa utilizouse para gravar os motivos unha ferramenta case con total seguridade metálica, semellante a un cicel de punta plana bastante ancho (nalgún caso o ancho do trazo gravado chega a superar os 6 cm.).

-A esta primeira etapa pertencerían a meirande parte dos cruciformes, as tres figuras iguais e como as outras figuras gravadas coa mesma técnica, todas elas ben identificables.

-Á segunda etapa pertencerían a meirande parte do resto das figuras, ainda que hai algunhas que pola grao de erosión que presentan non poden enmarcarse claramente en ningún destes grupos.

-Na primeira etapa serían gravados a meirande parte dos elementos fundamentais da composición, mentres que na segunda agregaríanse algunhas figuras de carácter singular, así como elementos que completarían algún dos motivos da primeira fase.

PARALELISMOS FORMAIS

Como xa comentamos máis arriba, o escaso número de estacións deste tipo publicadas ata o momento fai bastante difícil o estudio comparativo dos diferentes motivos. Temos que agradecer a D. Domingo Regueira a súa amabilidade ó proporcionarnos información sobre un conxunto inédito próximo á Pobra do Caramiñal (Fig.4). No conxunto pobrense, ademais dun enorme número de cruciformes, aparece unha figura moi semellante á que consideramos principal no grupo de Gourís. Segundo o Señor Regueira, descubridor deste conxunto, podería tratarse dunha marca de límite dun couto, conclusión á que chega por

paralelismos con exemplos coñecidos a partir dun vello plano de Ribeira conservado no Arquivo do Reino de Galicia, que inclúe as marcas de límite do Couto do Deán no S.XVII.

Outro conxunto semellante ó citado anteriormente, aínda que de menor magnitude, aparece na ladeira do monte da Curota, na súa caída cara ó oeste, nas proximidades do mirador da Curotiña, onde hai un monumento a Valle-Inclán.

Acerca dos paralelismos iconográficos dos diferentes motivos, temos levado a cabo un extenso traballo comparativo tanto con insculturas e gliptogrifos da comarca como con exemplos significativos doutros lugares. Se ben non temos chegado a ningunha conclusión definitiva en canto a significado ou cronoloxía, coidamos que poden resultar de interese para futuros estudios polo que sinalamos os casos, ó noso entender, mais significativos.

En diferentes obras románicas galegas aparecen marcas de canteiros que resultan de interese. Así, tanto no brazo norte do cruceiro da catedral de Santiago, como nas ruínas do mosteiro de Carboeiro[6], na obra románica da catedral de Tui, nas marcas de canteiros da catedral de Ourense ou en San Xoán de Portomarín aparecen marcas que recordan a figura presentes en Gourís. Todas elas poden ser datadas no século XII. Tamén son interesantes algúns dos gliptogrifos do Mosteiro da Franqueira (Pontevedra)[7]. Mais próximos son os paralelismos que atopamos en San Francisco de Betanzos e en Nosa Señora da Mercé de Chanteiro[8] onde novamente atopamos figuras interesantes. Estes dous casos pertencen ó S. XIV.

Outros exemplos interesantes, aínda que sen un contexto cronolóxico tan delimitado, aparecen nos petroglifos do Polvorín, próximos á Torre de Hércules, nos gravados de Punta Herminia (A Coruña), considerados como petroglifos de termo ou de presencia, nas estacións da Pena da Carballeira de Pombal (Campo Lameiro)[9] e de Pedra do Chan das Cruces en Ponte Sampaio[10], ou nunha lápida sepulcral, probablemente de época moderna, reutilizada para pavimenta-lo adro da igrexa de Santa María de Serantes (Laxe).

Moito mais próximo, aínda que carente tamén de un contexto cronolóxico, están dous gravados nunha rocha situada ó sur da praia do Prado, na localidade ribeirense de Corrubedo. Este grupo, descuberto tamén por Domingo Regueira, presenta un gran signo cruciforme rematado nunha forma aproximadamente circular que resulta interesante en relación co conxunto que nos ocupa.

En calquera caso, a existencia do citado conxunto de gravados nas proximidades de A Pobra do Caramiñal (a escasos quilómetros do conxunto de Gourís), así como o coñecemento do feito de que o couto do Deán, en Ribeira, tivese os seus límites marcados con rochas nas que foron gravadas cruces (algunhas aínda son visibles nas proximidades da ermida de San Alberte), permite pensar na posibilidade lóxica dunha función semellante para os gravados que nos ocupan.

6 Torre Martín-Romo, R.: "Los estudios de signos lapidarios en la provincia de Pontevedra: precedentes y perspectivas." en Actas del V Coloquio Internacional de Gliptografía. Pontevedra, 1986. Páxs.313-359.

7 Alarcón Herrera, R.: "Corpus glyptográfico español" en Actas del V Coloquio Internacional de Gliptografïa. Pontevedra, 1986. Páxs. 775-803.

8 Soraluce Blond, J.R.: "Marcas y signos en templos medievales gallegos" en Actas del V Coloquio Internacional de Gliptografía. Pontevedra, 1986. Páxs. 695-715.

9 Sobrino Buhigas, R.: Corpus Petroglyphorum Gallaeciae. fig. 25.

10 Sobrino Buhigas, R.: Corpus Petroglyphorum Gallaeciae. Fig. 13.

A presencia de cruciformes e figuras derivadas noutros lugares da comarca do Barbanza, como o caso citado de Corrubedo, a Pedra da Rá de Palmeira, ou a Pedra da Cruz de Francisco, en Macenda (Boiro), publicada en 1927 por Bouza Brey e López Cuevillas[11], parece confirmar a utilización destes gravados na zona, moi probablemente como marcas de límite ou, utilizando a terminoloxía de Ferro Couselo, como petroglifos de término.

A partir de todo o anteriormente exposto parece lóxico afirmar que o conxunto de gravados de Gourís funcionaría probablemente como marca de límite (petroglifo de término). Trátase dun lugar afastado dos camiños e dos lugares habituais de paso de gando, polo que non parece verosímil outra explicación (cristianización, sinalización dun camiño, etc.) que non sexa a de sinalar unha propiedade, sexa esta de carácter parroquial, señorial, particular, etc.

Finalmente queremos insistir no interese e a importancia que ten o estudio e coñecemento de este tipo de insculturas. Creemos que debe tenderse á interdisciplinariedade para acadar un estudio efectivo deste tipo de manifestacións a cabalo entre a arqueoloxía, a gliptografía, a etnografía e outras ciencias afíns. Por último queremos sinalar a necesidade dunha revisión da postura tradicional que entende por arqueoloxía estrictamente a arqueoloxía pre ou protohistórica, o que afortunadamente semella estar comezando a suceder nos últimos anos.

***

Queremos deixar constancia do noso agradecemento a Domingo Regueira, veciño de Ribeira, descubridor de multitude de vestixios arqueolóxicos e históricos esquecidos na comarca do Barbanza.

11 Bouza Brey, F. e López Cuevillas, F.: "Prehistoria e folklore da Barbanza", Nos, 1927.

BIBLIOGRAFÍA

-AGRAFOXO PÉREZ, X.: Prehistoria e Arqueoloxía da Terra da Barbanza. Ed. Concello de Noia. Noia (A Coruña), 1986.

-ALARCÓN HERRERA, A.: "Corpus Glyptográfico Español" Actas del V Coloquio Internacional de Gliptografía. Pontevedra, 1986. Páxs. 775-803.

-BOUZA BREY, F. e LÓPEZ CUEVILLAS, F.: "Prehistoria e folklore da Barbanza". Nós, 1927.

-CES CASTAÑO, R., FERNÁNDEZ CASTRO, J.A. e PIÑEIRO HERMIDA, P.: "Un complexo de grabados rupestres en Rianxo-A Coruña." Brigantium, Vol. 8, 1993-1994. Páxs. 199-244

-COSTAS GOBERNA, F.J. e NOVOA ÁLVAREZ, P.: Los grabados rupestres de Galicia. Nº6 de Monografías do Museu Arqueolóxico e Histórico da Coruña. Sada (A Coruña), 1993.

-FERNÁNDEZ CASTRO, J.A.: "Unha estación rupestre na parroquia de Bealo (Boiro)" Gallaecia, Vol. 9. Páxs. 235-257.

-FERRO COUSELO, X.: Los petroglifos de término. Ourense, 1952.

-PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia. Ed. do Castro. Sada (A Coruña), 1979.

-RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: As cruces de pedra na Galiza. Ed. Galaxia, Vigo, 1984. (Ed. Facsímile da orixinal de 1950).

-SOBRINO BUHIGAS, R.: Corpus Petroglyphorum Gallaeciae. Santiago, 1935.

-SOBRINO LORENZO-RUZA, R.: "Datos para el estudio de los petroglifos de tipo atlántico". Actas del III Congreso Nacional de Arqueología. Zaragoza, 1955.

-SORALUCE BLOND, J.R.: "Marcas y signos en templos medievales gallegos". Actas del V Coloquio Internacional de Gliptografía. Pontevedra. 1986. Páxs. 695-715.

-TORRE MARTÍN-ROMO, R.: "Los estudios de signos lapidarios en la provincia de Pontevedra: precedentes y perspectivas". Actas del V Coloquio Internacional de Gliptografía. Pontevedra, 1986. Páxs. 315-359.

Anuario Brigantino 1999, nº 22

Los pueblos celtas del Noroeste de la Península Ibérica

MANUEL ALBERRO*

Sumario:
La presencia céltica en el NO de la Península Ibérica y los tempranos contactos entre los celtas de esa región y los de Irlanda son analizados con base en fuentes históricas, literarias, arqueológicas, lingüísticas y epigráficas. Las inmigraciones célticas a la zona y una descripción de los principales pueblos que moraban allí en la época pre-cristiana completan el trabajo.

Abstract:
The Celtic presence in the NW of the Iberian peninsula and the early contacts between the Celts of that region and those of Ireland are analyzed on the basis of in historical, literary, archaeological, linguistic and epigraphic sources. Celtic immigration to that geographical area and a description of the main tribes living there in pre-Christian times complete the paper.

LA PRESENCIA CÉLTICA

La presencia céltica en la Península Ibérica, especialmente en las regiones del Noroeste de España y del Norte de Portugal, no pudo acabarse del todo y por completo tras la «latinización» impuesta por Roma en los primeros siglos de nuestra era. Los numerosos elementos celtas que un día ocuparon una vasta porción peninsular han de seguir allí aún de alguna manera, habiendo diversos y diferentes signos de todo ello.

La contumaz persistencia en esas zonas de restos de los habitantes célticos que ocuparon esos lugares desde los tiempos del final de la Edad de Bronce, fué de hecho reforzada por una inmigración celta muy posterior. Durante el Siglo V de nuestra era, comenzaron a arribar al Sur de la actual Inglaterra las nuevas tribus «bárbaras» de los invasores anglos, sajones y jutes, quienes empujaron y desplazaron a los habitantes célticos de esas regiones más y más hacia el Oeste de la isla. Ante este hecho, muchas tribus celtas decidieron abandonar la región en masa y emigrar hacia zonas que ellos conocían como célticas. Así, muchos de ellos cruzaron el Canal de la Mancha hacia la Península de Armorica (la actual región céltica de Bretagne, en Francia). Otros sin embargo, navegaron un poco más lejos hasta



BRIGANTIA (N. de Inglaterra) es la diosa tribal de los brigantes y también de culto extendido en muchos otros lugares europeos.

*** Manuel Alberro. Uppsala Universitet, Suecia.**

llegar y desembarcar en el Noroeste de la costa Cantábrica de España: en Asturias, donde esta provincia linda con la de Lugo.[1] Otros autores, sin embargo, registran esta inmigración y desembarco céltico como habiendo tenido lugar en Galicia, entre El Ferrol y el Río Eo.[2] García y García, por su parte, considera que los bretones llegaron a Galicia en una época tan temprana como fines del Siglo IV.[3] Estos asentamientos celtas de relativamente reciente creación siguieron conservando su propia personalidad y su peculiar estructura eclesiástica y fueron reconocidos en el Concilio de Lugo en el año 567 y encuadrados en una sede episcopal propia, Britonia o Bretoña, que poseía su propio monasterio como centro, y cuyo obispo Mahiloc o Mailoc (*prelado de la Britonensis ecclesia*) firmó el acta del Concilio Bracarense II, celebrado en Braga en el año 572.[4] Este obispo habría probablemente acaudillado a un grupo de britones en su inmigración al Noroeste de la Península Ibérica.[5] Los asentamientos se extendieron más y más, y sus pobladores contribuyeron incluso a que persistiera el nombre de Galicia dado a esa región de España.

Esta iglesia o sede de Britonia no tenía un territorio diocesano estrictamente delimitado, sino que extendía su autoridad sobre las diversas comunidades -*ecclesiae*- de celtas bretones existentes en la región. La autonomía eclesiástica contribuyó, sin duda, al mantenimiento de la personalidad de esta colonia de inmigrantes celtas.

La influencia de la Iglesia Céltica, que había sido importada por ellos, llegó a su fin con el Concilio de Toledo del año 633, donde fué aceptada e impuesta la ortodoxia romana. A este sínodo toledano asistió el Obispo de Britonia.[6] La diócesis de Bretoña continuó no obstante existiendo hasta al menos 830, cuando fué destruída finalmente por los moros; aunque incluso pudo haber continuado aún hasta el Concilio de Oviedo en el año 900.[7]

Después de la primera ocupación y destrucción de Bretoña o Britonia en 716, sus monjes se habían refugiado en Oviedo, la capital del primer reino cristiano en la confrontación con los musulmanes. Sin embargo, el episcopado de esta sede britona debió de ser restaurado años después, ya que en ese Concilio de Oviedo del año 900 asiste un obispo que se titula «de Dumia y de Britonia».[8] Lo que sí se sabe seguro es que en el año 866 fueron amalgamadas las antiguas sedes episcopales de Britonia y Dumio, cuando sus obispos habían sido forzados a huir debido a la presencia árabe en la zona.

Otros autores hablan de los contactos entre la zona nord-occidental de la Península Ibérica e Irlanda y de las varias expediciones de monjes celto-irlandeses que llegaron a Galicia en esa época, como por ejemplo «la embarcación de Uí Corra» (Immram Curaig Ua

1 BERRESFORD ELLIS, P., The Celtic Empire, Constable, London, 1990, p. 56

2 ORLANDIS, J., Historia social y Económica de la España Visigoda, Confederación Española de Cajas de Ahorros, Madrid, 1975, pp. 48-9; DAVID, P., Etudes historiques sur le Galice et le Portugal du VI[e] au XII[e] siécle, Coimbra, 1947, pp. 57-61; THOMPSON, E. A., «Britonia», en BARLEY, N.W., and C.HANSON, R.P., Leicester University Press, 1968, pp. 201-5

3 GARCIA y GARCIA, A., «Ecclesia Britoniensis», *Estudios Mindonienses*, vol. 2 (1986), Diócesis de Mondoñedo, pp. 121-134

4 Ibid., p. 124


5 TOVAR, A., «Un obispo con nombre británico y los orígenes de la diócesis de Mondoñedo», *Habis*, Univ. de Sevilla, vol. 3 (1972), pp. 155-58

6 SANCHEZ ALBORNOZ, C., «Fuentes para el estudio de las divisiones eclesiásticas visigodas», *Boletín da Universidade de Santiago de Compostela*, II, 4 (1929), pp. 29-83.


7 BERRESFORD ELLIS, op. cit., pp. 56-57


8 GARCIA y GARCIA, A., Ecclesia Britoniensis, Estudios Mindonienses, 2, Diócesis de Mondoñedo, 1986, pp. 121-34, en pp. 133-4; ALONSO ROMERO, F., Santos e Barcos de Pedra, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1991, p. 86-34






El foco cultural céltico de Hallstatt a principios del s. V a.C.





El foco cultural céltico de La Tênе en el curso de las expansiones de principios del primer milenio a. C.



Núcleos célticos en Europa. En USA un 43% de la población es de origen irlandés o escocés; en Australia más del 50%, y en Canadá un 29%....



Lenguas no indoeuropeas e hispanocélticas en la Península Ibérica.

Corra), fabricada de madera y cuero con tres capas de pieles superpuestas, con nueve hombres a bordo, y entre ellos un obispo y un prelado. Este *curragh*, un tipo de embarcación que aún se sigue usando en la Isla de Aran y otros remotos lugares de Irlanda y Escocia, llegó a «la punta de España», donde fundaron una iglesia.[9] Este relato de la navegación del Uí Corra está conservado en uno de los manuscritos irlandeses medievales, el Libro de Leinster (1160, basado en un texto del Siglo VIII).[10]

La sede de la *Britonensis ecclesia* estuvo localizada en la actual Santa María de Bretoña, a unos 15 kilómetros de San Martín de Mondoñedo. En unas recientes excavaciones arqueológicas se descubrieron estos asentamientos britones sobre un antiguo castro protegido por un doble foso, donde se encontraron diversos objetos de la época pre-romana y vestigios de la iglesia britona y de las dependencias de la comunidad monacal.[11]

O abade de Sobrado, Francisco, e o convento, aforan a Lope Conde, veciño de Melide, a casa na que vive, con todas as outras casas, hortas, herdades e prazas que o mosteiro ten na vila de Melide e preto dela, e en Santa María de Melide, o seu anexo, por un censo anual de 238 maravedís, a pagar no mosteiro, e coa condición de que Lope Conde e os seus herdeiros dean pousada, cama, lume, auga e sal ao abade, prior, monxes e mordomos do mosteiro, prohibíndolle así mesmo venderen sen licencia. Se no prazo de tres anos non pagase, perderíao todo coas melloras que tivese feito. *(fol. 30r)*

1392.

O abade de Sobrado, Alonso Ibáñez, afora a Diego García a casa das *balanzas*, en Melide. *(fol. 30r-v)*

1444.

O abade de Sobrado, Rodrigo Núñez, afora a Gonzalo de Melide e á súa muller, Constanza Díaz, e dúas voces máis -fillo ou filla- a casa das *balanzas*, coas súas cortiñas, entradas e saídas, por un canon de 10 maravedís anuais, coa obriga de daren pousada aos monxes, frailes, familiares e mozos do mosteiro. *(fol. 30v)*

1469, maio, 4.

Rodrigo, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Ares Martínez e a Constanza Xiráldez, a súa muller, e a unha voz, a casa das *balanzas*, en Melide, co seu celeiro, por oito maravedís de boa moeda a pagar por San Martiño. *(fol. 30v)*

1509, febreiro, 27.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo de Melide e á súa muller, Catalina López e dúas voces máis, a casa das *balanzas*, en Melide, coas súas cortiñas -dúas delas atravesadas polo camiño francés- por un canon de 20 maravedís, pagadeiros en Sobrado por Santa María de agosto, e coa obriga de daren pousada a membros do mosteiro. *(fol. 30v)*

1540.

Pedro Calvacho, veciño de San Sebastián de Castro, presentou ao seu fillo Gregorio Calvacho por voz dunha casa e celeiro en Melide, do foro de Lope Conde. *(fol. 30v-31r)*

1572.

Gómez da Ventosa, escudeiro, veciño de Melide, declarou traer dúas casas na rúa pública de Melide, unha na que vive o vigairo Gregorio de Basadre e outra a das *balanzas*. *(fol. 31r)*

1509.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo de Melide e á súa muller, Catalina López, e dúas voces máis, as casas que o mosteiro ten en Melide, chamadas *das balanzas*, por 20 maravedís pagadeiros por Santa María de agosto, e coa obriga de daren pousada. *(fol. 31r)*

(Este foro xa figura no folio 30r).

1454.

Frei Rodrigo Núñez, capelán do príncipe e abade de Sobrado, e o convento, aforan a Diego García, e a dúas voces, unha casa en medio da rúa de Melide, por 13 maravedís e medio de moeda vella, a pagar en Sobrado por San Martiño. *(Fol. 31v)*

1454.

O abade de Sobrado, frei Rodrigo Núñez, capelán do príncipe, e o convento, aforan unha casa en Melide a Álvaro Ferreiro e á súa muller, fillo e neto, por un canon de 13 maravedís vellos, e con obliga de daren pousada. *(fol. 32r)*

1495.

Frei Pacífico, abade de Valbuena e presidente de Sobrado, co prior e convento, aforou a Roi González ferreiro, veciño de Melide, e a dúas voces que sexan fillo e neto, a casa do *prexel verde*, na rúa grande de Melide, por un real de prata anual e coa obriga de daren pousada aos relixiosos do mosteiro. *(fol. 32v)*

1573.

Nunha declaración que fai, García Conde di coñecer a *casa do prexel verde* que ao presente leva Gómez da Ventosa, que linda pola parte dianteira coa «calle pública» que pasa pola vila e pola traseira co camiño que sae da vila para Fonte de Favian. *(fol. 32v)*

1390.

Bernando Ibáñez e Aldara Gómez venden a Urías Pérez, alfaiate, e á súa muller, unha casa na carnicería de Melide, propiedade de Sobrado. Os compradores comprométense a pagar a pensión existente sobre ela. *(fol. 33r)*

1527.

Frei Arbilán, abade de Sobrado, e o convento, aforan a ¿Álvaro? López de Traspenas, veciño de Borraxeiros, e á súa muller, Leonor de Quixada, e a un fillo e neto lexítimos, unha casa en Melide, co seu celeiro na porta de Abeancos, cunha cortiña e nabal que están na feira do campo dos porcos, e dúas hortas máis, unha delas xunto á barbacana, por unha libra de cera «veintena» de renda. Lles aforan, ademais, o que o mosteiro ten en Valladares. *(fol. 33v)*

1603, xuño, 1.

Lope de León, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Sebastián López e á súa muller, veciños de Melide, e a dúas voces, unha casa, na que vivía Gregorio de Basadre, por catro reais a pagar en Sobrado por San Xoán, e coa décima do prezo. *(fol. 34r)*

1454.

Frei Rodrigo, capelán do príncipe don Xoán e abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Vasco Gómez da Ventosa, escudeiro, morador no lugar de Pousada, unha casa en Melide, detrás da rúa de Melide, en dirección a Sancti Spiritus, por unha vida e dúas voces máis, que sexan fillo e neto, por un canon de 13 maravedís de moeda vella, a pagar en Sobrado por San Martiño. *(fol. 34v)* **1464**

Frei Rodrigo, abade de Sobrado e capelán do príncipe, e o convento, aforan a Gómez, mercader, veciño de Melide, e a dúas voces, unha casa na rúa de Melide, por unha renda de 133 maravedís de moeda vella a pagar en Sobrado. *(fol. 35r)*

1465.

Frei Rodrigo, capelán do príncipe e abade de Sobrado, e o convento, aforan a Pedro Dorro e á súa muller María Fernández e a dúas voces un souto para unha casa e unha cortiña, en Melide, por 15 maravedís de moeda vella, pagadeiros en Sobrado en agosto e coa obriga de daren pousada aos relixiosos. *(fol. 35v)*

1478.

Frei Xoán García, abade de Sobrado, co prior e convento, aforan a Rui Gómez e a Maior Alfonso, a súa muller, unha casa e celeiro en Melide, por 60 maravedís de moeda boa a pagar en Sobrado por agosto. *(fol. 36r)*

1492.

Frei Alonso Ibáñez, abade de Sobrado, xunto co prior e convento, aforan a Diego García e á súa muller Catalina Díaz a casa en Melide denominada do *prexel rojo*, e por dúas voces máis, nunha renda de 20 maravedís da moeda vella. *(fol. 36v)*

1444.

Rodrigo Núñez, abade de Sobrado, co convento, aforan a Gómez Freire, morador en San Salvador de Abeancos, unha casa en Melide, por cinco soldos de moeda usual a pagar por San Martiño no mosteiro. *(fol. 37r)*

14[..].

Alonso Ibáñez, abade de Sobrado, co prior e convento, aforaron a Rui Ares de Melide unha casa en Melide, por 13 maravedís de renda, a pagar por San Martiño. *(fol. 37v)*

1263.

Rodrigo Ibáñez, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo Díaz unha casa en Melide, por 20 maravedís a pagar por Santa

María de agosto en Sobrado. *(fol. 38r)*

1418.

Fernando Ibáñez, abade de Sobrado, co convento, aforan a Gonzalo Díaz, escribano, criado do conde don Pedro, unha casa en Melide, por 20 maravedís de renda pagadoiros por San Martiño, coa obriga de daren pousada aos relixiosos e homes do mosteiro. *(fol. 38v)*

S. SALVADOR E S. XOÁN DE TOURIZ. LUGAR DE MADREFENTE.

1166.

María Arias doa ao mosteiro de Sobrado o mosteiro de Touriz, que está preto de Melide, e o que tiña en Pedrada, Petos e Furelos. *(fol. 39r)*

1248, xuño, 1.

Lope López, *miles* de Andabao, doa ao mosteiro de Sobrado as herdades que tiña no mosteiro de San Salvador de Touriz, en San Xoán e en San Paio, tanto eclesiásticas como laicas, e a súa porción na igrexa de Santa María de Vilariño. Faino por remedio da súa alma e a dos seus parentes. *(fol. 39r-v)*

1254, outubro, 26.

Rodrigo Ibáñez, *miles*, fillo de Xoán Fernández de Oleiros, co seu fillo Xoán Rodríguez, doa ao mosteiro de Sobrado, pola súa alma e a dos seus parentes, a sexta da oitava da quinta parte da vila de Touriz, que tiña do seu pai, e a metade doutra sexta que tiña do seu irmán, agás os casais de Nogueiras e Rubeiros, recibindo do mosteiro 20 soldos. *(fol. 39v-40r)*

1258, marzo, 28. Sobrado.

Arias Pérez e Rodrigo Peláez, fillos de María Fernández de Touriz, doan ao mosteiro de Sobrado, e ao seu abade don Xoán, o que lles pertence do mosteiro de San Salvador de Touriz e das igrexas que pertencen a ese lugar, San Xoán e San Paio de Navaza, que terán durante a súa vida, e igualmente a terá Pedro Arias, fillo de Arias Pérez. Fanno por remedio da súa alma e a dos seus parentes. *(fol. 40r)*

1258, maio, 2.

Lourenzo Pérez de Santa Baia de Maadelos, co seu fillo Miguel Lourenzo, doa ao mosteiro de Sobrado as herdades, tanto laicas como eclesiásticas, que ten do seu pai en Touriz. Faino por remedio da súa alma, recibíndoo o mosteiro como familiar e dándolle sepultura. Recibe igualmente do mosteiro 40 soldos. *(fol. 40v-41r)*

1258.

Elvira Pérez vende ao mosteiro de Sobrado canta herdade tiña no mosteiro de San Salvador de Touriz, en San Xoán e en San Paio de Navaza e en Barrio iusano e susano, en Fosacos, en Senra, en Cimadevila e en Fornelos. *(fol. 41r)*

1261, xullo, 15.

Maior Ibáñez de San Lourenzo de Pasteiro, filla de Henrique Pérez e neta de Fernando de Touriz, doa a Fernán Suárez, monxe de Sobrado, en nome do mosteiro, a herdade, tanto laica como eclesiástica, que posúe en San Salvador de Touriz, por remedio da súa alma e a dos seus parentes. Igualmente o fai Diego Arias, *armiger* do pai da dita Maior. *(fol. 41v)*

1294, xuño, 1.

Fernán Xoán de Golán doa ao mosteiro de Sobrado o herdamento que tiña na igrexa de San Salvador e San Xoán de Touriz, e na vila de Barrio a tercia da sexta parte. O fai pola remisión dos seus pecados e os dos seus parentes. *(fol. 41v-42r)*

1266, maio, 15.

Testamento de Vasco López de Ulloa. *(fol. 42r-44r)*

1317, maio, 17.

Testamento de Sancho Sánchez de Ulloa. *(fol.44r-47r)*

[O folio 45 repítese dúas veces, aínda que con texto diferente. Existe, pues, un erro na numeración].

1332.

Frei Fernando, abade de Sobrado, e o convento, demandaron a Álvar Sánchez de Ulloa sobre a propiedade e xurisdicción do couto de Vilouriz, sendo a sentencia favorable ao mosteiro. *(fol. 47r-v)*

1180.

O mosteiro de Sobrado arrenda o lugar de Varra e a leira que chaman «de Minaas» a Xoán Romeu de Touriz, coa obriga de que dea pousada aos monxes. *(fol. 47v)*

1268.

Frei Martiño, abade de Sobrado, arrenda a Martiño Pérez cantas herdades ten o mosteiro en Touriz, no lugar de Faficies. *(fol. 47v)*

1572.

Frei Anxo de Cartaxena, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Francisco López e ao seu fillo Álvaro López, e por dúas voces máis que sexan fillo e neto, o lugar do Pazo de Vilouriz, con todas as súas casas labradías e montesías, por un canon de catro perdices pagadeiras por novembro. *(fol. 47v)*

1625.

Frei Paulo Lirio, abade de Sobrado, co prior e os monxes, aforan a dona Catalina das Seixas, viúva de Xurxo das Seixas, e aos seus fillos menores, o couto de Vilouriz, con outras herdades que se citan. O foro terá a duración da vida de tres reis, comezando polo actual, Felipe IV. A renda estipúlase en catro celemíns de pan, catro libras de cera «veintena» e a cuarta parte do prezo. Así mesmo, á morte de cada rei, pagarán unha libra de cera. *(fol. 48r)*

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. *(fol. 48v)*

1573.

Apeo do couto de Vilouriz. *(fol. 48v)*

1636.

Fíxose Carta Executoria contra dona Catalina pola paga da renda do foro anterior. *(fol. 48v)*

1232, maio, 18.

Froila Alonso, coa súa muller María Pérez, doa e concede ao mosteiro de Sobrado e ao seu abade, don Pedro Ibáñez, a metade duns casais en Santa María de Barazón, no lugar chamado Outeiro, e outra herdade en Goianes. O mosteiro pagaralles 1.050 soldos, cinco becerros, 20 ovellas e cederalles un casal en Sancti Benedicti, que xa Froila Afonsi levaba por forza. *(fol. 48v-49v)*

1439, febreiro, 19.

Xácome López, veciño de Goianes, requiriu a frei Lourenzo e ao convento de Sobrado a que recibisen os atrasos que se debían do couto de Goianes e do casal de Redondo, sito en San Miguel de Maceda, na Ulloa. O mosteiro lle fixo foro de novo de ambos os dous lugares por 160 maravedís. *(fol. 49v)*

1572.

Frei Anxo de Cartaxena, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Pedro de Minayas, mercader da Coruña e á súa muller Leonor López e por dúas voces máis que sexan fillo ou filla, neto ou neta lexítimos, o lugar de Outeiro de Goianes co seu señorío e xurisdicción, o casal de Redondo, sito en San Miguel de Maceda, gañados por Carta Executoria, casas, herdades, montes, prados, etc., en San Vicenzo de Ulloa. A renda estipulada foron cinco reais e medio a pagar por San Martiño. *(fol. 49v)*

1573, febreiro, 14.

Xoan López das Seixas, escribán, notifica a frei Atanasio Morante, abade de Sobrado, en nome de Isabel López, viúva de Xoán López de Liñares, como nai e titora dos seus fillos menores, dicíndolle que lle requería coa paga atrasada que se debía ao mosteiro, facendo presentación desta e do foro, solicitando que non houbese xuízo. *(fol. 49v)*

[O folio 49 aparece repetido, con textos diferentes. Existe, pois, un erro na numeración do libro].

[Século XVI]

O mosteiro tiña a terceira parte da xurisdicción e señorío do couto de Goianes, sendo as outras dúas partes do mosteiro de Sancti Spíritus de Melide. María de Minayas, muller de Pedro de Minayas, vendeu a súa voz a Pedro Varela de Dubra. A Pedro Varela sucedeuno o seu fillo Xurxo Varela de Dubra e aquí terminou a voz do foro. *(fol. 49r bis)*

[Refírese ao foro feito en 1572 a Pedro de Minayas -ver fol. 49v].

1621.

O mosteiro deu a parte da xurisdicción do couto de Goianes, coa de Vilouriz, ao conde de Lemos. *(fol. 49r bis)*

1624.

O mosteiro de Sobrado demanda aos fillos de Xurxo Varela de Dubra e de Catalina das Seixas, presente a súa nai Maior como curadora e «tutriz» deles, sobre o couto de Goianes e o casal de Redondo. O 14 de xuño de 1625 a xustiza fallou a favor do mosteiro. Os demandados recorren e o 2 de setembro de 1626 díctase definitiva sentencia a favor de Sobrado. *(fol. 49r bis)*

1649.

Frei Atilano González, abade de Sobrado, co convento, afora pola vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, a María López Varela, veciña de San Estevo de Vilamor, e aos seus herdeiros, o lugar de Goianes, coas súas casas, corrais, montes, prados, etc. O canon se establece en 20 celemíns de pan a pagar por Santa María de agosto. *(fol. 49r bis-49v bis)*

1573.

Apeo do foro do año de 1573, do lugar de Goianes e Redondo.

(fol. 49v bis-50v)

S. MARTIÑO DE OLEIROS. LUGAR DE CERDEIRA.

1593.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Matías López, veciño de Godelón, á súa muller e a dúas voces máis que sexan fillo e neto lexítimos, os casares e montes

de Cerdeira, por dous capóns de renda pagadeiros por Nadal no mosteiro. *(fol. 51r)*

1573, decembro, 30.

Apeo do lugar de Cerdeira. Diversos testigos declaran que son propiedade do mosteiro. Estaban, neste momento, ermos. *(fol. 51r-v)*

SANTIAGO DE LIÑARES. LUGARES DE CENAGAL E CIMADAVILA.

1593.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gregorio de «encima de villa», veciño de Santiago de Liñares, á súa muller e a un fillo e neto lexítimos, os lugares de Cimadavila e Cenagal, coa condición de colleren a metade destes lugares, polo tiempo e voces del, a Xoán López de Liñares, pagando 22 celemíns de pan por agosto ou setembro. Así mesmo terían que facer fronte aos preitos por herdades en ditos lugares que estivesen vendidas, enaxenadas, etc., e a Carta Executoria que sacasen entregarlla ao mosteiro. *(fol. 52r)*

1598.

O mosteiro de Sobrado executou aos anteditos polos 88 celemíns de pan que debían, restándolles 44 ao argumentar os demandados que tiveran que preitear. Mantense a obriga de continuar os preitos. *(fol. 52r)*

[Finais do século XVI]

Menciónase no documento unha concordia con Xoán Cerce, veciño de Santiago, sobre dúas cargas de trigo que pretendía levar sobre estes lugares de Cenagal e Cimadavila. Gregorio de Cimadevila e Xoán López de Liñares lle deron 70 ducados para que estes lugares quedasen libres, e sen carga ningunha, para o mosteiro. *(fol. 52r)*

1535.

Vasco de Lema renunciou a estes lugares en Xoán de Montemaior, o seu xenro. O mosteiro acepta a renuncia e a continuación do foro. *(fol. 52r)*

1573, decembro, 31.

Apeo dos lugares de Cenagal e Cimadavila. *(fol. 52v-54v)*

SANTALLA DE AGRÓN. LUGAR DE SABILE.

1599.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Xoán Vázquez e a Margarida López, a súa muller, veciños de Santalla de Agrón, e por outras dúas voces que sexan fillo e neto lexítimos, o lugar de Sabile, por unha renda de 12 celemíns de pan a pagar en agosto ou setembro e dous capóns pagadeiros en Nadal. *(fol. 55r)*

1628, abril, 17.

Sebastián Vázquez, fillo dos anteriores, noméase segunda voz do foro do lugar de Sabile. *(fol. 55r)*

1572, decembro, 17. Santalla de Agrón.

Apeo do foro de Sabile, en Santalla de Agrón. *(fol. 55r-56r)*

1598.

Hai unha posesión deste lugar de Santalla de Agrón que a causa de que estaba apestado o lugar non o quixo o escribán dar en 1598. A cal posesión deu o meiriño da merindade de Boente en virtude dunha escritura de foro e poder presentada ante Francisco de Paredes, meiriño de Boente, e lle foi dada a posesión do lugar e casal de Sabille e do lugar da Pena e Villagodín e os autos, poder e foro, etc., testemuñáronse ante Pedro López Varela. *(fol. 56r)*

1547.

Hai unha referencia a un foro antiguo do lugar de Sabile feito a Gabriel Sánchez. *(fol. 56r)*

1568, decembro, 18. Ración.

Beneficios pola sincura de San Mamede de Barreiros e Santalla de Agrón. *(fol. 56v-57r)*

1512, marzo, 14.

Frei Fulxencio, abade de Sobrado, co convento, aforan a Ares García de Barreiro, veciño do lugar de Codeira, xunto a Ourense, e á súa filla Leonor de Noboa e a unha voz, a metade do lugar e herdades de Vilagodín, a metade das herdades de Rendos, que están en Pezobre, por un canon de cinco celemíns de pan a pagar en Sobrado por setembro. *(fol. 57r)*

1576, maio, 7.

García Conde, escudeiro, se nomeou por 3ª voz do lugar de Vilagodín e Rendos. *(fol. 57r)*

1572, decembro, 7. Valladares.

Apeo do lugar de Vilagodín. *(fol. 57r-58r)*

[Hai un erro no copista, que di que é o apeo de Rendos].

1572, decembro, 8. Carballido.

Apeo do lugar de Rendos. *(fol. 58r-59r)*

1512, marzo, 8.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a metade das herdades de Vilagodín e Rendos a Rodrigo Colmelo e a dúas voces máis, por unha renda de dous celemíns de pan anuais. *fol. 59v)*

1514.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Lope Escudeiro, veciño de Melide, pola súa vida e dúas voces máis, a cuarta parte do casal de Vilagodín e a cuarta parte das herdades de Rendos, que lle pertencen por canon de Isabel de Barreiro, que levaba o foro de Sobrado, por unha renda dun celemín de pan. *(fol. 60r)*

[Fol. 60v en branco].

1543.

Frei Lorenzo Alderete, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Xoán Pérez Vallestero, veciño de Melide e a dúas voces máis que sexan fillo e neto, os dous terreos que pertencían ao mosteiro no casal que chaman de Souto, no lugar de Buxán, e outro sexto no casal chamado De cima, tamén en Buxán, freguesía de San Paio de Paradela, no couto de San Antoniño, da que el era foreiro, e outros dereitos nos mesmos casares (montes, árbores, etc.) por dous celemíns de pan a pagar en setembro. *(fol. 61r)*

1550, febreiro, 3.

Xoán Rodríguez Vallesteros nomea no seu testamento a Gabriel Rodríguez Vallestero por primeira voz do foro, que é a segunda da súa orde. *(fol. 61v)*

1573, xaneiro, 3. Buxán.

Apeo das herdades de Buxán, freguesía de San Paio de Paradela. *(fol. 61r-64r)*

MADROFENDE.

1579.

Frei Atanasio Morante, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Xoán López, fillo de Xoán López de Linares e a Isabel López, a súa nai, e a un fillo e neto, o casal de Madrofende, unhas herdades en Senra, outros casares en Valo, o casal de Rubieroa, o casal de Fornelos, as herdades de Ribadas, o prado do linar, a agra dos regos, outras que labran Xoán Cobeiro e Pedro Rodríguez e o xuro de presentar a igrexa de San Xoán de Touriz, por dúas libras «veintenas» de cera postas no mosteiro. *(fol. 64v)*

1571.

Apeo do couto e freguesía de San Xoán de Touriz. *(fol. 64v-68r)*

ARZÚA.

1184, febreiro, 15.

Cresconio Pérez, presbítero e monxe de Sobrado, doa ao abade, don Humberto, e ao mosteiro de Sobrado, varias porcións da igrexa de Santa María de Arzúa e de diversos casais preto da vila. *(fol. 68r-v)*

1280, xuño, 3.

Xoán Pérez, chamado Cortés, crego, doa ao mosteiro de Sobrado a cuarta parte dunha praza no burgo de Arzúa, que linda con outra praza do mosteiro e está ante a praza do Hospital da Ponte de Ribadiso. Mentres viva terá o seu uso, pasando á súa morte ao mosteiro. *(fol. 68v)*

1195.

Domingo Alonso, a súa muller María Ibáñez e os seus fillos, venden a Sobrado e ao seu abade, don Simeón, a oitava parte dunha casa en Arzúa, cos seus dereitos, por 100 soldos. *(fol. 69r-v)*

1206, xaneiro, 31.

Osorio Ibáñez e a súa muller Maior Pérez venden ao mosteiro de Sobrado e ao su abade don Paio, media praza, coa súa saída, no burgo de Arzúa, sobre o camiño, entre a casa de Gudesteo *ferrarii* e Xoán Pellenova, por 50 soldos e dous queixos de roboración. *(fol. 69v)*

1206.

Gudesteo Ferrarius e a súa muller Maior Pérez venden ao abade Paio e ao mosteiro de Sobrado unha casa, e unha parte de outra, no burgo de Arzúa, por un prezo de 150 soldos e 10 ovellas, máis dous queixos de roboración. *(fol. 70r-v)*

1286.

Fernán Pérez Cortés, crego, fixo doazón a Sobrado dunha praza na vila de Arzúa, xunto a onde mora Xoán Pérez, zapateiro, e entre a praza do Hospital e a ponte de Ribadiso. *(fol. 70v)*

[Á marxe: No vale].

1250.

Fernando Odoario, crego subdiácono, fillo de Odoario Odoario e María Pérez, fillos de Pedro Grandie de Castelo, por remedio da súa alma e a dos seus parentes, doa ao abade Pedro Martín e ao mosteiro de Sobrado todas as herdades, tanto laicas como eclesiásticas, que tiña na freguesía de Santa María de Rendal, no casal denominado *trans Ecclesiam*. *(fol. 70v-71r)*

1359, decembro, 2.

Maior Martínez de Arzúa vende a Domingo Ibáñez, celareiro de Sobrado, en representación do abade don Muñoz e do convento, a oitava parte da praza que tiña co mosteiro de Arzúa, por 160 soldos leoneses. *(fol. 71r-v)*

1361, febreiro, 28.

Rui Díaz, crego de Rendal, vende a don Pe-

dro Martínez, prior de Sobrado, en representación do abade e do convento, unha casa en Fornelos, non citándose o prezo. *(fol. 71v-72r)*

1450.

Frei Rodrigo Núñez, abade de Sobrado, co convento, aforan a Fernán Raposo, á súa muller María Pérez e a tres voces, fillos ou fillas, unha casa xunto ás casas do «Caballo manco» que foron de Lope García, notario, e xunto á de Álvaro de San Xoán, por unha renda de seis maravedís vellos. *(fol. 72r)*

1546.

Alonso Núñez, escudeiro, veciño de Santiago, afora a Gabriel Sánchez e á súa muller, veciños de Arzúa, e a tres voces máis, varios formais de casas sitas na vila de Arzúa e os seus arredores, por unha renda de 102 maravedís a pagar en xaneiro e coa obliga de construír nun dos formais unha casa de madeira e pedra no prazo dun ano. *(fol. 72v)*

1548.

Alonso Miniz aforou a Gregorio de Seoane unha casa na vila de Arzúa, como a tiña de foro do mosteiro de Sobrado. Está no fondo de dita vila. A afora coa metade do terreo que está detrás de dita casa, por 51 maravedís anuais, a pagar en xaneiro, e sen podela vender. *(fol. 73r)*

1599.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Alonso Melgarexo Mosqueira e á súa muller dona María de Pedrosa e a un fillo e neto lexítimos, a casa da Torre que está xunto á casa que foi de Alonso Muñiz; un formal que linda con dita casa; a casa do «forno», que está abaixo da da Torre; dúas casas máis no fondo da vila de Arzúa; o formal que está arriba de ditas casas; outra casa xunto á casa do estanque; outra casa xunto desta; tres solos e catro terreos sitos en San Pedro de Lema e as herdades sitas en San Pedro de Abrantes, por unha renda de 24 reais anuais a pagar por San Martiño, e pagar así mesmo a décima. *(fol. 73v)*

1572, decembro, 16.

Apeo das posesións do mosteiro de Sobrado en Arzúa. *(fol. 74r-77r)*

1205, outubro, 21.

Paio Ovéquiz, chamado abade de Sobrado, co consentimento do convento, concede a Petro Martínez de Ribadiso unha praza no burgo de Ribadiso, para que poida construír nela unha casa, a cambio de 18 diñeiros cada año pagadeiros o día de San Miguel. *(fol. 77r-v)*

1269.

Frei Xoán Henríquez, por consello do prior e do cabido de Sobrado, afora a Xoán Muñiz, crego de Ribadiso, os casares de Cartamir e de Ascariz e outras herdades en Ribadiso por unha renda de dous soldos, a pagar desde San Miguel a San Martiño. *(fol. 77v)*

1442.

Frei Pedro Fisteus, con poder, aforou a Gonzalo Ferreiro, á súa muller e a dúas voces máis, un terreo debaixo do terreo de Pedro Corral, que foi de Teresa Ibáñez de Arzúa, por unha renda de 50 «blancas viejas». *(fol. 77v)*

1533.

Relación de bens que o mosteiro de Sobrado aforou na vila de Arzúa a Alonso Muñiz. *(fol. 78r)*

[Século XVII]

Dise no documento que Gregorio Gómez, marido de María García, paga un real pola casa en que vivía Pedro García, ferrador, sen que haxa constancia de que leve ningún foro. *(fol. 78v)*

1599.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Xoán Pérez, e a un fillo e neto, o lugar de Fonte Espín, por unha renda de dous celemíns de centeo, a pagar no mosteiro. Posteriormente houbo un concerto sobre dito lugar e a renda rebaixouse a un celemín. *(fol. 79r)*

[Século XVII]

Faise referencia a que Gonzalo Sánchez, polo que leva do mosteiro en Chenda, paga medio celemín de centeo (segundo consta no Libro da panera do mosteiro). Se informa logo de que os seus herdeiros viven en Chenda e que un se chama Xoán da Vila. *(fol. 79v)*

[Os folios 80 e 81 están en branco].

[Falta o que sería o folio 82].

GRANXA DE FENTE.

1155, decembro, 24. León.

Afonso VII, coa súa muller a emperatriz dona Rica, e cos seus fillos, os reis Sancho e Fernando, doa ao abade don Exidio, e ao mosteiro de Sobrado, o casal ermo de Fente, que fora casa do conde Raimundo. *(fol. 83r-v)*

1155, setembro, 2.

Pedro Suárez, coa súa muller Urraca López, doan ao abade don Exidio, e ao mosteiro de Sobrado, a herdade que teñen en Vila Fente e en Vila Ínsula. Fano pola remisión dos seus pecados e

os dos seus parentes. *(fol. 84r)*

1203, outubro.

Paio Miniz e o seu fillo Munio Peláez, polo remedio da súa alma, doan ao mosteiro de Sobrado canta herdade teñen en Fente. *(fol. 84v)*

1230.

Rodrigo Peláez, crego de Amoexa, manda a herdade que ten en Ínsula de Fente aos seus fillos Paio Rodríguez e Pedro Rodríguez, para que as teñan durante a súa vida, pasando, cando morresen, ao mosteiro. *(fol. 84v-fol. 84Ar)*

[O que sería o folio 85 está en branco por ambas caras. Por iso o denominamos folio 84A]

1163, xuño, 1.

Xoán Pérez e a súa muller Aragonte Díaz, cos seus fillos, venden ao abade don Exidio e ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Vila Ínsula, territorio de Monterroso, que chaman Fente, preto da igrexa de San Martiño de Fente, por 70 soldos. *(fol. 84Av)*

1168, xaneiro, 19.

Paio Fernández, e a súa muller María Peláez, venden ao mosteiro de Sobrado a sexta parte de cada un de dous casais en Ínsula, por dez soldos. *(fol. 85r)*

[Séc. XII-XIII]

Pedro Gordo, a súa filla María e o seu xenro Munio Ibáñez venden ao mosteiro de Sobrado as porcións que posúen en dous casais de Vila Ínsula, por un prezo de 13 soldos. *(fol. 85r)*

[Séc. XII-XIII]

Froila, presbítero, fillo de Paio Froilaz, doa a porción que posuía en Vila Ínsula por remedio da súa alma. *(fol. 85r)*

[Séc. XII-XIII]

Paio Cacheira doa ao mosteiro de Sobrado a súa porción de Vila Ínsula por dous soldos e a súa irmá Mancha a súa por remedio da súa alma. *(fol. 85r)*

1171, maio, 1.

Toda Rodríguez, abadesa, e Onegailda Alonso, priora, e as monxas do mosteiro de Orrea, dan ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Vila Ínsula, por dez soldos *andegauinsium*. Estas herdades as posuían por doazón de Nuño Pérez, aio do rei Fernando, por remedio da súa alma. *(fol. 85v)*

1172, agosto, 1.

Munio Pérez, chamado Lana, a súa muller Maior Peláez, e os seus fillos, doan ao abade Paio e ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Ínsula, territorio de Monterroso, preto da igrexa de San Salvador de Vilanune. Munio Pérez compensa a parte que doa á súa muller en Ínsula co que posúe en Pedrafita de Asma, en Amoexa e en San Tirso, e o mosteiro tamén lle dá a ela *medias* de dous *sarracinos*, medio dun *pulli* e outras compensacións. A doazón a fan por remedio da súa alma e a dos seus parentes. Ademais, Munio Pérez promete observar a Orde, recibindo á súa morte sepultura no mosteiro. *(fol. 86r-v)*

1180, abril, 26.

Fernando, Odoario e Pedro Muñoz, fillos de Muñoz Rodríguez e Marina Fernández, venden ao abade Exidio e ao mosteiro de Sobrado a herdade que posúen en Ínsula, por 125 soldos de moeda forte. *(fol. 86v-87r)*

[O copista equivócase na data que pon no seu resume do documento].

1180, maio, 1.

Exemena Muñoz, con seu marido Xiraldo Pérez, e Marina Muñoz e o seu marido Sancho Odoario, venden ao abade Exidio e ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Ínsula, recibindo a primeira dez soldos *andegavisinus*, e a segunda 60. *(fol. 87r-88r)*

1180, maio, 1.

Domingo Díaz, Xoán Díaz, Paio Díaz e Xoán Díaz, e os seus herdeiros, venden ao mosteiro de Sobrado a súa herdade en Vila Ínsula, por un prezo de 36 soldos e unha *tega de milio* de roboración. *(fol. 88r)*

1180, xaneiro, 19.

Paio Fernández e a súa muller María Peláez venden ao mosteiro de Sobrado a herdade que posúen en Vila Ínsula, que é a sexta parte de dous casais, por 10 soldos. *(fol. 88r)*

1203, outubro.

Paio Muñoz e o seu fillo Munio Peláez, por remedio das súas almas, doan ao mosteiro de Sobrado canta herdade teñen en Fente. *(fol. 88r-v)*

1203

Di o copista que hai otra venda do mesmo año que está no preito, folio 1.020, nº 25. *(fol. 88v)*

1219, xaneiro, 27.

Sancho Martínez de Amoexa vende a frei Froila, *magistro* de Fente e ao mosteiro, a herdade que ten en Vila Ínsula, por 115 soldos. *(fol. 88v)*

Di o copista: «Hasta aqui son todas estas donaciones que el rey emperador había dado al

monasterio, y otros devotos, y el monasterio había comprado, como por ellas parece, y aqui quedan puestas para que haya mas noticia de ellas, y asi se ponen por su orden todas y no habrá escusa que no se lean y para que se siga el pleito». *(fol. 88v-89r)*

1186.

Domingo Odoario, crego e sacerdote de Amoexa, doa ao mosteiro de Sobrado todo o que ten en Amoexa, preto da igrexa de Santa María de Herada, en Froán. Faino por remedio da súa alma e a dos seus parentes e porque o mosteiro o recibiu nos seus beneficios espirituais e temporais, ao tempo que solicita ser sepultado en Sobrado, ao que o abade do mosteiro accede. *(fol. 89v)*

SANTIAGO DE AMOEXA.

1633.

Frei Anxo Tristán e frei Gabriel García, con poder do abade e convento de Sobrado, aforaron a Alonso Vázquez Somoza, pola vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, o lugar de Santiago de Amoexa, sobre o que o mosteiro lle tiña posto preito, deixándollo porque no tiña casa, para que non se ermase e por seren unhas herdades soltas, por unha renda de dúas fanegas e media de centeo de a cinco ferrados, a pagar en agosto, unha libra de cera á morte de cada rei, e a décima das vendas. *(fol. 90r)*

[Século XVII]

Apeo dos bens do foro anterior. *(fol. 90r-91r)*

[Sen data].

Faise referencia a un apeo antigo de dito lugar, que incluía un ferrado menos de terreo. *(fol. 91r)*

1644.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Xoán López Varela das Seixas, veciño de Santa María de Sabadelle, xurisdicción de Chantada, e a Pedro López Varela, o seu irmán, veciño de Santa María de Barazón, o lugar segundo de «caira», sito en Santiago de Amoexa e en San Salvador de Vilanune, coas súas casas e torre, hortas, eiras, árbores, etc., por vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, por seis fanegas de centeo de a cinco ferrados, a pagar en Outeiro de Donas, a décima de todas as vendas e unha libra de cera á morte de cada rei. *(fol. 91v)*

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. *(fol. 91v-93r)*

1570.

Faise referencia a un apeo dos lugares de caira en Santiago de Amoexa. *(fol. 93r)*

FENTE. LUGAR DE MOURELLE.

1227, abril, 13.

Marina Núñez, muller que foi de Xoán Peláez, chamado Roxo, cos seus fillos Munio, Paio, Nuño e María Ibáñez, venden a don Henrique, abade de Sobrado, e ao convento, a herdade que teñen en Vila Mourelle, freguesía de Santiago de Amoexa, por 400 soldos leoneses. *(fol. 93v)*

1268.

Pedro Fernández de Castellón, coa súa muller dona María Lourenzo, apartáronse dunha demanda que tiñan posta ao mosteiro de Sobrado sobre os lugares de Mourelle, en San Estevo de Ansar, posto que comprobaron que a súa avoa os vendera ao mosteiro. *(fol. 93v-94r)*

[Século XVI]

Apeo das propiedades do mosteiro de Sobrado no lugar de Mourelle, freguesía de San Estevo de Ansar. *(fol. 94r)*

OUTEIRO DE DONAS.

1203, maio.

Paio Drici e Marina Drici venden ao mosteiro de Sobrado dúas partes das herdades que teñen en Outeiro de Donas, por un prezo de 34 soldos. *(fol. 94v)*

1203.

Pedro Peláez e Elvira Peláez venden ao mosteiro de Sobrado a parte que teñen en Outeiro de Donas, por un prezo de oito soldos. *(fol. 94v)*

1266.

Vasco López, cabaleiro, fillo de don Lope Rodríguez, mandou ao mosteiro de Sobrado todo o que tiña, tanto laico como eclesiástico, en Vilar de Donas. *(fol. 94v-95r)*

1299, maio, 14.

Martiño Pérez de Castro, xunto cos seus fillos Mariña e Pedro Sánchez, e a súa nora María Yáñez, venden a frei Domingo Pérez, abade de Sobrado, e ao convento, todos os herdamentos que Xoán das Donas tiña na vila de Outeiro de Donas, por un prezo de 270 soldos afonsís da guerra. *(fol. 95v)*

1548.

Francisco de Olivares, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Alonso Marino, á súa muller Isabel González e a un fillo e neto, o casal de

Outeiro de Donas, sito na freguesía de Santa María de Casadenaia, por unha renda de cinco fanegas de centeo, anque, mentres durase o tempo do foro do conde don Pedro, só pagarían catro, aumentándose logo a cantidade. *(fol. 96r)*

1575.

Tentouse facer un apeo das propiedades do mosteiro neste lugar de Outeiro de Donas, pero os apeadores non sabían con exactitude cales eran, por existiren no mesmo lugar outras do cabido de Lugo e de outros señores. *(fol. 96r)*

1640.

Apeo dos bens do mosteiro de Sobrado en Outeiro de Donas. *(fol. 96r-97r)*

1641, setembro, 7.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, arrendou o lugar de Outeiro de Donas a Alonso de Otero, veciño da freguesía de Santa María de Casadenaia, por cinco fanegas de pan, cada unha de cinco ferrados. *(fol. 97r)*

[Século XVII]

Menciónase a existencia dunha pauliña coas súas declaracións e roborada pola xustiza. *(fol. 97r)*

FENTE. LUGARES DOS FERREIROS.

[O folio 97v está en branco].

1474, agosto, 24.

Diego de Muros, bispo de Tui e abade de Sobrado, co convento, aforaron a Fernando Ares Noguerol os casais que o mosteiro tiña en Ferreiros e o lugar de Fente con todas as súas herdades, polos días da súa vida e tres voces máis, por unha renda de catro fanegas de pan pagadeiras por agosto. *(fol. 98r)*

1575.

Apeo das propiedades do mosteiro de Sobrado no lugar de Ferreiros, sito na freguesía de San Cibrao de Ferreiros [Monterroso]. *(fol. 98r-99r)*

2º LUGAR DE FERREIROS

1575.

Apeo do segundo lugar que o mosteiro de Sobrado tiña en Ferreiros. *(fol. 99v-100v)*

RIAL

1512, maio, 4.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo da Graña e á súa muller Inés García e a dúas voces máis que sexan fillo e neto lexítimos, as herdades que o mosteiro tiña en Rial, freguesía de San Andrés de Rial, por unha renda de tres fanegas de pan limpo e bo pagadeiras por agosto ou setembro, e coa condición de construír un celeiro nun prazo de tres anos. A renda tíñaselle que pagar ao conde don Fernando. *(fol. 101r)*

1505

Apeo do lugar de Rial. *(fol. 101r-v)*

CASTENDA.

1233.

Fernán Núñez, Sancho, Urraca Díaz, Teresa Díaz, Urraca Fernández e Pedro Arias venden ao abade don Humberto e ao mosteiro de Sobrado as porcións que tiñan en Casteneira. O mosteiro pagou un total de 155 soldos. *(fol. 102r)*

1573.

Apeo do lugar de Castenda. *(fol. 102v-103r)*

LUGAR DE ULLOA.

1573.

Apeo do lugar de Ulloa, freguesía de San Salvador de Valboa. *(fol. 103v)*

LUGAR DE VILA.

1582.

Frei Atanasio Morante, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Miguel Fernández, veciño da vila de Chantada e a Inés Varela, a súa muller, e un fillo e neto lexítimos e de lexítimo matrimonio, tendo o dito Miguel que nomear, antes de falecer, ao fillo, e o fillo ao neto, estando obrigados estes últimos a nomear e presentar por voces e foreiros ao dito mosteiro nun prazo de corenta días, so pena de perder o foro, o lugar e casal que se di de Vila, freguesía de San Paio de Arxiz, por unha renda de catro fanegas de pan, a pagar na granxa de Fente polo tempo do foro do Conde, e despois no mosteiro. *(fol. 104r)*

1573.

Apeo do lugar de Arxiz. *(fol. 104r-105v)*

HERDADE DOS CORVOS.

1184, xaneiro, 1.

Paio Pérez e a súa muller María Peláez venden ao mosteiro de Sobrado catro partes da herdade que teñen na vila de Outeiro, que chaman dos Corvos, que está no término de Fente, por 50 soldos de moeda forte e un *sextario* de pan en roboración. *(fol. 106r)*

1184, xaneiro, 1.

Os mesmos do documento anterior venden

outra cuarta parte do mesmo lugar, así mesmo por 50 soldos e outro *sextario* de roboración. *(fol. 106r)*

1184, xaneiro, 1.

Os mesmos do documento anterior dan ao mosteiro de Sobrado catro porcións no lugar «dos corvos» por 50 soldos e un *sextario* de roboración. Ese diñeiro foille pagado por Xoán Luna, que lle deu 30 soldos, e os freires de Fente, que lle deron os outros 20.

Igualmente, Pedro Fernández e a súa muller Marina Rodríguez dan ao mosteiro, pola súa alma, a súa porción no Agro de «petra Alva». *(fol. 106v)*

HERDADES ANEXAS DE FENTE.

1573.

Dise que nun apeo dese año declarou Francisco de Fente que existían unhas herdades anexas á granxa, das que leva o Conde, de renda, dúas fanegas de centeo, e Teresa Alonso e Xoán de Gaioso catro fanegas e dous capóns. Afirma que non as pode demarcar por estaren mesturadas con outras propiedades. *(fol. 107r)*

HERDADE DE HERMIDA.

1570.

Pedro da Graña, crego, declarou no apeo efectuado este año as herdades de Hermida, anexas á granxa de Fente, e sitas na freguesía de Santa María de Olveda. *(fol. 107v)*

1270, xaneiro, 15.

Martiño Pérez, María Pérez e Marina Pérez, fillos de Pedro, chamado Avana, venden a Xoán Henríquez, abade de Sobrado, ao prior maior, Xoán Pérez, a Pedro Díaz, celareiro dos Camiños e Monterroso, e ao convento, o que teñen do seu pai na freguesía de San Martiño do Mato, en terra de Asma, concretamente os casares que chaman Campo. Non se especifica o prezo. *(fol. 108r)*

[Século XVI]

Pedro de Graña declara que os lugares dos Campos, que están na freguesía de San Martiño do Mato, son tres, e os levan polo mosteiro Pedro de Camba e Lope de Taboada. *(fol. 108r)*

[Fol. 108v en branco].

1225, maio, 2.

Afonso IX confirma a doazón, feita ao mosteiro de Sobrado e ao seu abade don Exidio polo emperador Afonso VII en León, *VIIII calendas ianuarii* de 1155, do casal ermo de Fente. *(fol. 109r-110r)*

1509.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado e visitador xeral do Císter, co convento, aforan ao conde Fernando de Andrade e á condesa Francisca de Zúñiga, e a tres voces máis, as freguesías de San Andrés de Roade, Guitar e Nogueira, cos beneficios das sincuras e a xurisdición alta e baixa; a granxa de Fente cos seus anexos; o couto de Vilouriz coa presentación do beneficio e a xurisdición civil e criminal; os casares de Viga, de Vilariño e de Nogueirosa; o casar de Vilarquite, sito na freguesía de Mandiáa; a presentación da metade da igrexa de San Cosme de Nogueirosa coa súa parte da cura; as tres partes que pertencen ao mosteiro no casar de Vila Dónega e a metade do monte de Prioiro, por unha renda anual de 2.000 maravedís pares de brancas a pagar no mosteiro, e coa obriga de que o conde ampare a este. *(fol. 110v)*

1538.

O conde Fernando de Andrade declarou o contido no foro anterior. *(fol. 110v)*

Cítase o testamento do primeiro conde de Monterrei, dicíndose que está neste libro, no folio 159 [o cal non é certo]. *(fol. 110v)*

[Século XVI]

Apeo da granxa de Fente e os seus anexos. *(fol. 110v-111r)*

[Fol. 111v en branco].

SAN XIAO DO CAMIÑO.

1193, outubro, 23. Zamora.

Comeza este folio cun curioso comentario do escriba, no que se queixa de que tendo existido no mosteiro «tantos santos monjes y ocupado a muchos en el officio de archivista en el archivo, ayan sido tan omisos en sacar y poner en luz el coto de S. Jiao del Camino», dado que dende a data da primera doazón, en 1193, ata o momento no que se redacta o libro, 1655, «estava muerto y sin tener en los tumbos mas de que se apeo, y se saco carta Executoria contra el Marques de Sarria y dos o tres foros, y porque se sepa del y quien le dio ao Mº y de la demarcación, Rentas y foros. Lo pondre aqui. Tiene Jurisdicion Civil y Criminal y el Pe Abbad del Mº pone su merino y lleva sus penas de camara y manda tomar sus Residenciales y oficiales de justicias y a escrivanos u Alguaciles como señor de dicho coto, el qual le avia dado al Mº Alonso Rz y se le confirmo el Rey D. Alonso y

le hace merced al dicho Mº, que es del tenor siguiente:

(Segue a confirmación de Afonso IX da doazón que fixera da igrexa de San Xiao de «Ulloa» [do Camiño, en Palas de Rei], ao mosteiro de Sobrado, Afonso Rodríguez, co reguengo de dito lugar). (fol. 112r-v)

1552, decembro, 11.

Apeo da granxa de San Xiao do Camiño. *(fol. 113r-v)*

[Século XVI]

María Vázquez, viúva, vende unha casa na granxa de San Xiao do Camiño por 19 ducados. *(fol. 113v)*

1581.

Méncionase unha Carta Executoria librada na Chancelería de Valladolid contra don Fernando de Castro, marqués de Sarria, sobre a xurisdición da granxa de San Xiao do Camiño e todo o a ela anexo. *(fol. 113v)*

1637.

Fíxose Carta Executoria contra Andrés Vázquez da Graña e consorte, na Coruña. *(fol. 113v)*

1577.

Alonso Ruiz, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Gregorio da Graña e á súa muller Marina Ibáñez e dúas voces máis, que fosen fillo e neto, todo o pertencente á granxa de San Xiao do Camiño, e a xurisdicción civil e criminal de dito lugar, por unha renda de 30 celemíns de pan a pagar por agosto na tulla do mosteiro, dous carneiros por San Xoán, e a décima do prezo. *(fol. 114r-v)*

1630, novembro, 12.

A Andrés da Graña, veciño de San Xiao do Camiño, como neto lexítimo de Gregorio da Graña, convenlle ser a terceira e última voz do foro desta granxa. Por tal se nomeou. *(fol. 114v)*

1646, maio, 7.

Andrés da Graña, neto de Andrés da Graña, é a última voz da metade da granxa. Lle requiriu frei Malaquías que se nomease por terceira e última voz do foro, e se nomeou. *(fol. 114v)*

[Pode comprobarse que entre os dous documentos existen contradicións].

1604, febreiro, 23.

Andrés Vázquez da Graña vendeu, con licencia de frei Lope de León, a Miguel López da Graña a metade do foro que tiña, polo cal pagaba ao mosteiro sete celemíns de pan e un cuarto de carneiro polas voces do foro. *(fol. 114v)*

1637.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Alonso Vázquez Tato, e á súa muller e fillos, pola vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, a cuarta parte do lugar de Graña, por unha renda de nove celemíns e medio de pan, a pagar en agosto, un carneiro duns dous anos de idade, a décima do prezo e unha libra de cera á morte de cada rei. *(fol. 115r)*

[Século XVII]

Apeo do lugar da Graña, pertencente á granxa de San Xiao do Camiño. *(fol. 115r-116r)*

1650.

Frei Nicolás de Cabezón, prior e presidente de Sobrado, e o convento, aforaron a Gregorio Vázquez da Graña, vasalo do mosteiro, pola vida de tres reis, a cuarta parte da granxa da Graña, por unha renda de oito celemíns de pan a pagar en agosto, medio carneiro por San Xoán e a cuarta parte do prezo. *(fol. 116v)*

[Século XVII]

Demarcación e apeo do foro anterior. *(fol. 116v-117r)*

1637.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Andrés Vázquez da Graña, veciño de San Xiao do Camiño e a Alonso López, veciño de Vilamaior de Ulloa, pola vida de tres reis e para as súas mulleres, fillos e herdeiros, a cuarta parte da granxa de San Xiao do Camiño, por unha renda de oito celemíns e medio de pan a pagar en agosto ou setembro, un carneiro por San Xoán e unha cuarta, a décima do prezo e unha libra de cera á morte de cada rei. *(fol. 117v)*

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. *(fol. 117v-119v)*

1650.

Frei Nicolás de Cabezón, prior e presidente de Sobrado, co convento, aforaron a Bernardo Gómez das Seixas, veciño de San Martiño de Carnexa, pola vida de tres reis, a metade da granxa da Graña, por unha renda de 18 celemíns de pan a pagar en agosto ou setembro, un carneiro bo ou nove reais no seu lugar, unha libra de cera «veintena» á morte de cada rei, dous pares de capóns pola licencia de trocar e a cuarta parte do prezo. *(fol. 120r)*

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. *(fol. 120r-v)*

HERDADES DE FREXO E PORTICELO.
1599.

Frei Martiño Ordóñez aforou a metade das herdades de Frexo e Porticelo, sitas xunto a San Xiao do Camiño, a Xoán López de Pambre, veciño da xurisdicción de Vilamaior de Ulloa, e a un fillo e neto, por unha renda de dous celemíns de pan. *(fol. 121r)*

1598.

Apeo das herdades de Frexo e Porticelo. *(fol. 121r-v)*

1620.

Frei Nicolás Bravo, e o convento, aforaron a xurisdicción civil e criminal e o vasalaxe do couto de San Xiao do Camiño, pola vida de tres reis, ao doutor don Xurxo Arias Noguerol, por unha renda de 400 maravedís a pagar no Nadal, podendo o mosteiro entrar con vara para a súa cobranza. *(fol. 122r)*

1620.

Dise que morreu Felipe III e comezou a reinar Felipe IV, pasando a estar o foro anterior en segunda vida. *(fol. 122r)*

Dise que o apeo desta granxa está xa reseñado no folio 113. *(fol. 122r)*

[Fol. 122v en branco].

S. SALVADOR DE LARO EN TERRA DE DEZA.
LUGARES DE SANTES E S. MARTIÑO DE FREXO.
1599.

Frei Atanasio Velázquez, e o convento, aforaron a Álvaro Varela e á súa muller Catalina de Rojas, polas súas vidas e as dun fillo e neto lexítimos, que se nomearán nun prazo de 30 días despois da morte do que leve a voz, os lugares e casas que se din de Sante, de San Martiño e de Frexeiro, sitos en San Salvador de Laro, xurisdicción do Foxo de Deza, por unha renda de oito celemíns de pan a pagar en agosto ou setembro, facer apeo dos bens á súa costa, dando traslado ao mosteiro, e a décima do prezo. *(fol. 123r)*

1599.

Apeo dos lugares do foro anterior. *(fol. 123r-124Br)*

[Existe un erro na numeración dos folios, aparecendo repetido tres veces o 124. Por este motivo numerámolos do xeito seguinte: 124r-124v, 124Ar-124Av e 124Be-124Bv]

[Fol. 124Bv en branco].

FILGUEIRA.
1233, xullo, 2.

Testamento do cabaleiro Rodrigo González de Borraxeiros. *(fol. 125r-v)*

1614, febreiro, 18.

Frei Bernardo Granero, abade de Sobrado, en nome do mosteiro, e Estevo de Castro, rector de Augas Santas, fixeron unha concordia entre eles sobre a renda que se pagaba ao mosteiro do lugar de Filgueira, e se concertaron polas rebaixas en seis celemíns de pan a pagar en agosto e outros dous celemíns e medio de pan cada ano postos en casa do mordomo, no couto da Graña, por agosto ou setembro. *(fol. 125v)*

1643, abril, 20.

Catalina Vázquez de Saa, viúva de Gregorio Carneiro, veciña da freguesía de San Martiño de Curvián, dixo que cedía e traspasou toda a voz que tiña no lugar de Filgueira ao mosteiro de Sobrado, para que pudiese seguir o preito que tivese dito mosteiro sobre os bens. *(fol. 125v)*

1643, maio, 16.

Concordia entre o mosteiro de Sobrado e Ares Conde de Quiroga e Monterroso. O dito Ares Conde dá ao mosteiro dous celemíns e medio de pan de renda dos oito que lle pagaba Alonso Vázquez Tato, apartándose o mosteiro do preito que lle tiña posto ao dito Ares Conde. *(fol. 125v-126r)*

[Sen data].

Cítase unha declaración que figura nun apeo pola cal Fernando de Saa e Alonso González se obrigan a pagar os cinco celemíns de pan, como antigamente se pagaran, que figuran no foro anterior. *(fol. 126r)*

1573.

Menciónse que se fixo un apeo de Fente. *(fol. 126r)*

[Fol. 126v en branco].

PORTOMARÍN.
1177, xuño, 8. Sobrado.

Sancho Pérez e a súa muller Marina Muñiz testan ao mosteiro de Sobrado a metade dunha casa que posúen en Portomarín, baixo a igrexa de San Pedro, dándolles o mosteiro, durante a súa vida, unha renda anual de 20 anguías e rezando polas súas almas. *(fol. 127r)*

1206.

Pedro Núñez doa ao mosteiro de Sobrado, e ao seu abade don Paio, unha casa coa metade dun forno na vila de Portomarín. *(fol. 127r)*

1206.

Lope Peláez vendeu ao mosteiro de Sobrado un cuarto de casa en Portomarín, na freguesía de San Pedro, por un prezo de 400 soldos. *(fol. 127r)*

1206.

Don Elías de Portomarín, e a súa muller dona Sancha Ordóñez, venderon a don Paio, abade de Sobrado, e ao convento, a metade dunha casa, e da outra metade a cuarta, en Portomarín, freguesía de San Pedro, por 80 soldos. *(fol. 127v)*

1624.

Frai Anxo Tristán, prior e presidente do mosteiro de Sobrado, e o convento, aforaron a Andrés Verín, polas vidas de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, unha casa e horta en Portomarín, por unha renda de 28 reais anuais, a pagar por San Xoán, e a décima parte do prezo. *(fol. 127v)*

[Sen data].

Menciónase a existencia dun apeo no libro de Custodia, folio 281. *(fol. 127v)*

1623.

Menciónase que se fixo neste ano unha Carta Executoria desta casa. *(fol. 127v)*

SANTALLA DE TEILÁN.
[Séculos XII-XIII]

Xoán Fernández doa ao mosteiro de Sobrado, por remedio da súa alma, da da súa nai e os seus irmáns, diversas herdades en Santalla de Teilán. *(fol. 128r)*

1490.

Pedro Segura, Primado de España, diríxese ós católicos invitándos ás mobilizacións, á Cruzada. Eloxia a figura de Alfonso XIII no medio do entusiasmo republicano. Isto provoca un malestar xeneralizado entre a poboación, que verá a súa plasmación nos feitos de maio, xa reseñados. A queima de conventos non causou víctimas mortais pero foi un duro golpe para o réxime, xa que os elementos antirrepublicanos aproveitan os feitos para condenar ó Goberno Provisional e á súa política, non só naquél intre senón ó longo dos anos trinta. A expulsión de Segura e Mújica é respostada coa negación do *placet* ó novo embaixador de España no Vaticano, Luis de Zulueta. No Congreso dos Deputados, a defensa da Igrexa corresponde á minoría máis extremista do hemiciclo, encabezada por Gil Robles, que acada un protagonismo destacado co enfrontamento con Manuel Azaña.

Polo tanto, atopámonos unha parte mínima da xerarquía que tenta conxeniar Madrid e Roma -Tedeschini ou Vidal i Barraquer-, e outra que enfronta á sociedade con tódalas consecuencias -Mateo Mújica, Gomá ou Pedro Segura-.

6. Gil Pecharromán, Julio: *La Segunda República*, Madrid: H16, 1989, pp. 35-36.
7. O decreto de Juan Pablo II de marzo de 1986 que recoñecía o martirio, aludía á anécdota onde a irmá Teresa del Niño Jesús recibiu dun parente unha carta cun ¡Viva la República!, e a monxa contestoulle «A tu viva la República contesto yo con un ¡Viva Cristo Rey!», Raguer, Hilari: «La cuestión...», art. cit., p.223.

1.- O TRATAMENTO XORNALÍSTICO

A queima dos edificios relixiosos, así como o seu desaloxo tiveron eco nos medios do momento. Por unha banda, os xornais de carácter progresista e anticlerical farán recai-las culpas en elementos indesexables, axenos ó réxime republicano. Por outra, as páxinas da oposición tacharán ó goberno de flexible á anarquía.

1.1.- A LIBERDADE DE CULTOS

Xa no mes de abril comezan os primeiros enfrontamentos a propósito da liberdade de cultos que se propugna dende o goberno provisional. Isto é un dos puntos programáticos asinados polas forzas políticas no Pacto de San Sebastián. Debido a esta presencia, un dos primeiros artigos que se refiren ó tema en *El Socialista* -voceiro do PSOE- analiza a tolerancia que emana da nova lexislación contra a que a Igrexa só pon atrancos (8). Para o articulista, os católicos, os protestantes ou os ateos teñen que gozar das mesmas prerrogativas e isto só o entende parte da xerarquía eclesiástica. O primeiro motivo de algarabía é a supresión da obrigatoriedade da misa nos cuarteis, o segundo, obrigar ós sacerdotes a que dende os púlpitos só se ocupen dos problemas relixiosos e non dos políticos. Para os socialistas, a europeización de España pasa pola laicización da sociedade; o importante non é ser ateo senón respetuoso con tódolos cultos (9).

Do mesmo xeito se expresa nos primeiros días de proclamado o réxime republicano o rotativo *El Imparcial*. Dende as súas páxinas abógase por unha lei que prohiba as manifestacións exteriores do culto católico, pero mentras non exista, «estas tienen pleno derecho a realizarse». O que pretenden é o establecemento dun consenso por parte das forzas políticas en torno á liberdade de cultos e creencias, criticando os abusos da Igrexa ou do goberno cando se produzan.

Esta postura progresista é posta en tela de xuicio a través de *El Debate* ou do *ABC*, medios de información escrita madrileños que teñen o seu altofalante en Galicia a través de *La Región* de Ourense, *El Ideal Gallego* de A Coruña e *El Compostelano* de Santiago. Este último está patrocinado polo arcebispado, sendo un dos que máis se enfronta á lexislación laica do executivo provisional. A través de múltiples colaboracións pretende facernos comprende-la necesidade de ensinanza relixiosa. Ó seu xuizo, é a única que inflúe positivamente na consciencia do neno, que o fai frear cando sexa un home ós impulsos revolucionarios (10). Máis contundentes serán as afirmacións de *La Región*. Farase eco da polémica creada polo Gobernador de Valencia José Centeno, que ó tomar posesión do cargo foi visitar á Virxe dos Desamparados, patrona da cidade, sendo censurado por iso. A raiz deste feito os columnistas do xornal pregúntanse onde se atopan a liberdade que trouxo a República, «se pide respeto para quién no cree, pero respeto ni sombra de salvedad para quién cree» (11). Tómanse traballos de *El Debate* coa intención de convencer ós lectores da necesidade de mostrar entereza ante a lexislación laica promovida polo executivo. España -para estes medios conservadores- é consustancial á catolicidade e isto non se pode abandoar. É motivo suficiente para enfrontarse ó réxime (12).

8. «Refunfuños clericales», *El Socialista*, ano XLVI, nº6924, 18 de abril de 1931, p. 1.
9. «El predominio de la Iglesia», *El Socialista,* ano XLVI,nº 6925, 19 de abril de 1931, p. 1.
10. «Libertad, libertad,libertad», *El Compostelano*, ano XII, nº3329, 8 de maio de 1931, p. 1.
11. «Pero sólo para los republicanos», *La Región*, ano XXII, nº6237, 25 de abril de 1931, p. 1.
12. «Un gran sacrificio colectivo», *La Región*, ano XXII, nº 6237, 30 de abril de 1931, p. 1.

Un dos principais frontes de batalla que establece o xornal é en referencia ó Estado laico que presumiblemente ía sair das Cortes Constituintes. Se o voceiro socialista aboga pola liberdade e a tolerancia, a reacción vía nesas palabras sinónimos de persecución, sometimento da Igrexa ó poder civil e clerofobia (13). Isto é unha resposta ó dirixentes socialistas, que na loita laicizadora contemplaban a sumisión da Igrexa Católica xa que non competía en igualdade de condicións coas relixións.

1.2.- REACCIÓNS ANTE AS MANIFESTACIÓNS DO CARDEAL PEDRO SEGURA

A segunda cuestión que compre analisar a través dos xornais é o ataque -por parte dos republicanos- e a defensa -bandeira enarbolada pola reacción- do Cardeal Primado de Toledo, Pedro Segura. O problema xurde coa defensa encarnizada que realiza de Alfonso XIII e da monarquía, algo que senta mal entre as ringleiras republicanas en xeral, e socialistas en particular. Estes mostran o seu enfado a través dunha serie de artigos, onde entre outras cousas, decían del que o seu carácter cortesano está por riba do de clero xa que tódalas preeminencias das que disfruta débellas á monarquía «la consustancialidad de ésta no es con España, es con él» (14). O que máis lle preocupa é que non poida aceptar ás novas autoridades, algo que xa fixeron outros membros da xerarquía eclesiástica como os bispos de Barcelona ou Tarragona. Será un dos personaxes máis odiados do clero tanto polo seu pasado como polo presente. O progresismo en xeral non pode permañecer en silencio ante argumentos como «que caigan sobre España todos los males si triunfara la República». Así, unha das mellores fórmulas que se atopa para loitar contra estes infundios é mostrar como os mesmos curas son os que incumpren os preceptos evanxélicos, «el clero se presta a la codicia y no al sacrificio, ¡cómo si con el oro pudiese lavar la mancha del crimen!» (15).

Temos, xa que logo, as críticas vertidas polos socialistas hacia a figura do cardeal Pedro Segura, atendendo ás súas declaracións e a súa belixerancia coa réxime. En fronte a esta actitude atopamos a defensa que do Primado se fai dende as páxinas de *El Compostelano*. Amosarase contrario á postura do goberno, afirmando que o ministro de Xustiza ten presa en «enfrontarse con la Iglesia Católica», xa que as pastorais do purpurado son «inofensivas». Tan só se lle pode achacar -segue afirmando o rotativo santiagués- o feito de solicita-lo voto a prol dos candidatos que defenden «las sanas ideas conservadoras». Advírtelle ó goberno que os monárquicos poderán camiñar hacia a República, pero o espíritu católico non se esquence tan facilmente «la discordia religiosa puede destrozar muchas cosas en España. Y en esta lucha sería el gobierno quién menos tardara en hacerse pedazos». Estas palabras proveñen dun artigo de *La Nación* de Madrid, medio de comunicación fundado por José Calvo Sotelo.

Co trunfo das candidaturas republicanas o 14 de abril, a dereita fragmentouse en múltiples grupos e en individualidades que actuaban pola súa conta. O campo que brindou o conflicto relixioso foi acollido como auga salvadora por estes sectores. Durante 1931 e parte de 1932 desenvolverán a súa loita contra o sistema atacando á lexislación laica republicana, ou defendendo ó clero das supostas vexacións que contra el se cometían. Aquí é onde se inscriben estes comunicados sobre a figura de Pedro Segura. Ó mesmo

13. «El Estado laico», *La Región*, ano XXII, nº 6240, 5 de maio de 1931, p. 3.
14. «¿Qué hace el Cardenal?. Con «él» estería mejor», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6927, 22 de abril de 1931, p. 1.
15. «Martínez, Narciso: «La Religión», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6963, 20 de xuño de 1931, p. 5.

tempo, non comprenden o odio que o executivo supostamente lle profesa ás ordes relixiosas. España -afirma *El Compostelano*- débelle ós monxes e curas a Reconquista, a colonización americana e a defensa nacional ante «las tropas que invadían entonando la Marsellesa». Isto é un ataque solapado ós republicanos, xa que o himno galo era a súa particular canción para expresa-las liberdades conquistadas. Xúnguese catolicismo e España, porque «el más desinteresado auxiliar de España en su política fue la Iglesia Católica» (16). Nos mesmos termos se expresa *La Región*. Os articulistas que aquí escriben móstranse favorables á República sempre que respecte á relixión católica. En realidade, para eles, os verdadeiros inimigos do réxime son os que atacan á Igrexa, xa que é o mesmo que si llo fixeran a España. Este xornal, para demostrar que a pastoral de Pedro Segura non era ofensiva, decide reproducila integramente nas súas páxinas. A sabiendas de que estas declaracións ían molestar ós dirixentes republicanos, o rotativo ofrécellas ós seus lectores integramente. A omisión de calquer tipo de puntualización é un síntoma claro de total aceptación do dito no escrito.

1.3.- A QUEIMA E DESALOXO DOS EDIFICIOS

As declaracións do Cardeal Primado foron o primeiro estoupido da súa crise relixioso-política que tivo que afronta-lo goberno provisional. Nos seguintes días acontecen os incendios e desaloxos de edificios relixiosos na capital do Estado, así como nas principais cidades do resto da xeografía española. O día 10 de maio, e sobre todo o 11 dese mes, o país viuse colapsado pola actitude das masas. Os xornais que estudiamos, ante uns feitos tan palpables, non coincidirán na relación do sucedido. Para *El Socialista* todo resposta a «insensatas provocacións» dos monárquicos, unha «clara ofensiva antirepublicana» (17). A UXT e o PSOE manifestan a través das súas páxinas que todo é froito dunha provocación monárquica e solicitan ós seus afiliados que non caigan na trampa. As XX.SS. -Xuventudes Socialistas- pretenden a liberdade e non a libertinaxe -continúan afirmando-. Os relixiosos non se ven como víctimas, xa que fuxían dos edificios; logo estaban avisados. Dende as ringleiras socialistas non se quere exculpar ó clero nuns feitos onde aparentemente son víctimas. Para *El Socialista,* os únicos que descoñecían estes manexos eran as xentes do común, o pobo. Chégase ó extremo de culpar ós frailes de prende-lo lume -Convento das Maravillas, Madrid- (18). Os artigos deste medio analisan en maior medida ós culpables da queima, que ós feitos en sí. Así mesmo, non atopamos referencias ó acontecido na Coruña, supostamente pola súa menor envergadura.

Pola contra, *El Imparcial* sí nos relata o acaecido na cidade herculina o dia 13. De novo, a culpabilidade recae en «elementos monárquicos provocadores». Redáctasenos a relación dos feitos -manifestación dos obreiros, reunión na praza de María Pita, peche de edificios relixiosos...-, mais sen nengún xuizo de valor. Sinálase, iso sí, a calma coa que as autoridades se enfrontaron ós feitos, así como o pobo non prende lume ás residencias relixiosas. Tamén se destaca a acción das forzas de orde -policía e Garda Civil- na protección dos edificios. Os artigos por nós consultados, respostan máis a un sentido laico que

16. Cigur, Goñi: «Para que sirven los religiosos», *El Compostelano,* ano XII, nº 3370, 7 de xullo de 1931, p. 1.
17. «El domingo se produjeron sangrientos sucesos y ayer fueron incendiados numerosos conventos», *El Socialista,* ano XLVI, nº 6943, 12 de maio de 1931, p. 1.
18. «Los incendios de conventos», *El Socialista,* ano XLVI, nº 6948, 17 de maio de 1931.

anticlerical (19). Ó mesmo tempo destácanse as queimas sucedidas en Málaga, Alacante, Cádiz, Sevilla e Zaragoza. Dende as editoriais deste medio o que se pretende é a normalización da situación política nos convulsos primeiros meses da II República. Si por unha parte se critica a actitude de cerrazón da Igrexa Católica, por outra faise o mesmo cos escesos de determinados grupos. Ainda deste xeito, ó tratarse dun medio laico, non resiste otorgarlle a inocencia ó clero, facéndoo partícipe dalgunhas destas luctuosas accións. De novo os xesuitas levan a pior parte, tanto dende as ringleiras socialistas como dende as republicanas.

Ceñíndonos máis a Galicia, *La Voz de Galicia*, fai a súa primeira referencia ó problema da queima de edificios relixiosos moi cedo, o 21 de abril. Nesta data relátasenos o incendio dunha capela no concello de Trives (Ourense) (20). Ó dia seguinte hai referencia ó templo de Niñodaguía (Españaredo, Ourense), co tento de prenderlle lume, pero a rápida actuación do vecindario non o permitiu. A carón disto, aparecen moitas informacións que fan referencia ó clero que acata ó novo réxime. O tratamento que fai o rotativo coruñés da problemática clericalismo-anticlericalismo na nosa terra non é moi abundante, ata que acontecen os incendios en Madrid. Unha causa deste feito, o noso xuizo, refírese á tirada de exemplares, que se restrinxía practicamente á Coruña e alrededores, chegando a poucas zonas máis. As novas que facían referencia á queima de edificios relixiosos son mostradas ó tratarse dun tema candente no momento. Isto verifícase na primeira quincena de maio.

Xa o dia 12 aparecen referencias ó acontecido en Madrid en breves reseñas. Ó mesmo tempo tense que deixar de manifesto como as autoridades civís están en contra do acontecido. Transcríbense unhas declaracións do alcalde da capital, onde pode lerse como os «generosos» acuden a apaga-las llamas, xa que «si se regocijasen con ellos, tan sólo favorecerían a los enemigos del régimen» (21). Na descripción dos feitos, *La Voz de Galicia* coincide en liñas xerais con *El Socialista* e *El Imparcial*. Sí ben as accións pirómanas foron levadas a cabo por incontrolados, os moradores dos edificios non foron meros espectadores, tamén participaron de cheo no sucedido. Os membros da Compañía de Xesús fuxiron disfrazados, e algúns botaban vivas ó rei. Deste xeito tampouco aquí se mostra ó clero como víctima, tamén eles foron violentos. Cando este actúa contra os relixiosos dase a entender que foi en defensa propia, resposta ás continuas provocacións daqueles. A crónica relata como un grupo de xente percorre a cidade vella herculina, e vai desaloxando ós moradores de varias Residencias: a dos xesuitas, Capuchinos e Maristas. Logo foron dispersados, e os mesmos republicanos -continúa narrando o xornalista-, son os que custodian os edificios. Na fachada de cada un deles rezaba un cartel onde se podía ler: «Pueblo: Respeta este edificio. Desde hoy es tuyo pues es de la República» (22). Todo remata na praza do concello cun mitin onde falan Luis Tato -obreiro-, Fernando Domínguez -estudiante-, José Sánchez -carpinteiro- e García Labella - Gobernador Civil-. Destácase, por riba doutras apreciacións, como non houbo incendios gracias á acción do alcalde, Angel Senra.

Coa lectura dos tres xornais, decatámonos, entre outras cousas, do tento de minimiza-los feitos, por parte dos sectores republicanos. Preténdese analisar como acontecementos

19. «Evacuación de todos los conventos en La Coruña», *El Imparcial,* ano LXVI, nº22112, 14 de maio de 1931, p. 6.
20. «Iglesia quemada», *La Voz de Galicia,* ano 50, nº 15957, 21 de abril de 1931, p. 8.
21. «Para que no quemen más conventos. Corazones generosos», *La Voz de Galicia,* ano 50, nº 15976, 13 de maio de 1931, p. 4.
22. «Lo que ocurrió anoche en La Coruña», *La Voz de Galicia,* ano 50, nº 15976, 13 de maio de 1931, p.4.

aillados, e nos que os protagonistas son actores que están en contra do sistema. Deste xeito, aplaudese ó goberno provisional e ós sindicatos; e pola contra censúranse ó clero e ós grupos monárquicos por provocadores. A actitude destes últimos será oposta completamente, como imos ver de seguido a través dos seus medios de expresión.

Ante os mesmos feitos, a crónica cambia, ó incidir nuns feitos en vez de noutros. Isto é o que se leva a cabo dende *El Compostelano*. Así, o 11 de maio refírese ó acontecido en Madrid, reseñando como o principal instigador ó pobo, xa que cando os bombeiros pretendían apaga-lo lume este oponse. Cando un xove grita «¡Viva Cristo Rey!», e logo foi «agredido por las turbas» (23). Polo tanto, xa se aprecia como o talante deste xornal é diametralmente oposto ós republicanos. Si nestes se tentaba suaviza-la situación creada polas queimas de edificios, no rotativo santiagués o que se expresa é a muletilla de «Igrexa perseguida», de novo, como a mártir.

Isto é o que se explotou xa dende o 14 de abril, e agora con argumentos visibles por todos. Por unha parte as accións destes incontrolados non serían posibles si a sociedade tivese máis espírito relixioso -esta idea xa esbozada en *La Región*-, ademais, o goberno provisional ten que saber domiñar estas situacións, e non o fai. É a excusa perfecta para atacar ó executivo, e ó redor desta idea xúntase a oposición ó réxime: a defensa da relixión. En *La Región* continúase este camiño. Así, cando se dan conta dos feitos, remárcase a actitude de Martínez Campos pedindo respecto ós poderes establecidos. Ainda así, -continúa relatando-, os monárquicos aguantaron as vexacións e insultos «de la muchedumbre», que acabou por incendia-los automóviles de Luca de Tena e o duque de Santo Mauro. Vóltase a insistir na pasividade dos bomebeiros así como nas forzas de seguridade.

Dende os medios de comunicación controlados pola dereita política, preténdese da-la sensación de intranquilidade civil; xustamente o contrario que dende as ringleiras socialistas. *La Región* mostra artigos de *El Debate* e *ABC*, onde se pon de manifesto o malestar dun sector da poboación polos acontecementos. As culpas do acontecido fanse cair sobre a escola laica, aquela onde se maldice a relixión, e, sen embargo «habla del dogma de la revolución». Para o xornal da cidade das Burgas a relixión é moi necesaria para a réxime, xa que as virtudes que teñen que ser fomentadas, aquelas que defenden a orde e atradición, e isto conquíreo a relixión. O que se nos dí é que cando as *masas* teñen medo e non son libres, son máis fáciles de domiñar (24).

Os xornalistas ourensáns cren que a desorde é fomentada polo executivo, xa que permite a publicación de manifestos libertarios contra a Igrexa. Estas mesmas escusas son as que se nos ofrecen dende as páxinas de *El Compostelano*. A defensa do catolicismo e dos seus representantes, convírtese no cabalo de batalla principal esgrimido pola reacción para atacar ó goberno provisional. A súa mala xestión en referencia ó tema que nos ocupa, é a causante dos incendios, xunto á falla de preparación política dunhas xentes que aínda se moven por instinto. Precisamente, afirma a reacción, este feito sería imposible coa relixión incrustada nas súas vidas.

Si ollamos para os medios de comunicación republicanos, observamos como cambia a culpabilidade. En *La Voz de Galicia*, preténdese eximir ós obreiros; recae en diferentes elementos perturbadores e nos propios clericais. Nunha das editoriais podemos ler: «cons-

23. «Los incendios de ayer en Madrid, nuevos detalles», *El Compostelano*, ano XII, nº 3332, 12 de maio de 1931, p. 4.
24. «La religión es más necesaria a la República que a la Monarquia», *La Región*, ano XXII, nº 6248, 14 de maio de 1931, p. 1.

te, repitámoslo, que ni una sóla persona de solvencia, ni un solo obrero, ni un vecino conocido se vió para nada mezclado en estos lances que superficialmente relatamos» -en referencia ós desaloxos de A Coruña- (25). Seguramente moitos dos líderes das manifestacións pertencían á Federación Obreira, e tentouse disculpalo debido ó peso político que esta agrupación tiña na vida coruñesa. A análise que efectúa o rotativo, leva a culpa a monárquicos provocadores como os inductores do sucedido en toda a península. Trataríase de persoas que prefiren a volta ó pasado, antes que o amor ó seu país. A última demanda radica na solicitude de calma ó pobo; para lexitimar á República teñen que se-las autoridades as que persigan ós culpables (26). Deste xeito, o proletariado exímese de culpa.

Esta mesma liña argumental é a esbozada en *El Socialista*. Serán de novo os xesuitas os que sairán peor parados nas manifestacións expresadas neste medio. Eles son os provocadores e instigadores das accións que tiñan como principal cometido desprestixiar á República (27). Para os socialistas, esta é a conclusión para o que días tras comezara cos discursos de Mateo Mújica e Pedro Segura. Así mesmo, son de obrigada mención as referencias das executivas do partido e sindicato socialista sobre os feitos. Para ambas, son froito da «actitud inaudita de los enemigos de la soberanía nacional representada por el régimen republicano». Julián Besteiro reclama enerxía contra os elementos que, ou ben tratan de restaura-la réxime alfonsina, ou ben pretenden crear dificultades «a la que el pueblo ha escogido» (28).

Como xa puidemos comprobar en *La Voz de Galicia*, o republicanismo móstrase convencido da culpabilidade de comunistas e fascistas, dirixidos directamente dende Moscú e Roma. Da URSS afírmase que é o país máis reaccionario do mundo, xa que presenta ós republicanos e ós socialistas como inimigos dos obreiros e dos labregos españois, domiñados polo clero (29). *El Imparcial* confirma esta postura. Dende as súas páxinas diríxese a uns provocadores que o único que pretenden é destrui-la República; e non son outros que os monárquicos e os comunistas. Polo tanto, por unha banda atopámonos coas consideracións dos xornais de dereitas que manifestan a súa preocupación polos feitos atendendo á responsabilidade do goberno e a súa lexislación antirrelixiosa. Este é un motivo perfecto para atacar ó sistema, e dende aquí ir minándoo. No outro extremo o posicionamento do republicanismo, que si ben mostra a súa repulsa ó acontecido xustifícao atendendo ás provocacións do clero e dos grupos monárquicos. Para eles, isto non se pode repetir, xa que desprestixia á República. Os obreiros deron mostra de cordura, e si hai que buscar culpables atópanos entre os alfonsinos e os comunistas.

1.4.- REACCIÓNS ANTE A LEXISLACIÓN REPUBLICANA SOBRE O TEMA CLERICAL

O último tema que se trata nas páxinas dos xornais de referencia é o que fai alusión á lexislación republicana e a preparación das eleccións a Cortes Constituintes de xuño de 1931. A propósito disto, unha das primeiras transformacións é consecuencia do decreto

25. «Lo que ocurrió anoche en La Coruña», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº 15976, 13 de maio de 1931, p.4.
26. «El alcalde pide orden», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº15977, 14 de maio de 1931, p. 3.
27. «La República Española lucha contra el clericalismo», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6950, 20 de maio de 1931, p. 7.
28. «Las Ejecutivas del Partido Socialista y la Unión General de Trabajadores se pronuncian contra los que tratan de crear dificultades a la República», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6943, 12 de maio de 1931, p.1.
29. «Roma y Moscú, contra la República española», *El Socialista*, ano XLVI, nº6945, 14 de maio de 1931, p. 1.

sobre a liberdade de ensinanza apadriñada por Rodolfo Llopis. Os socialistas non ven un ataque á Igrexa, e si unha maneira que terá o mestre de perderlle medo ó cura. Coa posta en vigor desta lei, o representante de educación non estará en inferioridade ante o sacerdote, e deste xeito gañará a ciencia (30). Pola contra, *La Región* fai fincapé na defensa da labor dos frailes na educación. A expulsión das ordes relixiosas levaría parella ó abandono de nenos e desvalidos, xa que as escolas e casas de acollida son obras filantrópicas. En días sucesivos, dende as páxinas deste medio, incídese no feito de carga-las culpas da mala situación político-social de España á pérfida influencia da escola laica (31). O fío argumental expresado aquí é compartido por *El Compostelano*. Segundo este medio, a ensinanza relixiosa é a única que inflúe positivamente na consciencia do neno, o que o frena, cando sexa un home, ante os impulsos revolucionarios. Cando o goberno se refire a un ideal de educación, defíneo coa palabra «laica», o que para este xornal é falso, xa que «quién quiera que sea el maestro, masculino o femenino, desnaturalizará la enseñanza».

Outro tema candente en referencia á lexislación fai mención ás ordes relixiosas; sobre o seu status xurídico e a súa importancia social e económica. Para un medio declarado laico e anticlerical como *El Socialista*, as referencias a este tema propugnan a disolución das mesmas, xa que son «antieconómicas, intrigantes e acaparadoras». Para os seus colaboradores, a Igrexa Católica exerce unha influencia na vida común moi perniciosa, e o goberno provisional ten que rematar con isto (32). O PSOE, a través do seu voceiro, aboga porque se nacionalicen os bens da Igrexa, ó igual que se fixo cos da Coroa, «también debe extirpar el cancer religioso de nuestro pais» (33). Pola contra, *El Compostelano* realizará unha defensa encarnizada das ordes relixiosas, abogando pola súa permanencia en chan español. Para o rotativo santiagués, a relixión é parte consustancial de España. A nación é incomprensible sin a súa presencia, por iso o articulista parécelle incrible que o goberno pretenda expulsalos. O odio que profesan ás ordes relixiosas é impropio, o seu xuizo, de reximes que se titulan salvadores da liberdade cidadá, e máis si se trata de España. Os curas e monxes protagonizaron a Reconquista -continúa afirmando-, a colonización americana e a defensa da nación, xa que «el más desinteresado auxiliar de España en su política fue la Iglesia Católica» (34). Nos mesmos termos se expresa *La Región*: «España no se merece quedar sin esta gente por mucho que obreros deslenguados increpen al clero». Para o medio ourensán, a historia demostra cal é o valor de todas estas institucións: o Evanxeo e a encíclica de León XIII loitaron polos proletarios, e agora o pobo págallo así. Non quedan aí as acusacións, para os xornalistas entre os autores materiais dos feitos atopábanse homes «de levita». Se se chega a expulsar ós conventuais, estaríase realizando un feito anticonstitucional, xa que iso non resposta a idea de democracia e liberdade que plasma a República. Aproveitando esta escusa, dende as páxinas de *La Región* faise unha defensa encarnizada das ordes relixiosas moldeando a lexislación ó seu modo. Para apoiar isto, nestas xornadas e nas sucesivas, aparecerán listas de adhesión a unha organización que os defenda, promovida por Mariano Vidal, futuro candidato de Acción Nacional (35).

30. «La Religión en las escuelas», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6953, 23 de maio de 1931, p. 1.
31. Olmos, Elias: «Meditemos: Los asaltos a los conventos», *La Región*, ano XXII, nº 6252, 4 de xuño de 1931, p. 1.
32. «Contra el decreto que establece la libertad de cultos en España», *El Socialista*, ano XLVI, nº6955, 26 de maio de 1931, p. 1.
33. «La Iglesia y el Estado», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6972, 14 de xuño de 1931, p. 1.
34. Cigur Goñi: «Para que sirven los religiosos», *El Compostelano*, ano XII, nº 3370, 7 de xuño de 1931, p. 1.

Un tema moi interesante que se comeza a analisar en xuño en todos estes xornais, é o que fai referencia á liberdade de culto. Segundo *El Imparcial*, ten que facerse unha lei que prohiba as manifestacións exteriores do culto católico, pero mentres non exista, «estas tienen pleno derecho a realizarse» (36). A palabra que se emprega como centro do discurso é a de liberdade. Ó mesmo tempo, advírtese contra o que se supón a arbitrariedade de moitas accións populares. Polo tanto, hai crítica ós abusos da Igrexa tamén e ós gobernamentais, se é mester. O xornal coruñés *La Voz de Galicia* pasa en silencio por este tema, algo que non farán nin *La Región* nin *El Compostelano*. O primeiro, preguntarase nun extenso artigo, onde está a liberdade de cultos da que fai gala a República, xa que só a disculpan aqueles que non son relixiosos. O Estado laico é unha utopía, para os conservadores a victoria da Conxunción en xuño de 1931 significaría o sometimento da Igrexa ó poder civil (37). O decreto sobre a liberdade de cultos, é, ó seu xuizo, inutil xa que en España o único que existe é o católico.

En xuño de 1931 reúnese a Agrupación Socialista de Madrid, e nela debátense as medidas que se proporán no periodo de sesións do Congreso nas vindeiras xornadas. Unha das máis estudiadas é a que transcribe *El Socialista*. Indalecio Prieto na súa intervención é categórico. A solución, o seu xuizo, non pasa só por retirar dos presupostos do Estado a asignación de culto e clero, xa que a Igrexa é moi forte, e en caso de igualdade de prerrogativas sempre resultaría a vencedora. Así, a fómula ideal por el esgrimida é a subordinación total. Calquer organización relixiosa, continúa, ten que ser tratada como un sindicato. Julián Besteiro ainda vai máis alá, xa que a el gustaríalle que estivese pendente do Goberno e das Cortes. A conclusión á que chega a executiva do PSOE reafirma a disolución dos vínculos entre Igrexa e Estado, mantendo unha pauta de igualdade entre tódalas confesións, «y las iglesias todas vivirán subordinadas a él mediante el escrupuloso cumplimiento de las leyes que se dicten con objeto de asegurar la soberanía del Estado y la plena libertad de conciencia» (38). O que se persegue é a laicización da República, tomando como modelo a Francia.

Isto xa o ensaiara a fins do XIX o PSOE, e é agora cando pretende levalo a cabo. Este tipo de accións foron as que instrumentalizou a reacción para derribar ó réxime, cando a súa funcionalidade real era mínima. Podémolas xuntar coa lexislación que non permitía o toque de campás nos enterros ou esixía un permiso especial para levar a cabo as procesións. Estas son medidas gratuitas nun pais maioritariamente católico, e foron feitos que máis tarde se volveron contra a República.

A tenor disto, gaña-las eleccións de xuño converteuse nalgo imprescindible. Recordemos que a Asamblea surxida das urnas sería a que redactaría unha constitución, columna vertebral do país. Os partidos republicanos e os seus medios de expresión sabían disto, polo que plantexaron a consulta como a confirmación da República. Pola contra, os opositores ó réxime pretenderon que o novo parlamento lles devolvese parte do prestixio perdido o 14 de abril. Deste xeito, dende numerosos medios de comunicación, ínstase ós

35. «Grandio Seoane, Emilio: *Los orígenes.....*, op. cit., p. 85.
36. «Libertad para el ejercicio de todos los derechos», *El Imparcial*, ano LXVI, nº 22132, 6 de xuño de 1931, p. 1.
37. «El Estado laico», *La Región*, ano XXII, nº 6240, 5 de maio de 1931, p. 3.
38. «Importante acuerdo sobre el problema religioso para asegurar la plena libertad de conciencia», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6963, 4 de xuño de 1931, p. 6.

católicos a participar en partidos políticos que defendan a Igrexa, o que constitúe un claro guiño a prol das opcións de dereitas, marcando así a súa ideoloxía antirrepublicana. Para acadar estes obxectivos é necesario o reagrupamento destas opcións, e así este ideal será ben defendido. Dende *El Compostelano* chámase a prol da unión; primeiro hai que ir votar, «tan sólo el egoismo y la inconsciencia podría aconsejar la abstención individual», logo hai que facelo pola agrupación que defenda, neste orde: Relixión, patria, familia, orde, traballo, e senso cristián da propiedade (39). O articulista aboga por formar en Santiago e en toda España unha asociación que agrupe a monárquicos e republicanos que antepoñan este lema a calquer outra cousa.

CONCLUSIÓNS

O estudio do anticlericalismo a través dos xornais, comporta un dobre traballo. Por unha parte temos que entende-lo fenómeno en si, as razóns que levan ó pobo á queima de igrexas e escolas pías, por outra tentar desliga-la información das connotacións partidistas que os artigos nos transmiten. Neste intre, os xornais débense a un público moi concreto e para eles van dirixidos os comentarios realizados. *El Socialista* é o voceiro oficial do PSOE, a través das súas colaboracións constátase o carácter anticlerical dos dirixentes do partido. Aquí, o que se pretende facer é por unha parte a laicización da sociedade, e por outra separa-la Igrexa do Estado. Co acontecido en maio, o problema vaiselles das mans. O rotativo buscará ós culpables entre os monárquicos, ou outros elementos antisistema. O que xamais fará será culpar ós obreiros. Tentará minimiza-los acontecementos e nunca calibrará os problemas que a queima acarrearía. Serán continuos os ataques ás altas xeraquias eclesiasticas, non só por parte dos xornalistas, senón tamén polas grandes figuras do socialismo español: Indalecio Prieto e Julián Besteiro. Os comentarios realizados sobre Pedro Segura e Mateo Mújica confirmano (40).

El Socialista presenta os feitos tentando influir nos lectores. Non é unha visión visceral dos acontecementos, dende as súas páxinas faise o xuizo a uns supostos culpables. Para os articulistas está clara a vinculación de sectores monárquicos e comunistas nunha confabulación contra a República. Máis adiante, as tintas cargaranse sobre os primeiros só. Máis aséptico se presenta, ó noso xuizo, *El Imparcial*. As colaboracións que presenta tentan analisa-los feitos dende unha postura equidistante, ainda que ó final tamén cataloga ós alfonsinos como os provocadores dos incendios. As declaracións do bispo de Vitoria e do Cardeal Primado de Toledo son as que prenden a chama do dia dez de maio en Madrid. Este xornal tamén se ocupa do acontecido na cidade da Coruña, e no resto de capitais. A todos estes movementos lle atribúe as mesmas causas e os mesmos culpables. De novo serán monárquicos e comunistas os principais inductores. Dende as súas páxinas, ó igual que dende as de *El Socialista* perséguese o vello anceio do republicanismo español: a equiparación a Europa en tódolos ámbitos. España era un país atrasado en múltiples aspectos, e dende fins do XIX tomouse como principal causa deste feito a escesiva presencia do clero nos asuntos públicos. En 1931 chega o momento de pasar contas. De aí que ambos xornais lle resten importancia ós feitos, xa que son unha resposta as continuas provocacións da Igrexa. Este recordo ó pasado apréciase perfectamente a través dos comentarios que realizan da Compañía de Xesús. Será de novo, como

39. «Organización político-social en Compostela. Documento importante», *El Compostelano*, ano XII, nº 3331, 11 de maio de 1931, p. 1.
40. Ver nota 38.

antaño, a orde relixiosa peor parada, tanto polas accións do pobo, como pola nula defensa que dela fai o Goberno Provisional. Dende as colaboracións de *El Imparcial* preténdese chegar a unha convivencia aceptable por parte de tódalas faccións; xa sexan relixiosos ou non. Cando é mester cítanse os escesos da Igrexa, e ó mesmo tempo acéptanse as procesións, misas e demais ritos da relixión porque España era un pais maioritariamente católico e esas costumes estaban moi enraizados no pobo.

A resposta contundente a estas manifestacións atopámolas para o caso galego en *La Región* e *El Compostelano*. Ambos coinciden no básico, a defensa a ultranza da relixión católica e a confesionalidade do Estado. Os primeiros escritos atenden á protección do Cardeal Primado, e logo a enfrontarse coa lexislación republicana nesta materia.

O feito da proclamación do novo réxime para eles xa é un motivo de temor, e así o expresan nos números posteriores ó 14 de abril. Os xornalistas destes medios observan como se lles cae o edificio ideolóxico no que habitaron os últimos 25 anos. A nova orde política que se establece en 1931 élles incomprensible, e por iso realizan contínuos ataques ó sistema. A través dos artigos en defensa do clero, o que subxace é un ataque solapado ó réxime e á política que executa. Como xa puxemos de manifesto liñas atrás, nos primeiros meses, os elementos antisistema estaban divididos e en silencio. O tema relixioso foi o primeiro aldabonazo que aproveitou a reacción, logo pasou á reforma agraria e a do exército.

Coa lectura destes xornais, apreciamos como os articulistas apelan á españolidade dos lectores, ó xunguir catolicismo e nacionalismo español. Enfrontarse á Igrexa supón facelo coa mesma esencia de España. A relixión é mostrada como un pilar fundamental do edificio estatal. Precisamente é aquí onde conflúe a dialectica cos sectores máis progresistas, xa que estes pretenden rematar con esa idea menendezpelayista. Ó mesmo tempo, é curioso como existe un afán de protección á institución eclesiástica por parte dun grupo moi definido do contexto político español. Son os herdeiros da monarquía, que utilizan os contactos clientelares da Restauración para chegar ó público. Así, en *La Región* é algo común a transcripción de artigos de *El Debate* ou *ABC* ; *El Ideal Gallego* pertence á mesma empresa que o voceiro de Angel Herrera Oria... Deste xeito, a lectura de calquer colaboración que apareza nestes medios está mostrándonos a loita solapada pero continua para desprestixiar ó réxime.

Para levar a cabo isto bótase man incluso da lexislación liberal e democrática republicana, que considera por igual a tódalas confesións. Apoiándose nesta idea solicítase o fin da «persecución relixiosa», que algúns observan nos primeiros decretos do Goberno Provisional. Esta liña editorial non é esclusiva dos xornais pertencentes a empresas laicas, un dos consultados para a relización deste traballo, *El Compostelano*, pertencente ó arzobispado santiagués, segue as mesmas pautas. En política, a marcada opción hacia as agrupacións de dereitas é constante en todos eles. Xunguir relixión, orde e conservadurismo é unha idea que se plasma nas súas páxinas. Dende un principio aceptou, a Igrexa, este papel, e esplotouno non só co consentimento tácito, senón tamén directamente a través das encíclicas ou sucesivas declaracións públicas das altas xeraquias. A preeminencia social da que moitos personaxes gozaban comezou a virse abaixo. A relación que mantiñan coa Igrexa como institución marcou as pautas de sociabilidade durante anos; e agora podería pasar á historia. O ataque ó clero enténdese como o tento de destrucción dun código de valores, e xa nada sería igual. De aquí ó asalto á propiedade privada ou ós monopolios non sería extraño. Os artigos que se publican en *La Región* ou *El Compostelano* percorren estas ideas.

Xa que puxemo-lo exemplo dos xornais conservadores galegos -ós que poderíamos xuntar con *El Ideal Gallego*-, podemos mencionar neste intre como afronta o tema clericalismo-anticlericalismo o progresista coruñés *La Voz de Galicia.* Temos que ter en conta neste caso o feito que marca a súa procedencia, a cidade herculina. Así mesmo, os lectores ós que vai dirixido principalmente que son na súa inmensa maioría de ideoloxía progresista, e tamén a presencia dunha Federación Obreira forte e con poder de convocatoria destacado en A Coruña. Así, cando se inician os incendios, non se culpa ós obreiros, voltan a ser elementos indesexables. Nesta afirmación non só coinciden os colaboradores do rotativo, senón tamén as notas de prensa oficiais do Concello e o Goberno Civil. Neste aspecto, as actitudes señaladas seguen a mesma liña argumental que xa vimos para *El Socialista* e *El Imparcial*. O certo é que en *La Voz de Galicia* son menos abundantes os artigos de opinión. O que se expón con asiduidade son os manifestos das autoridades gubernativas, o que é síntoma da aquiescencia ideolóxica do xornal con elas. A información que ofrece cíñese ós acontecementos de A Coruña, e as causas que os provocaron. Neste aspecto son máis expresivos os xornais madrileños, xa que tratan non só os incendios dos edificios senón tamén a confrotación discursiva entre clericais e anticlericais. No que si coinciden todos é no feito de tomar partido por algunha opción, con tódalas consecuencias.

Para *El Socialista* a queima de conventos está xustificada pola actitude do clero respecto ó réxime. A solución a estes problemas, ó seu xuizo, pasa pola desaparición das ordes relixiosas e a incautación dos seus bens. Suprimi-lo culto católico aforraríalle ó Estado 58.393.000 pts, á altura de 1931 (41). Neste intre o anticlericalismo socialista é máis intelectual, despois pasa a ser domiñado polo pobo. Isto é evidente dende a revolta de Asturias en 1934 e o trunfo da Fronte Popular en 1936. Pola contra, *El Imparcial* aboga por unha política secularizadora e modernizadora onde a igrexa non tiña, xa que logo, cabida. *La Voz de Galicia* réstalle importancia ó acontecido en Coruña nas xornadas de maio. As culpas recaen nuns poucos exaltados, e nunca nos obreiros.

A prensa conservadora acusa do clima de inestabilidade social ó réxime republicano que é desestabilizador por natureza. Tanto para *La Región,* como para *El Compostelano* a sociedade e a autoridade son de orixe divina, destruir isto é face-lo mesmo coa razón de ser do home. Ainda está en vigor a máxima decimonónica «todo poder se deriva y es una participación de el de Dios...» (42), que é recuperada en 1931 pola Asociación Católica Nacional de Propagandistas -ACNP-, agrupación afín a estes medios de comunicación.

41. Datos ofrecidos en *Boletín Oficial Sociedad Fomento Porriño y su Distrito*, ano X, nº 44, xullo de 1931, p. 10.

42. Documento citado en Barreiro Fernández, X.R: *Liberales y absolutistas en Galicia,*Vigo: Xerais, 1982, p. 111.

Marcelino Pedreira

Un mestre coruñés baixo a influencia de Pestalozzi e da Escola Nova

ANTÓN COSTA RICO*
Mª XOSÉ BENÍTEZ GARCÍA**

Sumario

Trázase o perfil vital e profesional dun mestre galego que recorre toda a primeira metade do s. XX, estando moi influenciado polas orientacións pedagóxicas elaboradas por Pestalozzi e outros posteriores autores da Escola Nova. Un mestre que deixou unha notable pegada na cidade de A Coruña.

Abstract

A personal and professional profile is drawn of a Galician teacher who lived in the first half of the XXth century. He was highly influenced by Pestalozzi´s pedagogical orientations and other subsequent authors from New Education. A teacher who left a considerable mark in the city of Corunna.

Marcelino Pedreira Fernández, nacido en Santiago de Compostela no 1880, realizou os seus estudios primarios no colexio privado compostelano de San José, e estudios de ampliación de francés e de comercio nas clases da Sociedade Económica de Amigos do País, durante os cursos 1891-92 a 1893-94, denantes de cursar os estudios de Maxisterio na Escola Normal Superior da cidade (entre 1894 e 1897), que finalizará con calificación global de sobresaliente, para a continuación facer o curso de Grao Normal na madrileña Escola Normal Central de Maestros (Curso 1897-98), tamén finalizado coa mesma calificación (1).


A realización destes estudios permitiríanlle entrar en contacto con notables pedagogos: Luis López Elizagaray en Santiago, e D. Manuel B. Cossío, Agustín Sardá ou Rufino Blanco, entre outros, en Madrid, cos que iría perfilando unha vocación pedagóxica singular. Volve de Madrid para Santiago, onde no ano 1899 adquire



Fig. 1.- D. Marcelino Pedreira Fernández.

***Antón Costa Rico é profesor e investigador sobre a historia da educación en Galicia, ademais de Decano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.**
****Mª Xosé Benítez García é diplomada de Educación Social da Universidade de Santiago.**

(1) Sobre Marcelino Pedreira tivemos ocasión de escribir na obra *Escolas e Mestres* (Santiago, 1989) e sobre todo en COSTA RICO, *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da psicopedagoxía en Galicia*, O Castro, Sada, 1996, pp. 28-29. Quixo a fortuna que María Xosé Benítez García, familiar de descendentes de M. Pedreira, tivese ocasión de indagar novos datos sobre o personaxe, en particular por medio da colaboración dun dos seus fillos, José Pedreira García, nado no 1928.



Don Federico Requejo y Cordillo

SUBSECRETARIO DE INSTRUCCIÓN PÚBLICA Y BELLAS ARTES.

Por cuanto por orden de esta fecha se ha nombrado á D. Marcelino Pedreira Fernández Oficial de la Escuela Normal Superior de Maestros de Santiago con la gratificación anual de mil pesetas.

Por tanto, y con arreglo á lo prevenido en la disposición primera de la Instrucción de 10 de Noviembre de 1851, expido el referido Don Marcelino Pedreira el presente Título para que desde luego, y prévios los requisitos exprensados en dicha Instrucción y Real decreto de 25 de Noviembre del mismo año, pueda entrar en el ejercicio del citado destino, con sujeción á lo que para los de esta clase se halla establecido por las disposiciones vigentes, ó á lo que en lo sucesivo se estableciere. Y se previene que este Título quedará nulo y sin ningún valor ni efecto si se omitiere el Cúmplase, el Decreto mandando dar la posesión y la certificación de haber tenido efecto por la Oficina correspondiente; prohibiéndose expresamente que en cualquiera de estos casos se acredite sueldo alguno al interesado ni se le ponga en posesión de su cargo.

Dado en Madrid á primero de Enero de mil novecientos diez

El Subsecretario,

Título de Auxiliar de la Escuela Normal Superior de Maestros de Santiago a favor de Don Marcelino Pedreira.

Fig. 2.- Nomeamento de "Auxiliar de la Escuela Normal de Maestros de Santiago".



1906

CERTAMEN PEDAGÓGICO

de

Santiago


Fig. 3.- Diploma de asistencia ó "Certamen Pedagógico de Santiago", de 1906.

o titulo de profesor supernumerario da Sección de Letras da Escola Normal Superior, mentres participa en actividades culturais da Sociedade Económica, denantes de incorporarse como profesor auxiliar na Escola Normal, anque no 1902 exercerá durante varios meses como profesor auxiliar de Dereito e Lexislación Escolar no Instituto Xeral e Técnico de Santiago.

Foi no curso de 1902 a 1903 cando se incorporou como profesor primario por oposición á escola pública da rúa do Socorro da cidade de A Coruña e neste mesmo ano impartiu gratuitamente clases nocturnas para obreiros, organizadas pola "Escuela Popular Gratuita".

Era no verán de 1902 cando nacían as Colonias infantis da cidade da Coruña, as primeiras de Galicia –logo da itinerante compostelana, promovida polo profesor Luis López Elizagaray. Estaban estas colonias impulsadas, sen dúbida, por D. Manuel B. Cossío, desde a súa estancia de verán en San Fiz de Vixoi, alí onde había aínda pouco nacera o seu afillado, Xoán Vicente Viqueira. Esta primeira colonia, dirixida polo pontedeumés e profesor institucionista José Guitiérrez del Arroyo (2), ben pronto ía encontrar en Marcelino Pedreira Fernández (desde o verán de 1903) o grande animador. En efecto, as denominadas "Colonias escolares de niños pretuberculosos", organizadas polo Patronato Local de Colonias, baixo a presidencia de Evi X. de Rodríguez Pastor, coa participación de destacadas personalidades como Mercedes Tella, a directora da Escola Normal de Mestras da

(2) COSTA RICO, A., *A reforma da educación (1906-1936)* op. cit., p. 25.




A.2391.422*

Dª María Barbeito y Cerviño, Vice-secretaria de la Asociación de Maestros del Partido de La Coruña

Certifico: Que D. Marcelino Pedreira y Fernández ha sido nombrado Secretario de esta Asociación el día siete de Enero de mil novecientos seis tomando posesión el cuatro de Febrero del mismo año cuyo cargo gratuito siguió desempeñando, por reelecciones sucesivas y en la actualidad administrando desde entonces como tal Secretario y cambistas gratuitamente, la Cartilla Escolar para los niños pobres de las Escuelas públicas, establecida por esta Asociación. Y para que conste, expido la presente en La Coruña á 28 de Marzo de 1911

V.º B.º
La Presidenta,

Fig. 4.- Nomeamento de Secretario da "Asociación de Maestros del Partido de La Coruña".



Subsecretaría. Universidades.

Por Real orden de esta fecha ha sido V.ª designado para formar parte del grupo que bajo la dirección de Don Augusto Tella ha de hacer una excursión a Francia, Bélgica Suiza y norte de Italia con objeto de estudiar la organización y funcionamiento de las escuelas primarias y normales. A ese fin le ha sido á V.ª concedida una pensión de dos meses con trescientas cincuenta pesetas mensuales y quinientas cincuenta para gastos de viaje. De orden del Señor Ministro lo digo á V.ª para su conocimiento y satisfacción. Dios guarde a V.ª muchos años. Madrid 11 de Septiembre de 1912.

El Subsecretario interino

Señor Don Marcelino Pedreira y Fernández de La Coruña

Fig. 5.- Concesión dunha bolsa de viaxe. 1912.

cidade, ou Rodrigo Sanz López, o impulsor da "Solidaridad Gallega" desde 1908, e que comenzaron no ano de 1902 con José Gutiérrez del Arroyo como director, tiveron como subdirector desde 1903 a Marcelino Pedreira, quen será o seu director desde o verán de 1906 e durante máis de 30 anos (3).

As colonias (só de nenos nos veráns de 1902 e de 1903, e tamén de nenas desde 1904) facían posible que polo xeral máis de 50 nenos e nenas das escolas públicas de A Coruña puidesen fortalecerse, anualmente, en contacto coa natureza e cunha alimentación axustada. O tempo da colonia era o momento para a realización dunha educación activa que permitía o cultivo da educación física, da educación intelectual e o desenvolvemento do caracter e da personalidade de cada neno e nena, de modo similar ao que se indicaba nas novas correntes pedagóxicas europeas. Novas correntes coas que, sen dúbida, estaban en contacto tanto o profesor García Niebla, monitor das colonias e mais recoñecido pola súa actividade educadora na cidade de Ferrol, como o propio Marcelino Pedreira, a través dos seus contactos formativos.

Desde estes primeiros anos da súa estancia coruñesa, Marcelino Pedreira será, logo da súa corta permanencia na escola da rúa do Socorro, o profesor da escola pública de nenos da rúa do Orzán (número 19), situada nun fermoso edificio de traza e ornamentación modernista, ata o seu retiro no ano 1950.

A súa acción escolar diaria será complementada non só coa participación no Patronato

(3) A Biblioteca da Real Academia Galega conserva a memoria editada da Colonia realizada no ano 1903.

Local de Colonias; así, no 1904 ten ocasión de ser profesor sustituto de caligrafía e pedagoxía no Instituto Xeral e Técnico da cidade; a partir de 1906 será secretario da Asociación de Mestres do partido xudicial de A Coruña, e como tal tamén administrador da Cantina escolar para nenos pobres das escolas públicas, sostidas por dita Asociación; entra en contacto coa Xunta de Ampliación de Estudios no 1911 e finalmente no 1912 participa nunha excursión pedagóxica por Francia, Bélxica e Suiza, durante dous meses, baixo a coordinación do ilustre profesor institucionista da Universidade de Oviedo, Aniceto Sela.

Ábrese a partir desta viaxe unha nova etapa na súa vida profesional, fortemente iluminada agora polos exemplos de renovación didáctica e pedagóxica observados nas distintas visitas realizadas a numerosos centros. Continua participando e dirixindo as colonias; será desde a escola da rúa do Orzán orientador de alumnos normalistas en periodo de prácticas; continuará fomentando as actividades de lecer e de tempo libre en contacto coa natureza (a modo de "exploradores"); cásase no ano 1921 (coa xove María García García, de 18 anos, con que terá 21 fillos, dos que lle sobreviviron 15, participa no Congreso Pedagóxico da Coruña de 1926, así como nas actividades do Museo Pedagógico Rexional que se inicia neste ano nas instalacións do colexio Da Guarda, e aínda o observamos participando nalgunhas actividades da "Asociación de Renovación Pedagógica Vanguardia Pedagógica" que nace durante a II República na cidade de A Coruña (4).

Sendo monárquico e persoa "de orde", anque sempre solícito e disposto ao auxilio ás xentes humildes, non participou nas actividades políticas e sindicais impulsadas, sobre todo durante a II República, polas organizacións sociais progresistas e polos galeguistas; por isto non lle acadou a represión política do franquismo, continuando na escola da rúa do Orzán, ata o seu retiro no 1950, poucos meses antes da súa morte.

A viaxe pedagóxica de 1912

A mediados do xuño de 1912 recibía Marcelino Pedreira autorización para trasladarse á Residencia de Estudiantes en Madrid para seguir un curso introductorio á excursión escolar e pedagóxica que se ía facer, para coñecer a realidade educativa de Francia, de Bélxica e de Suiza. A finais desde ano e durante dous meses tería lugar esta excursión, a cerca da que Marcelino Pedreira nos deixou nunha minuciosa memoria manuscrita (5), da que podemos extraer algunhas noticias.

Comeza coa visita á Escola Normal de Mestres da cidade belga de Gante o 30 de novembro; dela Marcelino Pedreira salienta o gabinete de física, a biblioteca, o museo de mineraloxía, o ximnasio, o taller de traballo manual, o almacen de madeira, os talleres de carpintería, de ferro, de modelado e de pirogravado, así como a sala de estudios, utilizada tamén para conferencias e proxeccións.

Visitarán Amberes e Bruxas. Neste caso, a Escola Normal de Mestres coa súa grande riqueza de instalacións: aula de música, sala de ximnasia rítimica e de baile ximnástico, museo... En Liexa visitan a Escola Normal de Mestres, da que anota en particular a súa decoración con plantas, esculturas, mapas, láminas e cadros.

En Zurich, en Suiza, visitarán o *Pestalozzianum*, a casa que mantén a memoria de Pestalozzi, a quen rende nesta Memoira un testemuño de recoñecemento e de influencia,

(4) PEDREIRA FERNÁNDEZ, M., *Valor social y pedagógico de la colonia escolar*, Publics. De Vanguardia Pedagógica, Tip. El Noroeste, A Coruña, 19 pp. Vid. tamén "Colonias escolares para niños pretuberculosos", *Boletín de Educación de La Coruña*, 7 (1935) 9-15.

(5) PEDREIRA FERNÁNDEZ, M., *Excursión de Maestros al extranjero. Año de 1912*, Residencia de Estudiantes, Biblioteca Central CSIC, Madrid.

aproveitando a ocasión para mercar duas fotografías sobre o pedagogo, unha delas para a escola da rúa do Orzán. Na cidade, berce da iniciativa das colonias pedagóxicas, visitan tamén duas escolas de montaña, a Escola de Anormais e outro centro, no que teñen oportunidade de observar a coeducación. O 9 de decembro de 1912 visitaban o Museo Escolar Suizo en Berna, onde observa o funcionamento dun aparato de proxección de fotografías, debuxos e gravados, chamado "Radiopticam", que posteriormente adquiriu para o seu uso na escola coruñesa (6).

De Berna dirixíronse a Neuchâtel, onde visitaron as escolas secundarias da cidade, destacando as aulas de música e canto, o emprego de aparatos de proxección, os gabinetes de física e química, e os museos de fisioloxía e de historia natural. Iberdon, un dos establecementos creados por Pestalozzi, formou tamén parte do percorrido e alí, na escola primaria, é reclamando Marcelino Pedreira sobre todo, pola posibilidade de agrupar as mesas individuais para o traballo en equipo.




Fig. 6.- Rasgos caligráficos de D. Marcelino Pedreira. 1906.

Por fin, chega o grupo a Xenebra: a Escola Normal, varias escolas primarias, unha sesión de proxección sobre as escolas–granxas con clases ao aire libre, promovidas polos irmáns Lietz en Alemania, e unha conferencia de Alice Descoeudres sobre educación de anormais no Instituto J. J. Rouseeau, conforman o programa da estancia na cidade que era o laboratorio pedagóxico europeo. Unha breve parada na cidade de Lyon poñería fin a esta excursión pedagóxica de tanta influencia no traballo escolar de M. Pedreira.

En efecto, en función do aprendido e visto, vai realizar diversas innovacións no seu labor diario tanto na escola como nas colonias. Na disposición da escola da rúa do Orzán observarase así: o mobiliario, entre o que destacan seis mesas redondas grandes para o traballo en grupo por parte dos nenos de cada unha da seis seccións en que dividía a clase (de 6 a 12 anos), cada unha atendida por un xefe de sección moi frecuentemente renovado, o banco de carpintería –situado na entrada- para o traballo de carpintería e de marquetería, o recanto cos traxes de exploradores para algunhas das saídas escolares, o armario-librería para varios centos de libros, o armario-museo de ciencias naturais...; as láminas de parede, varios cadros e máis de cincuenta macetas con plantas (que había que cuidar, podar, trasplantar, usar para enxertos e outros labores) completaban a dotación. Un termómetro, un barómetro, o aparato de proxección de postais tan a miudo utilizado, formaban tamén parte desta escola, na que a ximnasia sueca, a lectura de fermosas páxinas literarias e o

(6) Segundo información de José Pedreira, á morte do pai, sendo tantos os fillos, a viuda viuse obrigada a vender pertencias do pai, entre as que estaba este proxector traído desde Suiza.

canto formaban parte substancial. A didáctica con procedementos intuitivos, as leccións de cousas, o uso de gráficos e de esquemas, o extraordinario cultivo do cálculo matemático, entre outros procedementos educativos, integraban tamén o día a día desta escola.

A escola de quen como Marcelino Pedreira vivía entregado por enteiro ao oficio de mestre, sendo metódico e ordenado, distanciado do concreto contexto político, pero sempre atento ao auxilio educador das xentes humildes. De certo, a súa memoria permanece aínda no corazón e na retina de xentes da cidade educadas na escola pública da rúa do Orzán.

JOSÉ GUITÉRREZ DEL ARROYO CEBREIRO.

A figura de José Gutiérrez del Arroyo, á que se referiu Porto Ucha, ten a súa orixe en Pontedeume. Logo do seu regreso da Arxentina no 1891 fixo a carreira de Maxisterio en Galicia, gañando por oposición a escola de Meis (Pontevedra), onde estivo durante tres anos, logo dos que pasou á escola de Ponteareas, na que permaneceu ata que no 1900 se incorporou ás labores docentes na ILE en Madrid. Previamente, e posiblemente porque na ILE xa se encontraba un irmán seu, Luís Gutiérrez del Arroyo Cebreiro, dando clase de matemáticas, aritmética, xeometría, álxebra, ao tempo de traballar no Museo Pedagóxico Nacional, e mesmo porque había relacións familiares entre a familia Gutiérrez del Arroyo e os López Cortón (sendo Carmen López Cortón, dona de Manuel Cossío), José Gutiérrez fixera estudios superiores de maxisterio en Madrid.

Aínda estando en Madrid, con José López Cortón e con Ramón Tenreiro poñen en marcha as Colonias Escolares de A Lagoa, nas Mariñas en 1902, as primeiras aveiradas á Coruña, cousa que repetirán eles mesmos polo menos en 1903. En 1903 veremos incorporarse a esta tarefa a Marcelino Pedreira e no 1908 a García Niebla.

No 1906 foi alumno pensionado polo Ministerio de Instrucción Pública para estudiar na Escola Normal Superior de Saint Cloud e na de Bruselas, tendo ocasión de visitar escolas, asistir a conferencias e de formarse, en particular, co director da Escola Normal de Bruselas, o pedagogo Sluys.

A finais de 1907 volve á ILE para realizar «una enseñanza llena de calor, clases vividas por los alumnos en plena intimidad de espíritu y de interés con el maestro», ata que se traslada pouco despois á escola dun pobo pequeño na provincia de Madrid, conseguindo en moi pouco tempo encandilar aos nenos e ás familias co seu maxisterio.

«Era inagotable el interés que sabía avivar en ellos; les contaba tantas cosas no oídas; pero, además, ¡les enseñaba a apreciar su propia vida, como una cosa tan llena de valor y tan nueva!»

Pero moi pronto tivo o seu inesperado pasamento (7).

(7) A. COSTA RICO, *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da psicopedagoxía en Galicia.* Edicións do Castro, Sada, 1996, p. 22).

AS COLONIAS ESCOLARES DE A CORUÑA.

Fora de Santiago e de modo continuado o primeiro paso firme na organización das Colonias corresponde á cidade da Coruña, baixo a inspiración de Cossío, veraneante na casa da familia de Xoan Vicente Viqueira en San Fins de Vixoi nas mariñas betanceiras.

José López Cortón, José Gutiérrez del Arroyo e Ramón Tenreiro foron, en contacto con Cossío e con Giner, os promotores da Colonia instalada en A Lagoa -na estrada de Sada a Betanzos e na beira da praia de Gandarío-, en 1902, á que levaron 20 nenos procedentes das escolas municipais da Coruña.

O seu réxime de vida foi narrado como segue:

«A las siete se levantaban los colonos; a las ocho desayunaban (leche y pan). Después se empleaba una hora en redactar el diario y el resto de la mañana se pasaba en la playa, esperando la hora del baño. A la una, comida (sopa, cocido y postre). Terminada ésta, descanso en alguna sombra, hablando y contando cuentos; después, partida de juego en la playa con un breve paseo hasta la hora de la cena. A las ocho, cena (un plato de legumbres, otro de carne y postre) y poco después, a la cama» (8).

Cossío era visitante asíduo destas colonias celebradas con regularidade ao longo do primeiro tercio do século XX (9).

Ao pouco do seu inicio creouse un Patronato Local de Colonias, dirixido pedagoxicamente polos profesores García Niebla e Marcelino Pedreira (10) -aos que co tempo veremos formando parte da FETE e da asociación «Vanguardia Pedagógica»-, sendo este último autor de diversos traballos relativos ao valor e interés pedagóxico das colonias (11). Neste clima tamén se publicaron, cando menos ata 1913, memorias anuais das colonias da Coruña (12).

Puxéronse tamén en marcha, á beira da Coruña, en Oza, as colonias escolares do Sanatorio Marítimo Nacional, sendo da Coruña os primeiros nenos beneficiados no ano 1915, aínda que despois virían tamén a Oza numerosos grupos de nenos e nenas de Madrid, Ourense e doutras ciudades, do que se dá conta nunha memoria de 1926 asinada por Ortíz Novo en calidade de director das Colonias de Oza (13).

(8) TENREIRO, R., GUTIÉRREZ DEL ARROYO, J.: «La Colonia escolar Coruñesa», *La Voz de Galicia* 27/9/1902.

(9) Cfr. PEDREIRA, M.: «Colonias escolares para niños pretuberculosos, de La Coruña», *Boletín de Educación de La Coruña*, 7 (1935) 9-15.

(10) Cfr. «Colonias escolares coruñesas», *Solidaridad Gallega*, 20/7/1908. GARCÍA NIEBLA, que aparecerá nas Colonias escolares de Santiago de 1923 estará tamén presente nas de Ferrol.

(11) Cfr. PEDREIRA, M.: «Colonias escolares para niños pretuberculosos, de La Coruña», *Boletín de Educación de La Coruña*, 7 (1935) 10-15; *Valor social y pedagógico de la colonia escolar*, A Coruña, 1935, Publics. De «Vanguardia Pedagógica», Tip. El Noroeste, 19 pp.

(12) Cfr. *Primera Colonia Escolar de La Coruña 1902* (Madrid), R. Rojas, 1903, 48 pp.: *Segunda Colonia...* 1903, A Coruña, 1904, Tip. Loman y Cía. 36 pp.; *Colonias escolares de La Coruña 1905*, A Coruña, 1906, Tip. Católica, 19 pp.; *Colonias escolares... 1906,* A Coruña 1907, Imp. La Tierra Gallega, 8 p.; id. Para 1907 e 1908; para 1909, Tipográfica Obrera Coruñesa, 1910, 7 p.; Patronato de Colonias Escolares de La Coruña 1910, A Coruña, 1911, Tipográfica Obrera Coruñesa; id. para 1913, edit. en 1914.

(13) Cfr. ORTIZ NOVO: *Colonias Escolares*, Madrid, 1928, Casa Ed. Hernando, 20 pp. Vid. Tamén AYUNTAMIENTO DE MADRID, *Higiene Escolar*, Madrid, Imp.Municipal, 1926.



Fig. 7.- Unha escola radicalmente diferente na Rúa do Orzán da Coruña. Actividades de orientación cultural con adultos.



Fig. 8.- D. Marcelino lendo unha fermosa narración; ¿ou eran poesías de Rosalía? Explendorosa imaxe dun mestre galego



Fig. 9.- Cos nenos da Colonia Escolar, en San Fiz no verán de 1927.



Fig. 10.- A Colonia de 1928, en San Fiz (Bergondo).



Fig. 11.- A Colonia Escolar en Agosto de 1930.



Fig. 12.- A Colonia de 1931.



Fig. 13.- A Colonia de 1933.



Fig. 14.- A Colonia de 1936.




Fig. 15.- A Colonia en Cesuras no 1939.



Fig. 16.- A Colonia en Cesuras no 1942.

APÉNDICE



Elección de colonos

Siguiendo lo practicado por el Museo Pedagógico Nacional con el fin de que sea duradero el beneficio de la vida de la Colonia, hemos formado la Segunda Colonia con los veinte niños de la primera.

La casa habitada este año permitía alojar algun colono más, y el médico don Julio González Castro eligió cinco niños entre los presentados por los señores Maestros de las Escuelas municipales de la Coruña.

Para la elección se tuvieron presentes las mismas condiciones que el año anterior: 1.ª Que ninguno padeciera enfermedad contagiosa. 2.ª Atender principal mente á la anemia, la debilidad general y el escrofulismo. 3.ª Escoger á los más pobres dentro de los grupos anteriores.

También se reconocieron por el médico y se pesaron y midieron los niños de la primera Colonia.

En el momento de la partida, cuando ya no era posible prevenir á los suplen tes, dejaron de presentarse dos de los niños elegidos.

La Colonia estuvo formada por los veinte y tres niños siguientes:

Faustino López.
Antonio Amboade
Antolín Ruppén.
José María Seijo.
Francisco Camino
José Romero.
Ernesto Requejo.
Enrique Patricio.
José Casal.
José Rodríguez.
Genaro Valle.
Jesús Rodríguez.
Luís Prego.
Enrique Varela.
Ricardo Vázquez.
Manuel Otero.
Gerardo Martínez.
Ramón Rodríguez.
Jorge Bernal.
Enrique Grien.
Manuel Piñeiro.
Arturo Núñez.
Victorino Lago.

Los cinco últimos son los nuevos colonos elegidos este año.

Estuvieron al frente de la Colonia los señores D. José Gutiérrez del Arroyo del Museo Pedagógico Nacional y D. Marcelino Pedreira maestro municipal de la Coruña, que generosamente se prestó á formar parte de la Colonia.

Instalación

Estuvo la Colonia en La Viage, parroquia de Doroña, ayuntamiento de Villarmayor, á seis kilometros de Puentedeume, en la casa del propietario de esta villa D. Rodrigo Pardo Gonzalez, quien tuvo la bondad de cederla gratuitamente, y además tan vivamente se interesó por la Colonia que, á pesar de sus ocupaciones, ayudó á los maestros en sus trabajos, contribuyó á distraer á los niños acompañándoles en excursiones y comidas y regaló toda la fruta que comieron los niños.

La casa está próxima al río Bajoy donde se bañaron, diariamente, los colonos. En el piso bajo estaba la cocina y el cuarto de aseo. En el alto el comedor y en tres grandes salas, muy ventiladas, los dormitorios de colonos y maestros.

Casi todo el menaje es propiedad de la colonia. (Apéndice 3.°).

Los días de buen tiempo se hicieron las comidas y el trabajo, al aire libre, bajo una gran parra.

Plan de vida

La colonia este año, no pudo tener más de 23 días de duración, desde el 11 de Agosto al 2 de Septiembre.

En cuanto á plan de vida no hay más que copiar aquí, casi á la letra, lo dicho en la Memoria del primer año.

Se levantaban los colonos á las siete de la mañana y se aseaban minuciosamente bajo la dirección de sus maestros.

A las 8.—Desayuno: 300 gramos de leche y pan. Otras veces harina de maíz, ó avena, cocida en leche.

A las 9.—Redacción del diario.

A las 10.—Iban los colonos á la orilla del río, á jugar libremente ó á descansar, hablando y cantando hasta la hora del baño.

A las 12.—Baño en el río.

A la 1.—Comida compuesta de sopa, cocido, un plato de carne y postres.

A las 2.—Descanso á la sombra de los árboles; se contaban cuentos ó jugueteaban los niños.

De 4 á 8.—Partida de juego (*rounders* generalmente) ó paseo. Ambas cosas, algunas veces.

A las 8.—Cena: un plato de pescado ó legumbres, otro de carne y postres.

A las 9.—Se acostaban los colonos.

Los domingos y días festivos iban á misa los colonos con sus maestros.

Resultados físicos

En el apéndice 1.º pueden verse los resultados obtenidos.

Estos no fueron tan satisfactorios como los obtenidos en el primer año.

Contribuyeron á este efecto las constantes lluvias que impidieron salir de casa muchos días (de los 23 días de colonia fueron lluviosos 10), la falta de un buen campo de juego, y principalmente la falta de playa, no recompensada por una buena altura.

Esto debe tomarse como un experimento y una advertencia para futuras colonias.

Resultados educativos

Una de las principales ventajas de la colonia, es el prestarse á hacer una educación integral de toda la vida del niño, cosa sumamente difícil, de conseguir con escuelas del tipo de las actuales, intelectualistas esencialmente.

Así, en la colonia, se procuró, á cada momento, inspirar á los niños hábitos de limpieza, decencia y moderación en el hablar, buenas maneras, trato afable con maestros y colonos. Se les inclinó á tener sentimientos delicados, amor é interés por las cosas de la Naturaleza; se les dirigió de modo que llegasen á sentir respeto por la fruta ajena, (sólo fué necesario en algunos casos), y que perdiesen ciertos hábitos propios de muchachos abandonados.

En todo pudo notarse muy sensiblemente la bienhechora influencia de la colonia primera y de las reuniones que en invierno habían tenido los colonos con algunos de los organizadores.

El trabajo intelectual más importante, como el año anterior, consistió en la redacción del diario. Todas las mañanas escribían los niños en un cuaderno el recuerdo de sus impresiones de la víspera. Con este trabajo se consigue educar la reflexión, se incorpora lo visto al fondo anterior de cultura y se aprende á dar forma á lo pensado.

Además, formaron los niños una pequeña colección de plantas y de insectos; tomaron datos sobre la vida en el valle de Doroña, y á cada momento, en la conversación, se trató de que hubiera para ellos alguna enseñanza.

Post Colonia

Para que los efectos de la Colonia no se pierdan es importantísimo mantener durante el año el mayor trato posible con los colonos.

En esto debe llevarse la acción hasta donde se pueda. Así, poco á poco, deben irse organizando, cantinas escolares, campo de juego, biblioteca, baños, caja de ahorros, asistencia médica, patronato para colonos adúltos, excursiones, etcétera. Cuando todo esto se haga puede decirse que la vida de la Colonia dura todo el año.

Según se ha podido, han visto los organizadores á los colonos durante el año.

El 1.º de Enero de 1904, en el almacén de los Sres. Ruiz de Velasco, Ponte y C.ª cedido generosamente, se celebró una fiesta á que asistieron los colonos y algunos protectores de la Colonia. Había un arbol de Navidad. A los niños se les regalaron juguetes, ropa, dulces y libros. Para recuerdo se hicieron algunas fotografías.

PATRONATO

de las

COLONIAS ESCOLARES

de la Coruña

Considerando los organizadores que era llegado el momento de ampliar su campo de acción en favor de esta importante obra social decidieron formar un Patronato.

Con inmensa satisfacción hacemos saber aquí que se ha constituído ya, en la forma siguiente:

Presidenta honoraria.—Doña Emilia Pardo Bazán.

Presidenta.—Señora doña Evi Zacharías de Rodríguez Pastor.

Secretaria.—Señora doña Eugenia Osterberger de Saunier.

Vocales.—Señoras doña Felisa Ozores de Fernández Latorre.

Doña Elena Español viuda de Pan de Soraluce.

Doña Concepción Mesa de Pérez.
Señorita doña Josefa Varela Saenz.
Señores M. Roque Ponte Peña.
José L. Cortón Viqueira.
Ramón Tenreiro.
Manuel Durán García.
Alfredo Tella.
Luciano Marchesi (tesorero).

La tercera colonia que tendrá lugar en el verano de 1904 será debida á los cuidados del Patronato.

APÉNDICE NÚM. 3

Inventario del material

28 jergones.
28 almohadas.
28 mantas de algodón.
78 sábanas.
40 fundas de almohadas.
11 tohallas.
6 manteles.
60 servilletas.
28 camastros de madera.
1 cepillo para ropa.
2 cepillos para calzado.
12 cepillos para uñas.
3 cepillos para dientes (sin usar).
30 cucharas.
30 tenedores.
36 cuchillos grandes.
33 cuchillos de postre.
24 servilleteros.
2 soperas de loza.
4 fuentes de idem.
2 fuentes de hierro.
30 tazas grandes de loza.
6 tazas pequeñas.
7 tazas y platos de barro.
60 platos llanos de loza.
30 idem soperos.
30 idem de postre.
35 vasos de vidrio.
4 botellas de barro para agua.
2 cacerolas de hierro.
1 tartera de idem.
10 palanganas de hierro estañado.
1 balde de zinc.
3 bancos de madera.
1 mortero de madera.
1 cinta métrica.
1 colador de hierro.
1 destornillador.
1 garrafa de hierro.
1 rallador.
1 tanque de hierro.
2 tinajas de zinc.
1 paquete tornillos.
1 columpió.
1 balon.
1 paquete de ácido bórico.
2 paquetes de algodón hidrófilo.
1 paquete de alumbre.
2 vendas de gasa.
1 caja bicarbonato de sosa.
1 caja de botones
12 camisas para niño.
2 carretes de hilo.
9 cuadernos.
1 caja de esparadrap.
8 lápices.
5 mandiles de cocina.
1 caja papel de cartas.
12 paños para limpieza.
34 portaplumas.
2 papeles de tafetán inglés.
1 Piedra pomez.

Unha achega á historia da F.A.I. en Galicia: o grupo “Plantas Nuevas” de Betanzos

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ[1]

Sumario

Este traballo é unha primeira aproximación ao estudio da implantación da Federación Anarquista Ibérica (FAI) en Galicia, a través dun dos seus grupos: "Plantas Nuevas" de Betanzos.

Abstract


This article deals with the beginnings of the Iberian Anarchist Federation (FAI) in Galicia, represented by one of its groups: "Plantas Nuevas" ("New Plants") of Betanzos.

A Dionisio Pereira

Ata hai poucos anos, pouco ou nada sabiamos do sindicalismo de orientación anarcosindicalista en Galicia. Esta eiva solventouse gracias ás aportacións historiográficas de Dionisio Pereira sobre a C.N.T [1994; 1998].

Sen embargo, careciamos de estudios, sequera locais, sobre a Federación Anarquista Ibérica (F.A.I.), unha organización especificamente anarquista (así se denominan eles, “organización específica”); só Pereira dedicou un breve apartado ao asunto, con conclusións provisionais. [Pereira 1994: 103-108]

Gracias ao interese a prol da recopilación de fontes libertarias que vén desenvolvendo o Ateneo Libertario “Ricardo Mella” da Coruña, os investigadores xa temos ao noso dispór a documentación conservada da F.A.I. galaica (incluída no Arquivo do Comité Peninsular da F.A.I.), depositada no Instituto Internacional de Historia Social de Amsterdam. Consiste esta en correspondencia entre o Comité Peninsular -órgano supremo da F.A.I.-, o Comité de Relaciones de Galicia e grupos faístas galegos: un deles, o grupo “Plantas Nuevas” de Betanzos. En canto á cronoloxía, a primeira carta está datada o 14 de marzo de 1933, e a derradeira o 13 de xullo de 1936.


FEDERACIÓN ANARQUISTA IBÉRICA

COMITÉ PENINSULAR

SECRETARIADO

Barcelona 26 de Abril de 1935

A LA REGIONAL GALAICA

1 Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo e historiador.

Anuario Brigantino 1999, nº 22
Betanzos. ISSN: 1130-7625

A FEDERACIÓN ANARQUISTA IBÉRICA

A F.A.I. [Gómez Casas 1977: passim] fúndase en Valencia en 1927, nunha Conferencia que se inicia o 25 de xullo, á que asisten grupos anarquistas españois, portugueses e militantes libertarios residentes no estranxeiro, nomeadamente Francia.

É salientable que a nacente Federación Anarquista Ibérica englobase aos anarquistas españois, portugueses e emigrados -englobados na denominada Federación de Grupos Anarquistas de lengua española en Francia-, nunha única entidade de carácter peninsular, deixando a un lado as fronteiras nacionais.

A Federación estructurábase de maneira federal. O primeiro chanzo constituíano os grupos de localidade ou comarca, que se federaban entre si, formando a federación local ou comarcal. A Federación local ou comarcal relacionábase co Comité Rexional, e este, ou os comités rexionais (se había máis de un) estaban en contacto co Comité Peninsular. Este organismo, segundo Gómez Casas, *era una especie de comisión de relaciones, que carecía de atribuciones para tomar por sí misma acuerdos, facultad que correspondía a la base orgánica*.

Inicialmente, o Comité Peninsular estableceuse en Sevilla, pasando ao pouco tempo a residir en Barcelona.

Dentro das conclusións aprobadas pola Conferencia, figuran temas como apoiar a formación de agrupacións naturistas, esperantistas ou vexetarianas, non opoñerse aos ensaios de cooperativismo, laborar sindicalmente na C.N.T. tentando de que esta se decante polo anarquismo, crear un xornal nacional e unha revista de carácter doctrinal, apoiar, xunto coa C.N.T., os Comités Pro-Presos, e a difusión do ideario anarquista a través de follas, ateneos, escolas, etc.

Non hai constancia da asistencia de grupos galegos a esta Conferencia fundacional; só aparece un nome, Fandiño, que puidese ser de orixe galega.

Non sabemos o grao de implantación da F.A.I. en Galicia nestes primeiros anos. No listado de asistentes ao Pleno Nacional de Regionales da F.A.I., celebrado en Madrid entre o 28 e o 31 de outubro de 1933, xa aparece a Rexional galega, cun delegado que representaba a 16 grupos e 150 afiliados; cifra que amosa unha escasa implantación.

Tampouco os grupos galegos mandan información algunha ao Pleno Nacional de Regionales da F.A.I. celebrado en Madrid o 31 de xaneiro e o 1 de febreiro de 1936; sen embargo, nunha carta enviada polo Secretariado do Comité de Relaciones Anarquistas Galaico, datada en Ferrol o 8 de xaneiro de 1936, comunicaban ao Comité Peninsular que tiñan nomeado dous delegados para asistiren caso de que se celebrase en Madrid; a outra cidade non poderían, por problemas económicos.

O GRUPO "PLANTAS NUEVAS" DE BETANZOS

O historiador betanceiro Torres Regueiro [1992: 101] deu a coñecer a existencia deste grupo, pero a penas indicaba máis que o nome do mesmo.[2]

2 Torres, como veremos de seguido, equivócase na data de fundación do grupo (que el pensa que foi o 15 de setembro de 1935); tampouco asegura que fose da F.A.I. -de feito o inclúe no apartado de "Ateneos libertarios e sociedades culturais", aínda que si menciona que o grupo foi fundado por simpatizantes desta organización. A data que propón correspóndese cun artigo -que reproducimos- que o grupo publica na revista anarquista coruñesa *Brazo y Cerebro*, patrocinada polo grupo faísta do mesmo nome (e que foi, en boa medida, un portavoz oficioso da F.A.I. galega), pero que nada ten que ver coa súa fundación. *Brazo y Cerebro* sae á rúa o 15 de maio de 1935: non existía, por tanto, na época na que se constitúe "Plantas Nuevas".





A primeira noticia que temos de "Plantas Nuevas" é unha carta deste grupo dirixida á Federación Anarquista Ibérica, datada en Betanzos o 11 de xullo de 1934, na que informa da súa pasada constitución -que debeu ter lugar probablemente a comezos dese mes-. Non era habitual que os grupos se dirixisen ao Comité Peninsular sen antes teren informado ao Comité Regional de Relaciones; neste caso, comprobamos que a información da que dispuña o grupo sobre a organización faísta era escasa, e utilizara o conducto dun faísta coruñés, Luís Chamorro, para facerse co enderezo.

Días despois, o 17 de xullo, é o propio Chamorro quen dirixe unha misiva ao Comité Peninsular, informándolle non só da creación do grupo de Betanzos senón de outros xa fundados ou en trance de se constituíren. Nesta misiva, Chamorro dá conta da existencia de colectivos faístas en Lugo, Ourense, Monforte, Vigo, Betanzos, Sada, Ferrol, Tui, Carballo e Santiago.

Non tardou en poñerse en contacto o Comité Peninsular cos betanceiros de "Plantas Nuevas". En carta datada en Barcelona a 24 de xullo de 1934, o C.P. acusa recibo da carta, felicitándoos por teren ingresado na F.A.I. Prometen xestionar a súa petición de que lles envíen o semanario *F.A.I.* (que era clandestino), comunicándolles, así mesmo, que en *Tierra y Libertad* publicaríase a constitución do grupo. (A F.A.I. publicou tamén outra revista, *El Soldado del Pueblo*, de carácter antimilitarista).

"Plantas Nuevas" dirixirá ao C.P. da F.A.I. unha nova carta, datada en Betanzos a 29 de xullo de 1934; nela, acusan recibo da do 24 de xullo xa mencionada, fan profesión de seguiren defendendo e propagando o ideario anarquista, manifestan o seu rexeitamento ao Frente Único e informan de que se puxeran en contacto con compañeiros da Coruña para faceren unha campaña en tal sentido. Por último, solicitan folletos para difundiren o ideario anarquista entre os labregos.

Asina a carta o Secretario do grupo, Antonio Vázquez Pérez, o primeiro nome dun militante da F.A.I. betanceira que encontramos na documentación, aparecendo nela o selo do grupo, que reproducimos neste traballo.

O Secretariado do C.P. da F.A.I. envía ao Comité de Relaciones galego da F.A.I., con sede en Ferrol, un escrito, datado en Barcelona o 24 de agosto de 1934, no cal, ademais de outras consideracións, pon ao organismo galego ao tanto dos novos grupos creados, que eran os seguintes:

"Orto", da Coruña. O sen enderezo era o seguinte: Octavio Carro Garcia, Olmos 10 (Café-Bar "La Oficina")

"Los Solidarios", da Coruña. Enderezo: R. Lamas, San Andrés, 123.

"Plantas Nuevas", de Betanzos. Enderezo: Antonio Vázquez Pérez, 2ª Travesía da Marina, 69 (Betanzos).

Hai nesta carta un apartado interesante, que semella indicar que se falaba de armas -pistolas ou bombas-:

> *Tenemos presente vuestro encargo y ya os hubieramos mandado alguna pero como esto es tan delicado esperamos que nos dean de faciles y factibles de manejar.*

Temos que ter en conta que a F.A.I. era firme defensora da acción directa.

Non foron os anteriormente citados os únicos grupos faístas da cidade da Coruña. Na documentación encontramos outros como "Nervio" ou "Alfa Orto". Quizais escribamos

algo deste tema noutra ocasión.

Unha nova noticia témola na misiva que o Secretario do grupo coruñés "Orto" envía ao C.P. da F.A.I., datada na Coruña o 27 de agosto de 1934; interesa para o caso de Betanzos o seguinte parágrafo:

> *Queremos relacionarnos directamente con los compañeros que hacen el periódico F.AI. indicarles que nos escriban; tenemos el encargo de los compañeros de Betanzos de 40 números del periódico, y al mismo tiempo daros a conocer una nueva dirección, por si teneis que dirigiros alli. Héla aquí. Gerardo Mosquera. [tachado: Betanzos Viejo –e o resto ilexible]*

Como vemos, aparece o nome de outro faísta betanceiro, Gerardo Mosquera, probablemente o novo secretario, como logo veremos. ¿A que se debe este cambio de enderezo? Torres [1992: 113], comenta, ao analizar os conflictos promovidos polos cenetistas na bisbarra de Betanzos e Sada, que o 18 de xullo de 1934 estoupa unha bomba no local "La Terraza", de Sada, co arrendatario do cal a C.N.T. mantiña unha dura pugna. Antonio Sánchez "O Gaiolo", conserxe da Casa do Pobo de Betanzos e membro do Sindicato de Profesiones Varias da C.N.T. brigantina, foi acusado pola Garda Civil de estar implicado. Cando o ían deter, fuxiu, cruzando a ría a nado. Logo de instruírselle un sumario, foi declarado en rebeldía.

O Secretariado do Comité Regional Galaico, en carta enviada ao C. P. da F.A.I., datada en Ferrol o 2 de setembro de 1934, infórmalle que

> *.. ya estamos en contacto con los tres nuevos grupos que nos habeis dicho de Coruña y Betanzos...*

Pasarán varios meses (incluída neles a Revolución de outubro de 1934 e a durísima represión posterior) ata que volvamos ter noticias de Betanzos. Sen que se especifique o nome do grupo, sabemos que para o 9 de xuño de 1935 estaba prevista a celebración dunha excursión a Pontedeume, na que se reunirían camaradas faístas da Coruña (o grupo "Brazo y Cerebro"), Ferrol, Sada e Betanzos. [*Brazo y Cerebro*, 1 (15-5-1935)]. Esta excursión realizaríase, definitivamente, o 21 de xuño. [*ByC*, 6 (1-8-1935)].


PERIODICO DE ORIENTACION ANARQUISTA

Precio: QUINCE céntimos || LA CORUÑA, 15 DE DICIEMBRE DE 1935 || Número 15 – Año I

Teremos que agardar a xullo de 1935 para termos novas noticias, de índole orgánica, dos faístas de Betanzos. Neste mes, celébrase un Pleno de grupos anarquistas afectos á F.A.I., ao que asisten representacións da Coruña e contornos, Sada, Cabovilaño, Ferrol, Mugardos, Piñeiros, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Porriño, Tui, A Guarda, Moaña e Ourense. Aínda que parece que non asiste Betanzos, sabemos que o grupo funcionaba; así, no primeiro punto da Orde do Día, "Informe del secretario del Comité de Relaciones", este pon en coñecemento dos asistentes que, logo de moitos problemas xurdidos a raíz do movemento de decembro de 1933, no cal a F.A.I. quedara esfarelada a consecuencia da represión e do encarceramento dos seus mellores militantes, o actual Comité tivo que

facerse cargo da organización. Houbo moitos atrancos para desenvolver o labor, pero acadouse reorganizar Coruña, Ferrol, Lugo, Sada, Betanzos, Pontevedra e Tui, organizándose novos grupos en Ourense, Valdeorras, Vigo, Vilagarcía, Moaña, A Guarda, Santiago, Cabovilaño e Marín.

F. A. I.

Comité Regional de Relaciones Anarquistas Galaico

SECRETARIADO

Ferrol de de 193

A intención de que o Comité Regional de Relaciones Galaico residise na Coruña, debido a que nesa cidade a organización confederal, a C.N.T., tiña máis forza que en ninguna parte de Galicia, non callou. O Comité desprazouse, con tal motivo, varias veces á Coruña, pero compañeiros coruñeses, bos coñecedores do ambiente anarcosindicalista da cidade, dicíanlle aos membros do Comité que esa idea non era posible, xa que na Coruña había moitos inimigos da F.A.I., pero sen explicar as causas. O secretario do Comité entrevistouse mesmo con Julián Carballo, organizador dos Grupos de Defensa da C.N.T. Ante a petición do secretario de que tiñan que organizarse na F.A.I., para así mellorar a propaganda das ideas e ser máis eficaces nun momento insurreccional, Carballo, ao que califican de "enemigo de la F.A.I. y como consecuencia enemigo de la emancipación de los trabajadores", manifestoulle que, na súa opinión, a F.A.I. non cumpría co seu cometido, entrometéndose en asuntos que non lle incumbían, criticando a súa presencia nos Sindicatos; "cosas de los reformas y de los sindicalistas a secas" -di o secretario faísta-, que conclúe:

> *en verdad allí en Coruña no existe más que sindicalistas a secas, a pesar de haber hombres de lucha, pero en verdad no hay quien los entienda; en fin que no hemos podido organizarla en la forma que deseábamos, por eso ha continuado el comité en Ferrol.*

O resto de Galicia estaba de acordo co Comité.

Outro tema importante foi o estado de contas. Fíxose constar que durante varios años un reducido grupo de compañeiros afrontou o peso dos gastos, situación que non podía continuar.

Fálase de organizar unha xira propagandística por toda Galicia e hai tamén un debate sobre o que ocorreu nun mitin celebrado en Francia, no cal os representantes ibéricos non fixeron uso da palabra, *mereciendo la condenación general, tanto ibérica como de los extranjeros*. O secretario manifestou que sabía moi pouco do asunto, e que pedira ampla e clara información ao Comité Peninsular. Insístese no tema por parte de varios grupos, porque deste asunto deriváranse acusacións contra Ascaso e Garcia Oliver, circunstancia esta aproveitada polos cenetistas moderados para atacar á F.A.I.

Respecto á participación nos Grupos de Defensa, acórdase cumprir a ponencia do Comité Nacional de Defensa.

Neste mesmo mes de xullo encontramos ao faísta betanceiro Gerardo Mosquera como pagador dun xiro de 2,40 pts, correspondentes á suscrición á revista *Brazo y Cerebro* que, supoñemos, distribuiría o grupo na bisbarra. [*ByC*, 5 (15-7-1935)]. Agás un caso do que

axiña falaremos, Mosquera será a persoa que apareza remesando xiros á revista nos seguintes meses: 8,25 pts [*ByC*, 12 (1-11-1935)], 2,75 pts. [*ByC*, 14 (1-12-1935)], 9,30 pts [*ByC*, 16 (1-1-1936)], 5,50 pts [*ByC*, 19 (15-2-1936)] e 5,30 pts [*ByC*, 20 (15-3-1936)]. Esta constante presencia de Gerardo Mosquera, e que o seu nome e enderezo apareza como o contacto da F.A.I. brigantina co Comité Peninsular, é o que nos fai supoñer que debeu ser, logo da fuxida de Antonio Sánchez, o novo secretario de "Plantas Nuevas".

Ao mes seguinte, agosto de 1935, encontramos en *Brazo y Cerebro* un artículo remesado por un betanceiro, José Tallón, probablemente simpatizante da F.A.I.:

JUVENTUDES

UN ESPÍRITU REBELDE.

Mi modesto ofrecimiento

A los jóvemes que ansían su libertad

Me duele en el alma consumir esta vida miserable que me obliga a tener esa menguada organización social que sufrimos, en la que el esplendor fastuoso y ofensivo de los privilegiados se basa en el dolor de los explotados.

No merece la pena vivir en esta esclavitud. Tienen toda mi simpatía algunos animales irracionales que se matan o mueren de coraje cuando caen en cautiverio. No elogio el suicidio, no; consciente de mi papel en este globo terráqueo, sabré morir, y hoy desprecio en el fondo de mi alma esta miserable fatiga de vegetar despojado, por la fuerza brutal de unos desalmados, de todos los placeres y alegrías que nos brinda Natura a todos los hombres por igual.

Es preciso despreciar, repito, esta inquisitorial esclavitud y ofrendar nuestra sangre, nuestra vida, a la noble acción de conquistar una nueva, justa, humana, plácida organización social.

Sólo me consuela en este mal vivir que arrastro el tener una vida que ofrecer a la Anarquía, para que algún día pueda vivir feliz toda la humanidad.

Mi mayor placer, [...] y sublime, fuera morir entre los escombros de lo arcaico, con la piqueta y la antorcha depuradora entre mis manos, destruyendo todo lo perjudicial para que mis compañeros supervivientes levantasen sobre sus ruinas la sociedad nueva, fraternal, justiciera, natural y libre.

Pido anheloso un puesto de peligro y confianza para morir con la satisfacción de haber contribuído al advenimiento de la justicia, dándole algún mérito a esta triste vida mía de paria despojado.

¡Organizadme, camaradas!

Aprovechad mi rebosante rebeldía. Y vosotros, bondadosos jóvenes, descamisados y víctimas del régimen brutal del capitalismo clerical, brindaos en tan noble empeño también como yo.

¡Todo es preferible a vivir esta agonía humillante e indigna!

JOSÉ TALLÓN

Betanzos [*ByC*, 6 (1-8-1935)]

Tallón remesará outra colaboración á revista, titulada "El mapa de Abisinia", pero o mal estado da copia da que dispomos non permite a súa lectura. [*ByC*, 15 (15-12-1935)].

En agosto de 1935 aparecen dúas persoas de Betanzos como suscritores de *Brazo y Cerebro*: E. M., con 1,15 pts e R. C., con 1,10 pts. [*ByC*, 7 (15-8-1935)] ¿Quen eran? Dous cenetistas brigantinos mencionados no artículo de Torres Regueiro teñen as mesmas iniciais, que poderían corresponder ás indentidades dos suscritores da revista, pero non o podemos afirmar con seguridade.

Neste mesmo mes, "Plantas Nuevas" publica en *Brazo y Cerebro* un artículo (o que levou á confusión a Torres). Di o seguinte:

DE GRUPO A GRUPO

A todos los hombres libres.

El hombre no puede, o no debería, oponerse a la realidad que siempre es tan aleccionadora. Muchas veces el ser humano emprende la marcha sobre la pendiente de la vida, y en su carrera progresiva le sorprende lo imprevisto.

La fuerza de la corriente suele muchas veces arrastrarle hacia lo infinito, y el, al querer detenerse, encuentra que valores ocultos, que escapan a sus cálculos reducidos, lo empujan y colocan en la disyuntiva de seguir la marcha acelerada, o de ser arrollado por los mismos valores, que el mismo, conciente o inconscientemente, contribuyó poderosamente a crear.

Nuestro campo de experimentación y de lucha, es un campo donde todos los que piensan y sienten anhelos de redención humana tienen un puesto para ocupar, si quieren ser útiles a nuestra causa. Nuestro movimiento es tan rico y variado en matices, que en él se pueden llenar todas las apiraciones nobles y abnegadas.

Los que sirvan para educar, que cumplan su misión educativa. Los que sirvan para la lucha, que aún no hayan fracasado en impetuosidad, que ocupen el puesto que esté más en concordancia con su temperamento. Eso si, sin destruir los unos, la obra de los demás.

Nuestra empresa es la empresa de todos, y todos nos debemos a ella. Cesen, pues, de una vez y para siempre, las luchas intestinas que pueden agravarse aún más hasta llegar a convertirse en luchas fratricidas.


El "Grupo Plantas Nuevas", por primera vez, llama a las puertas de la conciencia y del noble corazón de todos para que cesen de una vez para siempre las luchas despiadadas que tanto daño causan a nuestra idea.

Sería imperdonable para nosotros que en nuestra ceguera, enfrascados en luchas bizantinas, pasáramos inadvertidos los presentes momentos históricos de gran convulsión, que pueden, en plazo breve, llevarnos a todos a la consecución de lo que ahora es motivo de tantas discrepancias.

El "Grupo Plantas Nuevas".

Betanzos, agosto, 1935 [*ByC*, 9 (15-9-1935)]

Esta conflictividade interna que viviu o anarcosindicalismo no ano 1935 é analizada, no caso galego, por Pereira [1994: 115-122], a quen nos remitimos. Só diremos que os asuntos que causaban tanta problemática foron o papel do Partido Sindicalista, a auxe do PCE, as Alianzas Obreras, e a posibililidade de non facer campaña abstencionista nas Eleccións Xerais que se prevían. Era prioritario, tamén, impulsar campañas a prol da amnistía para os presos, derogación da lexislación represiva e reincorporación dos obreiros represaliados aos seus traballos.



Un mes despois, temos outra nova colaboración de "Plantas Nuevas" en *Brazo y Cerebro*, que precisamente coincide co que vimos de mencionar:

¡Exigimos la libertad de los presos!

Como en tantas otras ocasiones, nos encontramos a merced de la voluntad policíaca. El contubernio de la burguesía con los elementos de represión, debidamente autorizada por los encargados de manejar la nave del Estado, produce la obsesión persecutoria contra los elementos actuantes de la C.N.T. y F.A.I.

Para disimular y ocultar a la opinión, cuanto sea posible, los bárbaros hechos que descaradamente producirían asco, aguzan su pobre ingenio en la creación de fantásticos propósitos que imputan a los que han decidido inutilizar, o acusan cínicamente como autores de acontecimientos criminales a los más activos militantes, excusando de paso las patentes pruebas que tiene dadas de completa inutilidad en la desagradable profesión a que se dedican.

Pero, pisoteadas en tanto las libertades, taxativamente consignadas en todas las Constituciones, los productores dignos soportan los vejámenes que a los dictadores se le antojan y contemplamos las cárceles llenas de hombres dignos que reclaman con sus voces estentóreas, dirigidas al pueblo y a sus compañeros, la libertad.

Ignoramos el número aproximado a que ascienden los presos, pero sabemos que son millares.

Y aunque sólo fuera uno, sería suficiente para provocar la más indignada protesta.

No es bastante, tampoco, con acceder graciosamente a la libertad de los detenidos cuando lo entiendan oportuno las autoridades, sino extirpar de raíz esos procedimientos que repugnan las conciencias más atrofiadas e insensibles.

Es para esta lucha, es para esta afirmación de la vida para lo que debemos prepararnos todos, sin reparar en sacrificios.

¡La salvación está en todos y en cada uno! [*ByC*, 11 (15-10-1935)]

A finais de outubro ou comezos de novembro de 1935 constitúese, en Sada, un grupo anarquista que se vencella á F.A.I., denominado "Nueva Vida",

> *...grupo que, en su entrada a la lucha, lanza un saludo a los presos y perseguidos del mundo, y pide, para uno de los aspectos de su labor, que camaradas, instituciones e editoriales, les envíen toda clase de propaganda: periódicos, libros y folletos, que remitirán a la dirección de este periódico...* [*ByC*, 13 (15-11-1935)].

Non temos máis noticias de Betanzos ata o verán de 1936. Para o mes de xullo anúnciase en *Brazo y Cerebro* unha xira que, aos Caneiros de Betanzos, organizan as entidades "Ateneo de Divulgación Social" de Betanzos, as "Juventudes Libertarias" da Coruña, o Centro de Estudios "Germinal" da Coruña e "Brazo y Cerebro". [*ByC*, 25 (1-6-1936)]. Esta xira íase celebrar, definitivamente, o domingo 2 de agosto de 1936, pero, obviamente, non se chegou a realizar: impediuno a sublevación militar fascista. Apoiaban esta xira, para a que se fretaba un tren especial que sairía da Coruña, outras entidades, ademais das citadas anteriormente: Ateneo "Nueva Era" e Ateneo "Generación Consciente". O programa incluía, a parte de xantar de confraternidade e baile con orquestra, as intervencións do mestre Juan Expósito, que disertaría sobre "Escuelas Racionalistas", Francisco Iturralde, sobre "Universidade Proletaria" e José Grande, sobre o problema agrario en Galicia. [*ByC*, 28 (15-7-1936); Pereira 1998: 100]. Neste mesmo número aparece un chamamento do Ateneo de Divulgación Social "Nueva Aurora" de Betanzos, unha das entidades convocantes. Logo de comunicar a súa recente constitución, solicitaba de todos os organismos afíns, e das publicacións libertarias, libros, folletos e prensa para a súa mesa de lectura. Pedía tamén, ás administracións correspondentes, o envío de 5 exemplares de *Liberación*, 5 de

Tiempos Nuevos, 10 de *Más Lejos*, 10 de *Ruta* -cando aparecese-, e 10 de *Cultura Proletaria*, de Nova Iorque. Estas publicacións enviaríanse ao seu domicilio social, na rúa Ana González, 33-1º de Betanzos.

Torres Regueiro [1992: 101] informa de que "Nueva Aurora" constituírase o 13 de maio de 1936, aprobándose o Regulamento, polo Goberno Civil, o 25 de maio. Era o seu promotor e presidente un xove de 24 anos, Enrique Sóñora Couceiro.

A última noticia que coñecemos sobre a F.A.I. en Betanzos vén nunha carta que o Secretariado do Comité Regional de Relaciones Anarquistas Galaico envía co Comité Peninsular, datada en Ferrol o 29 de xuño de 1936. Nela, informan de que, aproveitando un mitin concentración celebrado na Coruña, reuníronse representantes dos grupos galegos, asistindo Ferrol, Lugo, Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense, Betanzos e Villagarcía. Nesta xuntanza deron a coñecer a circular enviada polo Comité Peninsular á Regional Galaica, e todo o relacionado cos congresos Nacional e Internacional. Querían que a dita xuntanza asistise García Oliver, para cambiar impresións con el sobre a F.A.I., pero este encontro non tivo lugar porque *aquellos anarquistas de papel carton de la coruña lo ha secuestrado en un lugar conocido por el puente del pasaje a una distancia de Kilómetros 3. de la ciudad.*





Hai nesta carta un apartado extenso que ratifica que as relacións da F.A.I., especialmente cos anarquistas coruñeses, non foi moi fluída -algo que vemos continuamente na correspondencia-. Segundo a misiva, nunha xuntanza da F.A.I. e militantes galegos celebrada en Zaragoza, falárase da conducta do militante, de orixe arxentina, Furnerakis (un dos promotores do grupo faísta coruñés, e da revista do mesmo nome *Brazo y Cerebro*, e das Juventudes Libertarias). Estando o Comité de Relaciones galego na Coruña, léuselle unha carta da Regional del Centro na cal se dicía que viñan de falar co secretario de Comité Peninsular, comentándolles este que, por culpa dun elemento indesexable da organización específica (F.A.I.) da Coruña, non medraba a organización. O Comité de Relaciones galego quéixase ao C.P. de non ter sido consultado sobre ese asunto, máis aínda cando a esa xuntanza de Zaragoza asistía un delegado do Comité. E continúan:

O Teatro, no seu sentido de se-lo conxunto de tódalas producciónsdramáticas dun pobo, dunha época ou dun autor, é a modalidade literaria máis variada de todas cantas hai ou poida haber, xa que non son só as tres clásicas: comedia, drama e traxedia, senón que cada unha destas pódese subdividir en moitas máis, que indican ou pretenden indicar as distintas facetas ou situacións polas que a vida do home e o transcorrer da humanidade pode atravesar no seu deambular por este mundo capaz, se quere, de depararnos unha sorpresa a cada instante.

INVENCIÓN OU APARICIÓN DO TEATRO

O Teatro aparece en canto o home ou homo, pola súa condición de sapiens, aprende a se comunicar cos seus semellantes.Cando lle conta á familia ou tribo, as súas sensacións, os seus medos, as súas alegrías, é cando aparece a forma máis elemental do teatro, na figura do que hoxe chamamos en Galicia «contacontos».

Cando pouco a pouco vai deixando a súa tendencia gregaria ou simplemente as circunstancias o forzan a atoparse só e lle acontece a el ou, simplemente, ocorre no seu entorno, algo que, para el, era completamente descoñecido, no momento en que torna ó seu grupo é lóxico que pretenda contarlles a aventura da que foi protagonista, facéndoo có máximo luxo de detalles, comezando por explicar como era o escenario, como eran os demais peronaxes que interviñan, o que pretendían e de que xeito puido el sobrevivir a aquela aventura e como soubo chegar ó seu curral. Así debeu aparecer o teatro primitivo.

TEATRO ARTÍSTICO

O teatro artístico naceu, como todas ou case tódalas manifestacións culturais, no mesmo sitio no que dicimos que nace o sol: no extremo oriente. Os primeiros pobos que tiveron un teatro cun verdadeiro valor artístico foron o chinés e o indú.

Na China os emperadores protexeron esta arte, que acadou unha respectable altura. As primeiras representaccións eran danzas e pantomimas que, máis tarde, evolucionaron cara ó sentido relixioso e, sempre ou case sempre, mesturado coa música. Durante a dominación dos Yuen chegaron os chineses a un grande abano de xeitos e formas, representándose obras baseadas en argumentos históricos, xudiciarios, fantásticos e de intriga. Como non existían locais para realiza-las representacións, facíanse estas nas casas, nas rúas ou nas prazas. O que si empregaban era decorados, que pintaban de cores brillantes, rechamantes. A profesión de comediante estaba moi mal considerada. As mulleres non traballaban no teatro e os seus papeis eran representados por rapaces.

Cando había algunha representación anunciábase ó son dun tambor e dunha trompeta, exactamente igual que en Betanzos mentres houbo representacións ó aire libre, que os nenos chamabamos «as comedias».

Voltando ó teatro chinés, consérvase unha vella peza de teatro, da que é autor Li Hsing Tao, que ten por título «Círculo de Xiz» , na que o autor alemán Bertolt Brecht se inspirou para escribir a súa obra tan famosa, «O Círculo de Xiz Caucasiano» . E outros moitos autores para realizar outras baseadas no mesmo argumento.

Por outra parte sábese que os indúes inventaron axiña o seu teatro, posto que no Rig Veda aparecen moitos diálogos, propios da técnica dramática e danzas sacras con acompañamento de cánticos e recitados que deron orixe a fábulas e accións propias para facer representacións que se levaban a cabo enriba dun taboleiro arrodeado e cuberto de

cortinas amarelas naquelas obras nas que o asunto era heroico, brancas nas eróticas, vermellas nas pasionais e negras nas tráxicas.

TEATRO CLÁSICO

Na Grecia, clásica tamén, o teatro dende o seu principio tivo un carácter nacional, incluíndose no mesmo a feceta relixiosa, polo que se converteu nun espectáculo eminentemente popular do que non se excluía a ninguen: nin ás mulleres nin ós escravos. Empezouse a representar nas ágoras ou prazas públicas. Foi Pericles quen ergueu o primeiro teatro con materiais de construcción. Segundo parece este teatro tiña unha forma semicircular e emprazárono nun lugar que xa tiña un declive de seu para poder facer, dun xeito máis cómodo, as bancadas que ocupaba o público. O recinto estaba dividido en tres partes diferenciadas: theatron, que eran as bancadas divididas por escaleiras para o acceso; abaixo delas a orkestra, semicírculo onde se instalaba o coro; e dando fronte a todo isto, a skena, que era unha plataforma na que se representaba a obra que estaba protexida por un teito.

O teatro de Atenas, segundo dixo Platón, tiña un aforo para trinta mil persoas e outros dixeron que o de Éfeso ainda era máis grande. Coido que o resto da evolución non fai falla explicalo.

DRAMA E DRAMÁTICA

En calquera diccionario se pode ler que drama é unha composición literaria en prosa ou en verso na que se representa unha acción da vida, soamente co diálogo dos persoaxes que nela interveñen. E que a dramática é un xénero literario que ten como elemento pricipal a acción, representada por dous ou máis personaxes -hoxe tamén está representada por un- baseado todo nun argumento.

A dramática tamén se divide en xéneros maiores e menores. Os principais dos maiores son a traxedia, a comedia e o drama; e entre os menores están os xoguetes cómicos, farsas, autos sacramentais, pasos, entremeses, sainetes e moitos máis, sendo o único que nos interesa para este traballo o APROPÓSITO.

¿QUE É O APROPÓSITO?

No apartado 4 do AGRADECEMENTO con que se comeza este artigo, cito a don Luis Iglesias de Souza e ó seu fillo don Luis Iglesias Feijóo, como autores sucesivos do libro TEATRO LÍRICO ESPAÑOL, no que se nos da a súa definición, que ven de ser a contestación deles á pregunta enunciada:

«Es un género que si bien se escribe con una sola palabra, en realidad de verdad debería separarse en `a propósito` puesto que estas obras así denominadas son `con motivo de´. Unas veces -por lo general- provienen de las fiestas carnavalescas y acaso el mayor número de ellos puedan ser incluídos en esta clase. Pero es cierto que hay otros que aun no llamándose así, por su pretensión, su desarrollo, sus motivaciones y hasta su estructura podrían ser incluídos.» (...) «Pero también es verdad que numerosísimos apropósitos, y sobre todo los carnavalescos, que se dedican a poner en solfa los aconteceres habidos en una ciudad durante el año, de Carnaval a Carnaval, aparte de no exigir un libreto muy cuidado, solían ser acompañados de música de obras ajenas, tanto de zarzuelas como de óperas o canciones populares. Esta nota distintiva (...) tampoco deja de admitir excepciones, pues conocemos -y catalogamos- bastantes ejemplos de apropósitos

con partitura propia. = En otro lugar he escrito que el apropósito muy probablemente tuvo su origen en Galicia y concretamente en La Coruña, a juzgar por los ejemplos más antiguos que han llegado a mi conocimiento. Pero aparte de los apropósitos de los años 1870 en adelante y que tenían por creadores a socios de la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos de La Coruña -conocida familiarmente con el nombre de Circo de Artesanos- sabemos también de otros ejemplos en Pontevedra, Lugo, Ferrol y Betanzos. Apunto esta originalidad como hipótesis y estoy dispuesto a rectificar si se aportan pruebas de obras de este género nacidas en otras latitudes con anterioridad. (Alguna noticia tengo de Cádiz, por ejemplo, ciudad con una rica vida musical).»

Nun libro escrito por don Félix Estrada Catoyra, titulado «CONTRIBUCCIÓN A LA HISTORIA DE LA CORUÑA», relativo integramente a «La Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en sus ochenta y tres años de vida y actuación», no seu capítulo adicado ós anos 1872-1873-1874, dise textualmente: «En dicho año de 1872 aparece por primera vez con el nombre de Apropósito la oración fúnebre burlesca a que daba motivo en pasados años el entierro de la Sardina, que en improvisada tribuna y a manera de sermón, pronunciaba algún socio humorista. Presentaron a la Directiva un juguete cómico lírico don Domingo Camino y don Cesáreo Cortés, cuyo trabajo pasó previamente a la aprobación de la sección de Fomento del Gobierno Civil, y que aprobado por el Gobernador se representó en el Teatro Principal, con asistencia de las autoridades civiles y militares y las Directivas de las Sociedades de recreo, quedando propiedad de la Seccion de declamación dicho juguete cómico-lírico. = Inaugurose por tanto en dicho año, y siguió en lo sucesivo, representándose análogas revistas que tomaron el nombre genérico de apropósitos, para los que abría concurso la sociedad, estableciendo un premio para el que fuese elegido por un competente jurado, resultando algunos verdaderamente notables por su gracia y estilo literario, ya en prosa, ya en verso, con música o sin ella.»

Así continuou o Círculo de Artesanos representando apropósitos cada Carnaval, con escasísimas interrupcións, ata que chega o ano 1901, no que, baixo a presidencia de don Eduardo Vila Algorri e formando parte da directiva sobranceiros coruñeses como don Eladio Rodríguez González -quen gañou un par de premios con senllos apropósitos-, tomou a determinación de modificar a xestión económica da entidade, «suprimiendo algunos gastos desproporcionados, como los exhorbitantes dedicados al entierro del Carnaval, que con el apropósito habían llegado a tomar grandiosas proporciones, difíciles de sostener; para ello (...) convocó en consulta a una Junta General que se celebró el día 13 de Enero, la que por unanimidad acordó suprimir el entierro del Carnaval y la celebración del apropósito.»Dende este momento non hai constancia de que se celebraran máis representacións de apropósitos, tomando a entidade un rumbo en canto ós actos literarios e festivos de indubidable máis alta categoría, palpándose una tendencia máis elitista.

A pregunta que encabeza este apartado ainda non foi contestada, xa que aínda non sabemos de certo que é un apropósito:

Para don Luis Iglesias de Souza a palabra debérase separar en dúas, «a propósito», posto que estas obras, así denominadas, fanse «con motivo de».

Para don Félix Estrada Catoyra: «En dicho año de 1872 aparece por primera vez con el nombre de Apropósito, la oración fúnebre burlesca a que daba motivo en pasados años el entierro de la Sardina.»

Abundan as persoas moi pouco dadas a consultar os diccionarios, que están para algo. O da Real Academia Española di que Apropósito é unha «Breve pieza teatral de

circuntancias.» En canto os diccionarios galegos, despois de consultar varios, só no Diccionario Enciclopédico Gallego Castellano, elaborado por don Eladio Rodríguez González, editado por Editorial Galaxia, Vigo 1958, Depóstio Legal PO 85-1958, aparece co siguiente significado: «Pasatiempo teatral que por antigua costumbre se representa en La Coruña por aficcionados el miércoles de ceniza. / Es una especie de revista cómica de brocha gorda, intercalada con coplas en música ya conocida, que pone fin a las fiestas de Carnaval criticando con más o menos ingenio y desenvoltura los principales sucesos ocurridos en la capital durante el año precedente.» Téñase en conta que este señor levou premios do Circo de Artesanos, con dous apropósitos, dos que foi coautor.

Emporiso ningún destes señores andaba moi lonxe da realidade, xa que a palabra apropósito é moi moderna no sentido de ser admitida polas autoridades lingüísticas, xa que no diccionario da Academia Española editado no ano 1914, último que puiden consultar, ata os actuais, non figura.

Indagando na Enciclopedia Espasa, Tomo V, non aparece tal palabra, pero si atopei o seguinte: «A PROPOS. Lit.dram. En el teatro francés se da este nombre á ciertas obras basadas en un acontecimiento de actualidad y que, escritas para sacar partido del interés que éste haya producido en el público, atienden más al efecto escénico que á la literatura y á la lógica teatral, En el teatro castellano este género de obras se encuentra en las llamadas revistas, distintas del á propósito, obra de pocas dimensiones y escrita, con preferencia, para el lucimiento de un artista»

Onde si aparece é no «Diccionario de uso del Español», de María Moliner, Editorial Gredos, S.A. Madrid. Depósito legal: M.25966-1970, que di literalmente: « APROPÓSITO (Síntesis de «a propósito», n.) Pieza teatral breve de tema alusivo a algo actual.» Como vemos, María Moliner, unha das máis grandes autoridades nesta materia, danos esta palabra como síntese de «a propósito», que é onde quería chaegar o Sr. Iglesias de Souza.

En canto a opinión do Sr. Estrada Catoyra tampouco é descamiñada, en tanto á aparición do apropósito como derivación do Sermón do Enterro da Sardiña, xa que logo, na Coruña ocorreu así, e o mesmo en Betanzos, como máis adiante veremos.

PALABRA NOVA PARA UN XÉNERO ANTIGO

Vimos como APROPÓSITO é unha palabra, como todas, inventada pola xente, oficializada recentemente e, seguramente, procedente do francés, como podemos deducir da nota reflexada anteriormente da Enciclopedia Espasa. Eran tempos en que todo se recollía de Francia e do francés, como agora se pilla do inglés.

Mais o feito de que tal palabra sexa moderna non quere dicir que o sea o xénero teatral que a mesma indica, posto que hai moitísimos anos que se emprega, inda que fora un vulgarismo, e ainda hai moitos anos máis que tal xénero teatral se escribe e representa.

Se queremos retrotraernos ós antigos antecedentes que do apropósito podemos atopar nas línguas romances da península, sería ben trasladarnos á década do 1340, que é cando se calcula que Juan Ruiz, o Arcipreste de Hita escribiu o Libro del Buen Amor. A pouco que se faga, pódese escenificar aquel capítulo que se titula DE LA PELEA QUE TUVO DON CARNAL CON LA CUARESMA. Dalí copio:

«Estaba don Tocino con mucha otra cecina,
Lonchas largas e lomos, henchida la cocina,
todos apercibidos para la lid marina;
la dueña fue maestra no vino tan aína.
«De parte de Bayona venían muchos cazones,
mataron las perdices, castraron los capones
del río Henares venían los camarones;
hasta el Guadalquivir ponen sus tendejones.
«De San Andrés vinieron las bermejas langostas,
tenían saetas en las aljabas postas,
hacían a don Carnal pagar todas las costas,
las plazas, que eran anchas, hacíanseles angostas.
«Los trajeron atados porque no escapasen,
se los dieron a la dueña, antes de que librasen;
mandó doña Cuaresma que a Carnal guardasen
e a doña Cecina con el tocino colgasen.
«Los mandó colgar altos, bien como atalaya,
e que a descolgarlos ninguno ahí no vaya;
luego los ahorcaron de una viga de haya;
el sayón va diciendo. «Quien tal hizo, tal haya.»
«Mandó a don Carnal que le guardase el ayuno
e él fuese carcelero, que no le viese ninguno;
si no fuese doliente o confesor alguno,
e a comer le diesen al día manjar uno.»

Nun libro publicado por Editorial Castalia, de Madrid- I.S.B.N. 84-7039-406-1, Edición,introducción e notas de Evangelina Rodríguez e Antonio Tordera, títulado: ENTREMESES, JÁCARAS Y MOJIGANGAS, recóllese unha grande cantidade destas pezas teatrais, da autoría, todas elas, de Pedro Calderón de la Barca. Tanto as Jácaras como as Mojigangas hai que consideralas antecedentes inmediatos do apropósito. Por poñer un só exemplo, na mojiganga titulada El pésame de la viuda, sitúase a acción nun velatorio. Unha amiga da viuda preséntase para da-lo pésame, acompañada dun parente ou dun amigo e, antes de enterrar ó defunto, xa a viúva e mai-lo acompañante da amiga se fan mozos e tratan do seu casamento.

Isto demostra que, tanto as jácaras como as mojigangas tiñan a mesma estructura teatral, presentación argumental e fins de divertimento, que o apropósito, ainda que a actual denominación estaba por aparecer.

O APROPÓSITO NA CORUÑA

No citado libro de don Félix Estrada Catoyra titulado «CONTRIBUCIÓN A LA HISTORIA DE LA CORUÑA», díse textualmente que:

«En dicho año de 1872 aparece por primera vez con el nombre de Apropósito la oración fúnebre burlesca...» Emporiso nunha adenda que figura no libro «TEATRO LIRICO ESPAÑOL», dos Sres. Iglesias de Souza e Iglesias Feijóo, dise que no ano 1858, estreouse no Teatro Principal da Coruña, un Apropósito con libreto de Antonio Díaz Marey e música de varios autores, co que resulta ser este un dos máis antigos entre os que aparecen documentados, xa con esta denominación, se é que non hai erro ou confusión.

APROPÓSITOS DO CÍRCULO DE ARTESANOS

Conforme queda dito, o Círculo de Artesanos promoveu a creación de moitos apropósitos, mediante certames, premios, fomentando cadros artísticos e sufragando as representacións, conservando na súa biblioteca moitos orixinais manuscritos, ademais de ter editado outros.

Deste xeito pódense ler hoxe en día, comprobando a calidade literaria de algúns deles, malia a ser un xénero tan desacreditado, e a vixencia dalgúns problemas que nos mesmos se criticaban, o que quer decir que ainda non están soluccionados. Entre estas obras figuran as seguintes:

SENTENCIA (1875), LO DE SIEMPRE (1893), AHÍ VA ESO (1893), PROCESO DEL AÑO VIEJO (1893), ¿SERÁ EL ÚLTIMO? (1886), PADRE Y REY o LA ÚLTIMA RECEPCIÓN, LA CORUÑA A OSCURAS (1891) Todos anónimos e sen constar se se representaron ou non.

Aparecen outrros que, ademais das anteriores circunstancias, tampouco teñen título. Así é que hai un que comeza: «Soy el Dios de la Locura» e finaliza: «En los cuernos de la luna», Calquera das dúas frases puidera servirlle de título. Outro que, despois de lelo, poderíaselle poñer o de «POBRE MAGNATE», xa que así termina. Hai outro que se podería titular: «La Jamona y la polluela» que ó terminar trae unha nota que dí: « Nota: Los autores de este apropósito disponen de un nutrido repertorio de coplas adecuadas a cada una de las situaciones en que se caiga.»

Noutros xa figura o autor, un pséudónimo e outros datos:

DANIEL ÁLVAREZ ROMERO escribiu varios: APROPÓSITO DEL CARNAVAL DE 1884; outro de igual título para o CARNAVAL DE 1885; POR UN BASTÓN (1887) e EL GRAN PASEO, no que xa colabora o ORFEÓN EL ECO.

¿SERÁ EL ÚLTIMO?, de Antonio de Carricarte, representado en 1886; TRAPITOS AL SOL, de Un Socio (1889); ADIÓS AL CARNAVAL, de Joaquín Gauche y Hermoso (18-II-1874); JUICIO Y SENTENCIA DEL CARNAVAL, por dos Guasones (10-II-1875); LA ÚLTIMA VOLUNTAD DEL CARNAVAL, por Tres Mozos Listos, (1-III-1876); MUERTE Y RESURRECCIÓN DEL CARNAVAL, Autor X (1878); DESPEDIDA DEL CARNAVAL DE 1883, por Un Socio. Este último socio era moi bo coñecedor de Betanzos. Dígoo porque un dos personaxes da obra é LA TIERRA, que, en certo momento exprésase así:

Del viejo Betanzos
vengo fatigado
mi cuerpo cansado
señores está;
y siempre viviendo
del mundo apartado
habito encerrado
en el mineral.
¡De azogue es la mina
qe causa mi dicha;
yo soy una ficha
muy original;
al espiritismo
soy del todo adicto,
por eso un conflicto
vengo aquí a aclarar.
¿Porqué Caramona
así me persigues?
¡Tú mis pasos sigues!
¿Que quieres de mí?

Dixen antes que o autor deste apropósito era bo coñecedor de Betanzos, dí que procede desta cidade e que está vivindo nas minas de mercurio ou de azogue, como tamén se lle chama en castelán a ese metal, que, segundo tradicción popular, existen en Betanzos. O

que si existe, son certos subterráneos, sin que se saiba desde cando, nin con certeza, para que foron feitos. Unha vez descubertos, sabemos mediante un traballo que don Francisco Vales Villamarín, publicou nun Boletín da Real Academia Galega, da que era membro, que, a partir do ano 1785 e a todo o longo do século XIX, fixéronse prospeccións, partindo dos referidos subterráneos, por moitas zonas so subsolo da cidade, sen que se atopara unha pinga de mercurio. Esa crenza tivo orixe na circunstancia de que unha das parroquias desta cidade, tanto ela como a igrexa á que corresponde, denomínanse Santa María do Azougue, pola razón de que no adro desa igrexa celebrouse, dende tempo inmemorial o mercado de cereais, que el galego chámase azougue e en castelán azogue.

Ratifica isto último que acabamos de dicir o feito de que na cidade de Benavente, provincia de Zamora, haxa outra igrexa denominada Santa María del Azogue, na que se reflicte o paso do tempo ó amosarnos na súa enorme mole o xeito de mudaren os gustos artísticos, dende o romántico de finais de século XII ata o barroco do XVIII. Foi declarada Monumento Nacional o 4 de maio de 1931. Nas súas inmediacións celebrouse dende sempre o mercado, xa que a palabra «azogue» provén do árabe As-sûq, que quere decir mercado.

Para concluir esta fase que podemos chamar « época do Circo de Artesanos», imos citar os tres apropósitos que nos quedan de todos cantos puidemos atopar: LA ÚLTIMA BROMA (3 e 4-III-1897), EL GACHÓ DEL CISNE (23-II-1898), ámbolos dous da autoría de Eladio Rodríguez González e Alfredo de la Fuente, e tamén UNA BROMA PESADA, con libreto de Antonio Navarro e música de José Castro «Chané». Este último, ven sendo, entre os apropósitos da Coruña, o primeiro que aparece con música expresamente escrita para el, xa que «Chané» compúxoa os dezasete anos, sendo estreado no ano 1873. Máis tarde sería o autor de Un Adios a Mariquiña, Os teus Ollos, Unha Noite na Eira do Trigo e moitas máis.

Para que o lector saiba, ou polo menos teña unha idea de como eran eses apropósitos, vou copiar un trozo da escena XXII do titulado LA ÚLTIMA BROMA, citado anteriomente:

Yo soy el memo-rialista
mejor que hay en la ciudad
y escribo cartas de amores
a los novios de ultramar.
A mi casa las muchachas
vienen a cientos y, ¡ras!
me dicen lo que desean
y yo les pongo... ¡la mar!
El principio de las cartas
es de última novedad:
«Me alegraré que al recibo
«de estas cuatro letras mal
«formadas, te encuentres bueno,
«como yo deseo, y ... ¡ras!
«la mía buena, a Dios gracias,
«pra lo que gustes mandar.»
Después pongo mil ternezas,
y mucho de aquí (da besos al aire)
(llevando las manos al corazón)
y de acá



Eladio Rodríguez González.

y a ellas se les cae la baba,
y también a ellos quizá;
pero yo cobro los cuartos
y me las gobierno y ... ¡ras!
También algunas palurdas
me vienen a molestar
con cartas llenas de frases
de ternura maternal,
que me dictan en gallego,
y hay que castellanizar,
porque ese gallego enxebre
dulce, melodioso y ... ¡ras!
parece que en La Coruña
ya no lo quieren hablar.
A lo mejor una madre
viene y me empieza a dictar:
«Marica ti non me queres
«e mátasme de pesar
«ti tel-o demo no corpo;
«escríbelle algo a tua nai;
«có corazón eu che pido
«unha carta nada máis.»
Esto que es incomprensible,
yo se lo reformo y ... ¡ras1
y pongo: «Ti no me quiés ,
«Maruxiña, y faces mal;
«a tu madre vas matar;
« la mia filla no me quiere,
«y moriré de pesar.
«Con-o corazón yo pido
«que te traijan para acá:
«sa sei que no lo ajradeces
«pero sa las pajarás.»
Y resulta moi bonito
y mucho más natural.
A lo mejor un Petrucio
que haya sido militar
me dicta una carta a un hijo
que se halla en la guerra y ... ¡ras!
pone que los españoles
la vida debemos dar
cuando peligre la patria:
pues yo le añado además:
«España es patria de héroes,
y no se puede dudar:
Bailén, Zaragoza, Otumba
te lo testificarán.»

Antes de terminar con este apartado hay que ter un recordo para os actores que levaban a cabo a representación destes espectáculos. E digo actores porque nesa época, tanto na Coruña coma en Betanzos, non traballaba ningunha muller, polo que os papeis femininos facíanos os homes, conforme se facía no Século de Ouro do teatro europeo, para representar as obras de Lope de Vega, Calderón de la Barca, Shakespeare, Molieré, etc. Na Coruña destacaron, entre moitos máis: Adolfo Carvallo, Eduardo Puig, Castor Baltar, Manuel Alvarez, Luis Rey Otero, Ricardo Chané, Julio Chorén, Antonio Navarro, Carlos e Ramón Zincke, etc.

Compre tamén facer constar que aparecen outros apropósitos representados na Coruña antes de finalizar o século XIX, sen que se poida corroborar se foron patrocinados polo Circo de Artesanos: EL ENTIERRO DEL CARNAVAL, libreto de Daniel Alvarez e música de Suárez Chané, representado no Teatro Principal no ano 1887; ENTIERRO DEL CARNAVAL DE 1887, libreto de autor descoñecido e música de Jorge Yáñez, representado tamén no Teatro Principal, no ano seguinte. Este músico foi director da Banda Municipal de Betanzos no ano 1873. LA MEMORIA DEL CARNAVAL, con libreto e música de autores descoñecidos e representado no Teatro Principal no 1872; LA POSTRERA CAMPANADA, de Eladio (anque di Eduardo) Rodríguez González e Alfredo de la Fuente, música de descoñecidos, tamén estreado no Principal, cremos que no século XIX, ainda que non aparece datado; APROPÓSITO DE 1890, libreto de Manuel Amor Meilán, música de Constante Suárez Chané, e APROPÓSITO DE 1990, dos mesmos autores, representados no Principal.

Como curiosidade faremos constar o que dixo Manuel Martínez Murguía, aludindo á súa esposa Rosalía de Castro: «No he de callar que muchos de sus versos pasaron de tal modo al dominio público, que entre los cuentos populares que he recogido vinieron bastantes de los suyos, atribuidos ya a la musa popular. En un sermón de carnavales de La Coruña, habiendo su autor intercalado con él la glosa de S. Antonio bendito, la muchedumbre, que desconocía semejantes versos, se desató en aplausos y pidió una y dos veces su repetición.» A glosa a que se refire o Sr. Martínez Murguía é a seguinte: «San Antonio bendito/ dádeme un home, / anque me mate,/ anque me esfole.» Isto pertence á musa popular, anque este señor pensara que era da autoría da súa señora esposa.



Antonio Santiago Álvarez (Nito).

SEGUEN OS APROPÓSITOS NA CORUÑA

Logo de que o Círco de Artesanos deixara de exercer o seu mecenado, non se acabou na Coruña a afección a esta arte e, como producto dela, xurdiron varios autores e moitos actores. Entre eles destaca pola súa calidade e cantidade na producción ANTONIO SANTIAGO ÁLVAREZ, coñecido como «NITO». Naceu na Coruña no ano 1895 e morreu na mesma cidade no 1979. De rapaz iniciouse coma novilleiro, actuando repetidas veces, como o proba o feito de figurar no libro Los Toros, de Cossío. Exerceu o periodismo na Habana, onde estivo emigrado e adeprendeu o oficio de linotipista que, cando regresou, exerceu no xornal La Voz de Galicia.

Vou dar a continuación unha relación dos apropósitos da súa autoría, facendo constar que non estou seguro de que figuren todos os que él estreou: ALFONSIÑO, PAN Y FIESTAS; ¡AY, QUE DEMO DE JUANITO!; LAS DOS Y SERENO; EN LA CORUÑA NINGÚN FERRETE ES FORASTERO; ESTAMPAS DE BUEN HUMOR, TODAS EN TECNICOLOR; LA EUFORIA, MUJER FATAL, PESADILLA NACIONAL; UN FERRETE ARTIFICIAL SURCA EL MUNDO SIDERAL; EL FERRETE SIN CENSURA ES MAS BRAVO QUE UN MIHURA; FERRETES EN ONDA CORTA; LOS LIOS DEL ESTATUTO O MISS CAPITALIDAD; MANTENGAN LIMPIOS LOS FERRETES; OPERACIÓN FERRETE; PUERTA REAL-MONELOS; SÁLVESE EL QUE PUEDA; LA SEMANA GRANDE; COMO NOS VA DESDE MARTE; UN CONCURSO DE BELLEZA QUE QUITARÁ LA CABEZA; UN COCK-TAIL SIN MUCHA MENTA CON COSAS DEL AÑO TREINTA; ¡ ANDA LA ORGA!; MANOS ARRIBA; UNA PELÍCULA FARRERA; VIAJE DE MISS PATELA, DE NUEVA YORK A LA GRELA, ESCENA AMERICANA.

Nun programa referente á estrea da citada obra VUELAN MIS FERRETES, que se levou a cabo no teatro Rosalía de Castro o 6 de marzo de 1935, aparecen: como autor Nito, naturalmente; como director, Vicente Castelo; como maestro concertador, Jesús González e como primeiro actor, Aniceto Barros. Con todos eles tiven unha relación ou trato amigable. Con Nito tiven unha auténtica amizade, que comezou aproximadamente a finais dos anos corenta. Logo da estrea de cada un dos apropósitos, prestábame o orixinal que remitira á censura, que sempre tiña, aproximadamente, o triplo do que se permitía representar. O resto estaba tachado con lapis vermello. Don Vicente Castelo, foi o director da primeira obra de teatro, na que eu actuei, Don Jesús González foi mestre concertador dun espectáculo titulado La Caravana de la Alegría, do que eu era integrante. E con Aniceto Barros dende o día en que nos presentaron e me contou a súa «odisea» ocorrida cando estalou a guerra civil, no ano 36, xa que el era dos que fora defender o Goberno Civil. En canto os «nacionais» tomaron o reducto pillaron ós que quedaban e, en fila india, levábanos para o cárcere. El coñecía moi ben un café que estaba fronte o Goberno Civil, que tiña duas portas: unha que daba a aquela rúa e outra pola que se saía a unha venela,




Teatro Alfonsetti

Sábado 20 del actual a las 9 de la noche

"Anda la Orga"

Apropósito Carnavalesco original de Nito, con ilustraciones locales a cargo de Fiaño

PRECIOS:--BUTACA, 1'50; DELANTERA, 1'00; GENERAL, 0'60



Vuelan mis Ferretes

APROPOSITO SAINETE

Revista original del aplaudido autor

NITO

Agrupación que estrenó esta obra en el

TEATRO ROSALIA CASTRO de esta ciudad

el día 6 de Marzo de 1935

DIRECTOR: Vicente Castelo

Maestro Concertador: Jesús González

APUNTADOR: Secundino Alvarez

ACTORES

Barros	(Aniceto)	Borrazás	(Antonio)
Armesto	(Luis)	Sanz	(Angel)
Otero	(Manuel)	Rouco	(Jesús)
Gil	(Julio)	Peteiro	(José Maria)
Riveiro	(Emilio)	Miramontes	(Ricardo)
Blanco	(José)	Vidal	(Roberto)
Cenamor	(Antonio)	Rodríguez	(Florentino)
Cenamor	(Luis)	Santiago	(Manuel)
García	(Francisco)	Núñez	(Francisco)

na parte de atrás; metéuse por unha saiu pola outra e foi correndo ata a casa dun amigo, que era Garda de Seguridade, onde estivo agochado anos ata que se foi normalizando a situación.

Outro autor de apropósitos é o neto do anteriormente citado, ANTÓN DE SANTIAGO MONTERO, tamén coruñés, nado no ano 1944, que estreou: FOI MEDIDA DESMEDIDA, DECISIÓN DESCOMUNAL, XA O COMENTAN OS INGLESES, TRASLADA-LA CAPITAL; P.P.V. ADICTO A LA HEROINA, UN ALCALDE PIGMALION ALUCINADO; PIROLAS A LA MAR; RECORTES DEL FARAON. Este home é un recoñecido cantante e profesor de canto.

No ano 1904 estreouse no Rosalía Castro EL DESCANSO DOMINICAL, libreto de Francosco Rodríguez Pereira e música de J. Cristóbal.



Elenco artístico del
APROPOSITO - REVISTA
¡Hala, que van Fervendo!
del autor Xan das Bolas
Estrenado el día 6 de Marzo de 1935, en el TEATRO LINARES RIVAS de La Coruña
Director: Cecilio B. de Millo

ACTORES

Ares	(Tomás)	Fernández	(Arturo)
Arias	(Jesús)	Séntos	(Minuto)
Cadenas	(M.)	Linares	(M.)
Gutiérrez	(J.)	Carralex	(J.)
Díaz	(D.)	Babío	(B.)
Cao	(E.)	Evaristo	(F.)
Mosquera	(F.)	Lemus	(E.)
Lemus	(F.)	Lago	(J.)
Pérez	(J.)	Fernández	(R.)

APUNTADORES

Luís Busto y G. Rómulo
PELUQUERIA DECORADO
Hermes

O 6 de marzo de 1936 foi estreado no Teatro Linares Rivas, da Coruña o apropósito ¡HALA, QUE VAN FERVENDO!, do autor Xan das Bolas. Di tamén no programa que o director é Cecilio B. de Millo, parodiano ó xa daquela famoso director cinematográfico americano Cecil Blount de Mille. Aparece como primeiro actor Tomás Ares, verdadeiro nome de Xan das Bolas, quen máis tarde traballou en tantas e tantas películas das que agora patrocina José Manuel Parada. Pero non foi o único apropósito deste coruñés. No ano 1935 estreou no cine Doré outro titulado BOMBA VA, que tiña como argumento a revolución de Asturias de 1934.

Houbo na Coruña máis autores adicados a este xénero teatral como Julio Rodríguez Yordi e José Santos «Santitos», como lle chamaban dada a súa escasa estatura física. Non logrei atopar datos referentes ás súas obras.

Máis recentes son: LOS APARCAMIENTOS DE PACOPOVICH, de Guisán, Andrés Rey e Enrique Lago; PONSELO-PONTELO, de Jorge Castro Ruso; NITÍSIMO, de Rogelio San Luis Ramos. Do 1987, PACO YO YA LO SABRINA e do 1989 TODOS CON DON PACO, estreados no Rosalía, premiados en senllas convocatorias do Concello, da autoría de Mercedes Nogueras e Jorge Castro e dirixidos ambolos dous por Xosé Redondo. Conseguiron o Premio NITO, da Deputación, LA SORPRESA DE LOS CLONES e 1999 AÑO PACOVEO. A estrea no Colón en 1998 e 1999, respectivamente, sendo o seu autor e

director Jorge Castro Ruso.

Adolfo Torrado Estrada foi un autor teatral coruñés que tivo un éxito moi grande, pero durante pouco tempo. Del sabemos que tamén fixo un apropósito titulado UNA SEÑORA Y DOS NIÑAS QUE LLEGAN DE CANELIÑAS, con música de autor descoñecido e foi representado no teatro Rosalía de Castro, sen que puidera indaga-la data. INAUGURA QUE ALGO QUEDA, de Franciso Calleja e Rafael de Azcárraga, foi estreado no Rosalía de Castro o 5-II-1992.

LOS APARCAMIENTOS DE PACÓPOLIS, libreto de Barrena e Guisola, música de varios, estreado no Teatro Colón no 1987. O último apropósito coruñés, polo de agora: LA VENGANZA DE DON LENDO, foi estreado no, Forum Metropolitano o 4 de marzo do 2000, o día 5 no Rosalía e o 6 no Círculo de Artesanos, pola Agrupación SENDE.

Con isto imos dar por pechada a relación de apropósitos da Coruña o que non quere dicir que nela estea a totalidade, senón todos os que eu puiden atopar.

Tamén teñen dereito a unha lembranza os actores e atrices desta, chamémoslle, segunda época do apropósito coruñés neste século XX, época que case enche na súa totalidade o prolífico NITO, e o de prolífico non vai só pola cantidade de teatro que escribiu, senón tamén pola vasta desdendencia que deixou.

Alí estaban o citado Aniceto Barros, Eumedre, Payón, Paco Cajigas, Margarita Lesta, Lita Balbás, Adelita Falque, Olguita Domínguez, Juan Rodríguez Guisán, que interpretaba maxistralmente o papel do Alcalde Molina, Xosé Redondo Santos que ademáis dirixiu varios, e tantos máis que quedan no tinteiro, xa que farían este relatorio interminable.

Como poden comprobar xa as mulleres conseguiran entrar, pola porta grande, naturalmente, neste tipo de espectáculos.

Asimesmo se foi perdendo o costume de «roubar» a música os seus autores, para adaptala ás letras que escribían e, pouco a pouco foron encargando músicas orixinais a diversos compositores, como por exemplo: Mauricio Farto, Ricardo Morales, Eduardo Diehl, Anxo, Luis e Xesús Paz Abelleira, Faustino del Río, Eduardo Concerlián, etc.

APROPÓSTOS EN BETANZOS

En Betanzos houbo unha grande afección a este tipo de espectáculos, pero non tivo a sorte de contar cunha entidade coma o «Circo de Artesanos» que os promovera, subvencionara e conservara os orixinais nunha biblioteca. Máis consultando os xornais daquela época e os libretos que se lograron conservar no Arquivo Municipal, imos ver se logramos sacar unha pequena relación deles.

No xornal EL MENDO, do xoves 12-II-1891, Aparece: «Ayer se representó en el Alfonsetti el apropósito lírico- musical escrito por el Sr. Recio: UN PAR DE LILAS. Aplaudieron a los Sres. Recio y Nicuesa, Sra. Saez y al joven Fontela. «No mesmo periódico, dous días despois, pódese ler: «Alfonsetti; Acontecemiento teatral A TORRE DE PEITO BURDELO, de Galo Salinas». E no do Dia 15 seguinte, volve a anuncia-la anterior e, ademais: «LOS CORRIDOS Y LAS DOCE Y MEDIA Y SERENO, apropósito-zarzuela...»

No xornal O ANTROIDO, datado o 27 de xaneiro de 1887, aparece: «Dinnos, sin que poidamos afirmala noticia que tres inxenios d'esta localidá puxeron en apertura os seus maxíns co-ánemo de facer un despropósito pr'o Antroido.» O mesmo xornal do 17-II-1887 di: «O Antroido asistiu ó ensayo d'o gracioso saintiño-apropósito que s´ha poñer en escena o miércoles próusimo con motivo dá (por adiantado) chorada morte dó seu soberano señor. O argumento é bastante compricado dúnha aución moi viva, a versi-



No centro, Leandro Pita Las Santas, rodeado polos actores do cuadro artístico que representou un apropósito no tempo da Segunda República.

ficación fácile e fruida ten algunhas estancias maníficas, e pel-o que respecta á excecución promete enterpretar o pensamento dos autores. O que queira saber máis q´afroxe as cadelas o día dá representación.»

Outro xornal, EL PUEBLO, de 17 de febreiro de 1891, trae a reseña da estrea de COSAS DE AQUÍ, Apropósito de 1890, celebrada o 11-II-1891.

EL PUEBLO, 17-II-1901.- « El apropósito carnavalesco cómico lírico, denominado COSAS DE AQUÍ... Si hemos de ser sinceros diremos que la bufa obra comprende algunos pasajes chocantes y ocurrentes que producen hilaridad en el público, pero encierra muy poco de notable e importante (...) El cuadro en que se exhiben los serenos y el de los cañiferos ó borrachos, resultaron bien sus protagonistas Sres. Pita y García Neira.»

O periódico LAS MARIÑAS, de 30-X-1892, dí: «El martes al mediodía, fué encerrado en el Depósito municipal el actor más aplaudido en el Apropósito del Carnaval, vulgarmente conocido por el POTRO, por haber herido en la cabeza con una piedra a una mujer.»

O periódico EL PROGRESO, de domingo 17-II-1901, dí: « Y para sellar este desbordamiento de regocijo popular el Sr. Pita organizará el tradicional Entierro de la Sardina (...) y a la recogida se pondrá en escena en el teatro Alfonsetti un divertido Apropósito, en prosa y verso (original de varios jóvenes de esta localidad) con algunos bonitos coros de conocidas zarzuelas.»

O mesmo xornal do 24 do mesmo mes e ano dí: «Inmediatamente dió principio EL DISPARATE CARNAVALESCO, de cuyo libreto hemos hablado... En cuanto a su desempeño se vieron algunas deficiencias de ensayo... Sin embargo hubo algunas escenas muy bien dichas y cuyos actores pusieron muy perfectamente de relieve el gracejo y fina sátira del libreto... son dignas de mencionar el primer diálogo de los dos borrachos, el idem de los

serenos, cuya ária cantada con agradable voz de tenor y exquisito gusto, mereció los honores de la repetición. La escena de los paisanos, admirablemente caracterizados y con una exacta imitación de sus modismos y gestos; y por último la escena de los periodistas, cuyo terceto cantado con desenvoltura, celebró el público con nutridos aplausos que obligó a sus actores a repetir el número.»

EL PROGRESO do 3-III-1901 da a nova de que se repetiu o apropósito, titulado, como todos, COSAS DE AQUÍ, «Y en efecto, esta vez estuvieron los encargados de su desempeño más acertados que en la noche del miércoles.» En especial los Sres. García Neira y Pita Pandelo y el niño Ponte.

O xornal LA ASPIRACIÓN, de 13-III-1905, da conta da estrea «do disparate carnavelesco que bajo el título de COSAS Y COSITAS DE BETANZOS, nos había preparado la traviesa y retozona musa de nuestro estimado amigo D. Claudino Pita.»

LA ASPIRACIÓN, 13-III-1909, dinos que o día 24 se representou no Alfonsetti o apropósito «CASOS Y COSAS»

EL DIARIO DE GALICIA de 21-II-1895, da conta dun apropósito, do que nos cita o título, dicindo soamente que o mércores de Cinzas saiu unha comparsa a cabalo «formada por veinte jóvenes anunciando el bando del Apropósito ó muerte de Momo... Después el Apropósito, que ha sido recibido friamente por el público.»

Hai un Apropósito que chegou en perfecto estado ata nós, gracias a que foi impreso nunha imprenta de Betanzos o mesmo ano en que se representou. O seu autor destacou coma escritor, debuxante e pintor. Profesionalmente foi notario exercendo en Negreira, Betanzos e Xixón. O seu nome Xosé Alguero Penedo e o título da obra: REVISTA LOCAL - APROPÓSITO DEL CARNAVAL DE 1892. No reparto figuran coñecidos betanceiros como Claudio Pita, Nemesio Rey, Segundo Núñez, Jesús Cortés Ruanova e o Potro, que actuaba en tódo-los apropósitos, representando o papel do Potro, ou sexa que se representaba a si mesmo. De este home xa demos noticia neste traballo.

Na escena I, o personaxe MOMO dille ó personaxe 1892:
Anteayer en La Coruña
me facturaron por peso
y por gran velocidad
en el wagón me metieron.
Si no llegué con la fecha
que en esta factura han puesto,
llegué al menos fracturado...
y eso siempre es un consuelo.
Na escena II hai varios rapaces que representan a
varios transportistas, expoñendo as avantaxes dos seus representados:

ZAGAL 1º
Venga en la Competidora
tiene mejores asientos
y va de balde y encima
se le paga en el Liceo
café con copa de caña
y un puro de quince céntimos.

ZAGAL 2º
O de Ginés, señorito,
que aínda que´o coche é mas vello,
si chega a envorcar , e morre,
páganlle a vostede o enterro,
mentres que esos outros, déixano
qu´o leven todo l´os demos.
Na mesma escena dille 1892 a MOMO:
¡Pida usted por esa boca!
Pida usted, pida sin miedo
ni ambajes, porque en Betanzos,
(que es la sucursal del cielo)
hay raxo de la Mempasa;
hay vino del Tarabelo,
chocolate de San Roque,
hay todo... ¡menos dinero!

Esta escena non é esaxeración ningunha, polo menos en canto á actuación, modos e palabras que se poñen en boca dos ZAGAL 1º e 2º, o que se pode comprobar na nota seguinte, aparecida dous anos despois, nun xornal da Coruña:

LA VOZ DE GALICIA- Sección HACE 100 AÑOS.

Sabado 24 de marzo de 1894

Según nos comunican viajeros llegados de Betanzos, es escandaloso lo que ocurre en aquella ciudad con los mozos de los coches que hacen el servicio a la estación de ferrocarril. Se dice que a todo viajero que pasa por allí lo asedian los mozos de los dos coches que hacen el servicio, disputándoselo para llevarlo a uno u otro vehículo, utilizando métodos violentos. En ocasiones, el viajero se ve obligado a pagar a ambos mozos para que no le descuarticen. Se llama la atención del alcalde, señor Leis, y del celoso comandante del puesto de la Guardia Civil de Betanzos.

Na escena XII está MOMO morrendo, atopándose con el o año 1892 e o CORO DE DOCTORES:

1892: ¡Pobre Momo! ya de vida
le quedan breves momentos.
Son las doce menos cuarto,
a las doce es hombre muerto.

CORO DE DOCTORES:
Juzgando por los síntomas
que tiene el carnaval,
bien puede estar hidrópico,
bien no lo puede estar
y afirma el gran Hipócrates
que Momo, en caso tal,
puede vivir muchísimo
o puede reventar

Con la lengua fuera, torva la mirada,
húmedo el hocico, débiles las patas
muy caido el rabo, las orejas gachas,
todos esos signos prueban que se marcha.
Pero al mismo tiempo, bien pueden probar,
que tiene una jumera monumental.
Doctores sapientísimos
que yo he estudiado bien,
son en sus obras clínicas
de nuestro parecer.
Caña Callouba pura
qui in corpus Momus est
mortalis sunt por accidens,
mortalis sunt per sé.
Para hacer la prueba que es más necesaria
le pusimos vino, le pusimos agua
y él se tiro al vino con tal furia y rabia
que lo bebió todo de dos asentadas.
Este experimento, bien puede probar,
que una turca con otra quiere empalmar.

No ano 1916 este mesmo apropósito foi outra vez representado, con algunhas modificacións para adaptalo a aqueles tempos e, ademáis, cun reparto diferente.

Dende aquí ata os anos trinta hai unha carencia de información verbo do tema que nos ocupa, o que non quere dicir que non se representaran apropósitos. Sabemos que don Claudino Pita Pandelo, don Severo Ares Mancera, don Juan Ponte Blanco e outros afeccionados á literatura e ó teatro, facían obras para representar o Mércores de Cinzas, tras do Enterro da Sardiña e do Sermón correspondente, que ten «botado» moitas veces o Gaiteiro Rilo, inmortalizado nun cadro de don José Veiga Roel e nun soneto de don Francisco Vales Villamarín.

En febreiro de 1930 o tandem formado por Alfonso Rodríguez Crespo, máis coñecido por «Magín», que era o nome do seu pai, e Fernando Fiaño Miravalles, escritores os dous e este último, ademais globeiro, actor excepcional, funcionario do Instituto, mentres existiu e, por último, oficial do Concello, levaron á escena un apropósito titulado EN BETANZOS PARA CRITICAR TODOS SE PUEDEN TUTEAR, dirixido por D. Leandro Pita Las Santas... Foi tal o éxito que tiveron que houbo que repetilo o sete de marzo do mesmo ano.



BRIGANTINOS

El viernes, día 7, a petición de numerosísimo público, se llevará por segunda vez a escena, el divertido y jocoso apropósito carnavalesco titulado:

En Betanzos para Criticar Todos se pueden Tutear

Con el benéfico fin, que todo cuanto se recaude, vaya aliviar la angustiosa situación en que se encuentran las familias de las victimas de Bouzas.

Asistiendo a la función, además de hacer una gran obra humanitaria y de caridad, pasaréis el rato más alegre y divertido de vuestra vida.

Veánse programas.

O ano 1931, no mes de febreiro, o mesmo Fernando Fiaño en colaboración con Francisco Otero Beade, presentaron

no escenario do Alfonsetti o apropósito BETANZOS EL AÑO PASADO, O LA CIUDAD DESDE UN TEJADO. Neste mesmo ano 1931 e concretamente o 28 de febreiro, fíxose a estrea doutro apropósito do repetido Fiaño con Alfonso Rodríguez Crespo, baixo o título DESDE EL MENDO AL MANDEO, PASANDO POR EL LICEO.

Estes mesmos autores citados últimamente, no ano 1935 presentaron no consabido Alfonsetti, DELICIAS, no que figuran unha serie de cancións para coros ou solos, feitas con moita gracia. Unha delas foi moi popular en Betanzos e aínda hai quen, de cando en cando a canta, con música da zarzuela Luisa Fernanda, de Moreno Torroba, concretamente o coro de Espigadoras, que comeza dicindo: «Van los concejales por la plaza arriba...» E ten outra adicada o parque Pablo Iglesias, que acababa de inagurarse, e que leva música do tango Melodía de Arrabal, que dí:

Parque moderno y atrayente
encanto de muchachas
y de los viejos verdes.
Por tus soberbios paseos
se ven los niños corriendo
mientras que las pollitas
miran en derredor
a ver si algún chico
o bien un viejo
le hace el amor.
Parque... parque,
Por fin estás terminado
después de tanto esperar.
Parque... Parque
eres el orgulloso y gala
desta tranquila ciudad.
Parque lindo,
cada vez que te contemplo
me dan ganas de exclamar:
Con el tiempo tu serás
el punto de reunión
de toda la vecindad.

Las chicas están ufanas,
contentas y orgullosas
al ver esta mejora.
Ya tienen ahora un sitio
retirado y silencioso
donde poder decirle
todo su amor al novio
sin que haya peligro
que se presente
ningún curioso.
Parque... parque
cuantas cosas a tu sombra
algún día pasarán.
Parque... parque
llegará el día que seas
el pasmo de la ciudad.
Parque, nuevo,
como no aumenten guardianes
y exista más claridad,
es seguro que serás
un sitio de reunión
de toda la mocedad.

O derradeiro apropósito, xa que dende daquela no se representou ningún máis, feito por betanceiros, foi o titulado LA COSA MAS NATURAL ES EL VER QUE EN ESTE MUNDO TODO EL AÑO ES CARNAVAL, sendo o autor Enrique Sóñora, máis coñecido como «Chaufer». Un dos que o representou e que debe se-lo único que vive, concretamente meu parente Victor Fernández Dapena, recorda aínda tóda-las cancións do apropósito, que foi estreado no Antroido de 1936, asistindo eu á representación.

Recórdome tamén doutro anterior ó que acabo de mencionar, pero non lembro o título. O que non puiden esquecer foi o comezo do espetáculo:

Estaba o teatro abarrotado. Xa pasaba da hora e o telón non se erguía. A xente coreaba aquilo de «Que se empiece», acompañado de palmas a patadas no chan. Nisto érguese o telón e aparecen tódolos artistas, nunha actitude displicente e cos brazos cruzados. Diante, de pé, alto como era, o director don Leandro Pita Las Santas. Pide silencio e explica que o

personal non quere traballar, que se declarou en folga. Solicita que se hai algunha autoridade na sala se achegue o escenario. Aparece o Sr. Cadaveira, «Sable en ristre» e cos mostachos ergueitos, que era o xefe da Ronda de Noite da Garda Municipal, e atravesa o corredor, sobe ó escenario e tenta impoñe-la orde. Soa un disparo e cae o municipal vertendo sangue. O director solicita un médico, se o hai na sala. Érguese don Alfredo Romay e sobe a atender ó ferido. Péchase o telón e óese una salva de palmadas. Eu, un neniño, no colo de miña nai, non entendía nada de nada, nin ren. Choraba.

De esta última época citaremos entre os actores a Fernando Fiaño, Antonio Hermida, Basilio Sanjurjo, Antonio Martínez «Chirela», Vicente Couceiro, Juan Blanco, Juan García Ares, Enrique Sánchez Candal, Francisco Doporto «Che Paco», « Fuco o Mariñeiro», Allegue, Jaime Pita;etc.etc.

Tamén citaremos unha ficha técnica:
Director: Don Leandro Pita Las Santas.
Apuntador: Don Bernardo López Datorre.
Transpunte: Don Julio Martínez.
Taquilla: Don José López García e don Bernardo Bonilla.

En Betanzos, naquelas épocas, as representacións teatrais estaban reguladas polo capítulo 3º das ORDENANZAS MUNICIPALES aprobadas polo Gobernador don Silverio Moreda o 5 de xunio do 1895, na que figuraban os seguintes artigos:

ART.178. Las funciones teatrales deberán empezar a la hora anunciada en los carteles, y su ejecución solo podrá variarse cuando la necesidad lo exija, previo permiso de la autoridad y anuncio al público.

ART.179. No podrá darse función alguna en los teatros sin permiso de la Autoridad local, á la cual se presentará, con 24 horas de anticipación, un programa de la función que vaya á darse.

ART.180. Durante la representación no se podrán producir ruidos, dar gritos o hablar en voz alta en los pasillos ó galerías que rodeen las localidades.

ART.181. Mientras el telón estuviese levantado, deberán todos los espectadores estar descubiertos. Se prohibe fumar en el salón y en las localidades, pudiéndose hacer solamente en los pasillo ó sala de descanso.

ART.182. En el teatro se guardará la compostura, orden y buenas formas de un pueblo culto y que exigen las conveniencias sociales, no permitiéndose das voces destempladas, golpear con paraguas, bastones u otros objetos y proferir expresiones que puedan ofender la decencia ó turbar el orden.



ART.183. El empresario ó sus agentes no omitirán medio alguno para impedir cualquiera accidente que pudiera ocurrir por falta de alumbrado, para cuyo objeto deberán tener el local perfectamente iluminado.

ART.184. La autoridad que presida las funciones decidirá en el acto cuantas

reclamaciones se le hagan por el empresario, actores y concurrentes.


TEATRO ALFONSETTI

MIÉRCOLES 11 DE FEBRERO DE 1931

GRAN APROPOSITO CARNAVALESCO Y ANTIGRIPAL

Betanzos el año pasado o la ciudad deste un tejado

PRECIOS: Butaca, 1'50; Delantera, 1'00; General, 75

APROPÓSITOS NO RESTO DE GALICIA

Non fun quen de atopar moita documentación ó respecto. Tiveron que se representar moitos máis que os que van ir nesta relación:

O xornal La Voz de Galicia do 2 de febreiro de 1895 dí: «El apropósito que habrá de representarse el miércoles de ceniza en el Teatro Jofre de El Ferrol, se titula «ANTÓN PIRULEIRO» y está escrito por el conocido e ingenioso poeta Wenceslao Veiga.»

O mesmo xornal do 2 de marzo de 1895 dí: «El apropósito carnavelesco «ANTÓN PIRULEIRO», de Wenceslao Veiga puesto en escena en el Teatro Jofre de El Ferrol, agradó bastante al público.»

A VIRXE DA ROCA, libreto de José M. Barreiro, música de Angel Redulfo, foi estreada no Teatro Zorrilla de Baiona o 18 de setembro de 1910. Con este título dubido de que sexa un apropósito.

BAILE DE PIÑATA, libreto de Juan Martínez Villergas, música de autor descoñecido, representado en Villalba, Lugo, o 20 de agosto de 1847.

UNA NOCHE EN EL INFIERNO, libreto de Javier Valcarcel Ocampo, música de Juan Serrano. Teatro Circo de Pontevedra, 28-II-1906.

PONTEVEDRA EN EL SIGLO XX, libreto de Javier Valcarcel Ocampo, música de autor descoñecido. Estrea en Pontevedra 1891.

PONTEVEDRA EN 1900, libreto de Enrique Labarta Poose, Licenciado en Dereito e escritor , inspirador do persoaxe de Barcala da Casa da Troya, de Pérez Lugín, música de Isidro Puga, estreada en Pontevedra no 1900.

No xornal Coruñés A FULIADA, do 28 de febreiro de 1888, dise que en Pontevedra o colaborador desa publicación Xavier Valcarce Ocampo alcanzou un verdadeiro trunfo n-o estreno dó apropósito EL GRAN PENSAMIENTO, que según temos entendido é unha parodia dá Gran Vía.

EL LAZARETO DE VALENZA, libreto de Hipólito León, música de Prudencio Piñeiro. Estrea en Vigo no 1885.

Gracias ó amigo Carlos Pereira -¡canto valen os amigos!-, que exerce a súa docencia no Concello de Culleredo -e digo a docencia porque falando con el sempre aprendes algo-, informeime de que en Culleredo, un señor nado en Riveira e chamado Manuel-Valentín Fernández Láuzara, máis coñecido como « Martinete», escribiu varios apropósitos: VILABOA É COUSA BOA (1952), E PICACHE, MIÑOCA (1953), O CEGO DE BOA VISTA (1954), e máis recentemente: POR VILABOA ADIANTE VAI UN PLATILLO VOLANTE e CUANDO EL HIJO DE FULANO ES EL HIJO DE MENGANO, sendo representados todos eles no Salón Fina Sport ou no cine Rutis, ambos en Vilaboa.

¿QUE LE HUBO?, letra de Wenceslao Añón Rama e Amando Osorio Rodríguez, música de Fernández Losada. Estrea en Buño o 14 de xunio de 1947.

¡QUE TORRE TU PADRE! con libreto dos anteriores e música de Goncerlián. Estrea en Buño o 13 de xunio de 1947.

APROPÓSITOS DO RESTO DO MUNDO

Imos poñer punto final a este traballo citando algúns apropósitos, entre os que quedan -que deben chegar ós douscentos-, dos máis antigos e dos máis relevantes, por distintas circunstancias, como poden ser o lugar en que foron representados, o tema que tocan no seu título ou tamén a importancia profesional dos autores, tanto no eido literario como no musical:

¡A CUBA Y VIVA ESPAÑA! libreto de Rufino Cortés, música de Rafael Cavas Galván. Estrea, Teatro Duque, de Sevilla, 12-X-1895. Polo título podemos deducir o argumento patriótico da obra, pois Cuba xa buscaba a súa independencia.

A REIRSE TOCAN, libreto de Francisco Ramos de Castro, escritor festivo que, durante moitos anos facía os comentarios ás películas mudas protagonizadas por Charlot, Harold Lloid, Buter Keaton, etc. Música de Ramón Zarzoso Aguilar. Estrea en Santiago de Chile, maio de 1938.

AGUA Y CUERNOS, con música de Chueca e Valverde. Estrea xullo de 1884.

LES ALBAES, música do maestro Serrano. Teatro de Zarzuela (supoño que de Valencia) 1896.

¡NON MÁIS EMIGRACIÓN! Libreto de Ramón Armada Teijeiro, música de Felisindo Rego. Estrea, Teatro Tacón, La Habana, 10-IV-1886. O Sr. Armada Teijeiro, era natural de Ortigueira, onde viviu nunha casa do Cantón da Vila, na que hai unha artística placa recordatoria.

ANTES DEL BAILE, EN EL BAILE Y DESPUÉS DEL BAILE, libreto de E. Alvarez e música de M. de Palacio e Gaztambide. Teatro da Zarzuela, 5-VI-1864.

EL ARTE PATRIO. Libreto de Ramos Carrión e música de Fernández Caballero. Estrea en Apolo, 28-IX-1883.

EL BUQUE SUBMARINO. Libreto de Enrique Saenz, música de Mariano Liñán. Tearo Duque de Sevilla, 8-IV-1859.

CONTAR CON LA HUÉSPEDA O LOCURAS MADRILEÑAS, libreto Luis Pérez, música, Bretón, Valverde e Chueca, tres xenios da música teatral. Estrea, teatro Novedades, 22-IX-1877.

UN GITANO EN MARRUECOS, libreto, de la Puente Vizcaino, música de descoñecido. Teatro Príncipe, octubre de 1859.

EL LICEO EN ESCENA. libreto de Antonio Afán de Ribera, Música de M. Hermoso. Estrea, Liceo de Barcelona, 3-VIII-1876.

LAS MARAVILLAS DEL ARTE. Libreto M. Caba Diaz e J. Ruiz. Música de descoñecido. Estrea, Teatro de la Comedia, de Buenos Aires (non figura a data).

¡POLLOS! ¡POLLOS! Letra e música de descoñecidos. Estrea, Instituto, decembro de 1852.

LA PUESTA DEL SOL. Libreto Ramos de Castro. Música, Ramón Zarzoso Aguilar. Estrea en Santiago de Chile. Decembro de 1938.

LA PUPILA, libreto de Alejandro Rinchán. Música, A. Reparaz e Joaquín Miró. Teatro Circo, 12-X-1860.

QUIEN DA A LOS POBRES DA A DIOS. Libreto de Jesús Pindado. Música, Contreras, J.M. Varela Silvari e M. Rebollo. Estrea no ano 1913, non dí onde.

SE GISA DECO MER. Libreto de Calixto Navarro. Música de T. Reig. Estrea, teatro Maravillas, 20-VIII-1887 (O título vese que o puxo un galego).

LA NODRIZA DE BETANZOS. Libreto José Mazo. Música de Ricardo Manzano. Estrea, La Infantil, 25-II-1890. Os Betanceiros temos que lle agradecer ós autores o feito de que escolleran para nodriza unha moza de Betanzos. Sempre se elixe a unha rapaza sa, robusta, que poida transmitir á criatura a súa saúde e outras cousas que leve dentro.

E para concluir deixamos o apropósito titulado TEATRO FEMINISTA, con libreto de Jacinto Benavente y Martínez, música de Pablo Barbero, estreado no Teatro da Comedia o 28-XII-1898.

Non debe ser un xénero tan despreciable o do apropósito, cando un señor que ía camiño de conseguir o premio Nobel, o máis importante que un escritor poida acadar, escribiu, cando menos, unha obriña desta clase. Non é o tipo de obra a que fai ó escritor, senón que é o escritor o que eleva a categoría das obras.



O Escultor ÁNGEL FERRANT un Sísifo contemporáneo

XOSÉ LUÍS MOSQUERA CAMBA*

Sumario

O tempo está poñendo no seu verdadeiro lugar a Angel Ferrant, un dos máis grandes escultores españois do s. XX, vinculado por razóns diversas á comarca betanceira.

Abstract

Angel Ferrant, one of the greatest Spanish sculptors of the XXth century, and connected in several ways with the Betanzos area, at long last being given the recognition due to him.

A historia sempre ten deudas. Nesta ocasión, a de redescubrir toda a grandeza e miseria dun artista ó que dun tempo a esta parte se pretende recuperar do inxusto esquecemento, unha recuperación que é, aínda que lenta e tardía, obrigada para podermos entender moitos dos aspectos da nosa arte máis recente.

A súa grandeza parte fundamentalmente da coherencia persoal, rasgo sempre por enriba de calquera outro interés coxuntural; a súa miseria, de ver como os seus postulados ían sempre a contracorrente dos avatares históricos que lle tocou vivir, ver como as súas concepcións estéticas -perfectamente contextualizables no panorama artístico internacional- eran quixotes contra muíños de vento. Tal vez por todo eso, sabedor da súa propia traxedia, resignado a ela, un significativo lema recollido de André Gide presidía o seu taller e convertíase nunha filosofía de vivir: «Todo está dicho ya; pero como nadie escucha, es preciso empezar continuamente».

¿Non estaremos dese xeito ante unha versión moderna do mito de Sísifo? Este traballo así parece demostralo.



Fig. 1.- Ángel Ferrant coa súa dona, a betanceira María Lissarrague Leis.

***Xosé Luís Mosquera Camba, é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela na especialidade de Historia da Arte Moderna e Contemporánea.**

Anuario Brigantino 1999, nº 22
Betanzos. ISSN: 1130-7625

AS ORIXES

O día primeiro do mes de Nadal do ano 1890 nacía en Madrid, nunha familia de artistas, Ángel Ferrant[1] . O seu pai era o pintor Alejandro Ferrant, autor de cadros de temas históricos e relixiosos, polos que recibiu diversos recoñecementos ó longo da súa carreira, chegando a desempeñar o cargo de director do entón denominado Museo de Arte Moderno. O pai de Alejandro Ferrant fora músico, e os irmáns del foron tamén pintores.




Fig. 2.- Ángel Ferrant no 1946.

A súa nai, dona Blanca Vázquez, era orixinaria da Coruña, motivo polo que os veráns a familia se trasladaba á casa de Monelos, entón nas aforas da cidade. Ese vínculo con Galicia sería definitivo para que a súa relación con esta terra xa non se perderá nunca, como se verá máis adiante.

Non era nada extraño que dende a súa primeira infancia se sentira entón atraído por todas aquelas actividades que, do xeito máis natural, vía realizar ó seu derredor, despertando nel unha forte inclinación pola expresión nas diferentes linguaxes artísticas (pintaba, xogaba con barro, tocaba o violín, etc.). E así, nun proceso perfectamente previsible, rematou por ingresar na «Escuela de San Fernando», onde aprendería sistematicamente as técnicas do seu oficio, pero na que polo arcaico método de ensino produciu nel unha amarga decepción; moi probablemente o fruto desa experiencia habería de ser a súa constante preocupación polo mundo do ensino.

Dende esta perspectiva pode parecernos totalmente lóxico que nas primeiras andaduras como da súa obra se movera dentro duns parámetros basicamente academicistas. Un exemplo pode ser «La cuesta de la vida», peza que presentou no 1910 á Exposición Nacional e que actualmente está no vestíbulo da «Real Academia Gallega», existindo unha copia da mesma no monte de Santa Margarita.

Así e todo, moi pronto apareceron certas inquedanzas que o irían alonxando daquela singradura. Un feito definitivo sería a viaxe realizada no ano 1913 a París, xa que lle supón o primeiro contacto coas estéticas vangardistas, coma o cubismo e, dunha maneira impactante, o futurismo.

1 É fonte de referencia imprescindible Ana Vázquez de Parga, «Sobre Ángel Ferrant, vida y obra», en Catálogo *Ángel Ferrant,* Madrid, Ministerio de Cultura, 1983, pp.13-84. Apuntar, tamén, como foi precisamente esta gran exposición do 83 a que despertou o interés e o recoñecemento pola obra deste artista. A partir dese momento foron aparecendo pouco a pouco algúns textos a el adicados en diversas publicacións (véxase a bibliografía), e xa neste ano 1999 se organizou unha nova exposición monográfica no «Reina Sofía» e no MAM de Barcelona.

2 Neses anos fructificaría a súa relación de amistade, mantida dende a infancia, con María Lissarrague Leis, natural de Betanzos, o que os levaría a contraeren nupcias no 1920. Medraba así o vínculo galego.

3 *Alfar,* ed. facsímil, tomo II, páx.119.



Fig. 3.- "La escolar". 1925.




Fig. 4.- Proxecto de monumento a Curros Enríquez. 1927.

Mais o proceso de asimilación da vangarda foi lento, moi reflexivo -implicaba o cuestionamento de tódalas súas referencias, moitas delas recollidas da figura paterna-, polo que a súa obra aínda percorrería un camiño oscilante antes de abandonar tan recias ataduras.

Xa dende 1914 aparece vinculado ó mundo do ensino, primeiro como axudante nunha escola de artes e oficios de Madrid e, pouco despois, como titular dunha cátedra de modelado gañada no 1918, o que o traería á «Escuela de Artes y Oficios» da Coruña, onde residiría durante dous anos.[2] Esa actividade docente non sería xa abandonada nunca.

Nese tempo destinado na cidade herculina iría entrando en contacto cun grupo de xente que remataría por fundar unha revista na que verter moitas inquedanzas, unha revista mítica xa na nosa cultura: Alfar,




Fig. 5.- Hidroavión. 1932.




Fig. 6.- Banderillas. 1939.

na que apareceron moi pronto os primeiros textos relevantes de Ferrant, titulados «La escultura y su área». Tal vez profeticamente afirmaba xa naquelas páxinas con entusiasmo: «Caminemos mirando hacia delante. Volvamos de vez en cuando la vista atrás, pero solamente para deleitarnos con la distancia que nos va separando. La marcha de espaldas tiene dos peligros. el embelesamiento estacionario producido por los atractivos pretéritos o el despeñadero. Huyamos de la inercia y del suicidio.» [3]

Cando estes escritos aparecían xa Ferrant estaba en Barcelona, para onde obtivera un traslado tras quedar unha vacante na escola de artes e oficios. Abríríase así unha etapa crucial na súa vida, tanto a nivel persoal como artístico, establecendo relacións de amistade claves e sedimentando concepcións novas producidas no caldo de cultivo excelente que dita cidade posuía naquel intre.[4] O máis chamativo pode ser, se cadra, comprobar como parece haber unha falla de sincronía entre os seus postulados teóricos e a súa actividade práctica naqueles primeiros momentos. Abonda para entender esto observar obras como «La escolar», do 1925, galardonada co Premio Nacional de Escultura no ano seguinte, e de marcadas tendencias mediterraneístas.[5]

Ó mesmo tempo comenzou Ferrant a experimentar os seus primeiros significativos fracasos -irían forxando nel unha resignación vitalicia-, tal que o provocado no concurso de 1927 para erguer un monumento a Curros Enríquez na Coruña, xa que, a pesar de merecer o seu proxecto unha mención honorífica, quedaría vacante e sería concedido un

4 Ver M.T.Blanch, «Ángel Ferrant. Una imagen insólita», *Lápiz*, 9, 1983, pp.47-54.

5 Javier Arnaldo vincula as obras destes anos -ata 1927 inclusive- con «los retratos de niños de Joaquim Sunyer, con las niñas y payesas de Josep Obiols, las del escultor Casanovas o con lo que la obra de Clará tiene de calma estilización poética de lo familiar.» En J. Arnaldo, «La escultura de Ángel Ferrant», *La balsa de la Medusa,* 21, 1992, páx.49.



Fig. 7.- "Pescador de Sada". 1945.



Fig. 8.- "Mujer del Regueiro" 1945.

ano máis tarde a Asorey.[6] E tamén nese mesmo ano, con motivo da remodelación da Plaza de Cataluña, en Barcelona, lle foron rexeitados os estudios que presentara.

Sen embargo, os últimos anos desa década e os catro primeiros da seguinte -no 1934 trasládase a Madrid- entra en comunión plena co bullicio artístico barcelonés. Ve como penetran os ecos dadaístas coa aparición da revista «391» editada por Picabia, de paso pola cidade; asiste ó nacemento de GATCPAC(1928), de ADLAN(1932); comparte o momento máis activo de Dalmau como impulsor da vangarda e, case predecible por inevitable, remataría caendo nas atractivas redes do surrealismo imperante.

FERRANT SURREALISTA I

Vimos xa dende un principio como trala súa primeira viaxe a París xurdía en Ferrant un debate manifesto entre dúas opcións estéticas: a máis puramente academicista e a das rupturistas vangardas. Por fin parece que se decanta dun xeito claro, sen ambigüidades.

No ano 1932 atopámolo participando directamente, como animador, nun espectáculo especial organizado nos locais do GATCPAC. Calder presentaba un circo de bonecos

6 Véxase ó respecto María Luisa Sobrino Manzanares, *De Asorey ós 90. A escultura moderna en Galicia,* Santiago de Compostela, Auditorio de Galicia, 1997.



Fig. 9.- "Mujer de Fiobre" ou "Aldeana de Fiobre". 1945.



Fig. 10.- "Pájaro del mar". 1945.



Fig. 11.- "Bañista" ou "Instante marítimo". 1945.

articulados. Ó parecer o evento celebrábase con acompañamento musical, de tipo jazzistico, no que Ferrant tocaba os timbais.[7] Este acontecemento foi entendido xeralmente como o punto de orixe da que sería máis tarde unha das súas etapas artísticas máis coñecidas: os móbiles.

No 1933 expoñería unha serie de pezas realizadas nos anos anteriores, bautizadas co nome de por sí definitorio de «Objetos». Eran obras elaboradas con todo tipo imaxinable de utensilios nos que o autor quere ver potencialidades poéticas: chupetas, botellas, follas de serra, desaparafusadores, etc. O labor do artista é descubrir asociacións formais novas, sorprendentes (no sentido máis surreal do termo), enlazando así con poéticas tan coñecidas coma a dos ready-mades de Duchamp ou directamente co Lautreamont de «Les chants de Maldoror», tan venerado polos surrealistas franceses, onde se ensalzaba a beleza do «encontro casual na mesa de disección dunha máquina de coser e un paraugas».[8] Mais, baixo o meu máis que discutible punto de vista, poden atribuirse máis

7 Vázquea de Parga, op. cit., páx.33.

8 É abundantísima a bibliografía que se pode empregar para ilustrar este aspecto do surrealismo -un dos máis significativos-. Sirva de exemplo André Breton, *Manifiestos del Surrealismo,* Madrid, Guadarrama, 1975, páx.303, onde aclara que este tipo de creación «consiste en la explotación del encuentro fortuíto, en un plano adecuado, de dos realidades distantes (lo cual no es más que paráfrasis y generalización de la célebre frase de Lautréamont. «bello como el fortuíto encuentro, en una mesa de disección, de una máquina de coser y un paraguas»), o, para servirnos de una frase más breve, el cultivo de los efectos de un extrañamiento sistemático... Entre las más hermosas consecuencias que de él han deducido debemos mencionar la creación de aquello que dichos artistas han llamado objetos surrealistas.» Pode ser tamén de interés, polo enfoque peculiar, Victor Nieto Alcaide, «Surrealismo y máquina», en Bonet Correa, A. (coord.), *El Surrealismo,* Madrid, Cátedra,1983, pp.57-69.



Fig. 12.-"Diálogo". 1947.

afinidades nesa dirección cos «Merz» de Kurt Schwitters.[9] Non debemos esquecer que o mesmo Ferrant escribira en «Alfar» que «todo objeto tiene un valor de forma, y únicamente ésta puede dar origen a su consecuencia escultural.»[10]

O certo é que, a partir desta exposición, o artista foi considerado un dos xenuinos representantes do surrealismo español. Era a consecuencia máis natural para quen, como definiu Marrero, estaba «saturado de lo insoportable, de la sublimidad degenerada...».[11]

Claro que, nesta etapa da escultura ferrantina, atopamos aínda algo máis; unha evidencia que latexaba dende había tempo e que era precisamente a que nos levaba a sinalar certa falla de sincronía da teoría coa praxe: o escultor debátese entre o abandono da figuración e o mantemento de certas referencias á mesma. As súas obras non son xa de carácter imitativo, están alonxadas dos preceptos apuntados en «La escolar». Agora é a intuición, a suxerencia, o que permite «atopar» un hidroavión na súa «composición» con folla de serra e gran desaparafusador, ou unha xitana nunha botella con peineta e pantalla de lámpara, e así tódalas pezas. Hai además unha esencia lúdica, de complicidade co espectador, aínda que temos que coincidir con Gullón cando sinala que «eran rótulos

9 Hai unha diferencia esencial entre a concepción do ready-made duchampiana e a proposta merz. Mentres a primeira non leva intencionalidade de deleite estético -todo o contrario-, a segunda si.

10 Op. cit., páx.143.

11 Vicente Marrero Suárez, *La escultura en movimiento de Ángel Ferrant,* Madrid, Ediciones Rialp S.A., 1954, páx.65.

aptos para irritar al filisteo».[12] Esta necesidade manifestada de comunicarse doutro xeito co público (cáseque confidencialmente) irá marcando unha das vías de investigación mantidas ata a súa morte.

Tralo seu definitivo asentamento en Madrid aínda participaría no que Jaime Brihuega chamou «último rescoldo surrealista de la España anterior a la Guerra Civil».[13] Refírome á exposición organizada no 1936 por ADLAN na galería Catalonia -propiedade de Dalmau-, baixo o título de «Exposició Logicofobista». Nela, xunto a Ferrant, atopamos a Cristofol, Maruja Mallo, Remedios Varó, e outros.



Fig. 13. "Nenúfares". 1948

Tamén nese mesmo ano foron invitados o escultor e un seu discípulo, Marinel-lo, á «Exposition Surréaliste d'Objets» en París, compartindo espacio na Galerie Charles Retton con Duchamp, Picasso, Giacometti, Arp, Miró, Magritte, Breton, Ernst, Tanguy e Calder. ¿Que máis podía desexar?[14]

A GUERRA CIVIL

«...no supuso un colapso radical de las actividades artísticas y culturales, pero sí su traumática transformación. Durante los tres años de la contienda la actividad artística y cultural se desarrolló con intensidad desigual pero casi siempre sorprendente, en especial en el ámbito republicano.»[15]

Ferrant tomou partido e, ó igual que outros moitos artistas, pertenceu á dinámica Alianza de Intelectuales Antifascistas. A súa actividade levouno a desempeñar o cargo de Presidente de la Sección del Tesoro Artístico, dependente da Junta Central del Tesoro Artístico. Exerceu dita función entre nadal de 1936 e 1938, en que dimite. Tamén sabemos da súa participación nunha comisión creada para seleccionar a presencia no Pabellón de España na Exposición Internacional de París de 1937 (na que o Guernica de Picasso se convertía en símbolo da liberdade acribillada).

Non coñecemos moitos máis datos sobre a actividade de Ferrant nestes anos, pero si sabemos que, unha vez rematada a contenda, no mesmo mes de abril de 1939, tivo que «explicarse» ante as autoridades franquistas e firmar un plego de «exculpación».[16]

Dese xeito comenzaba o que se denominou dun xeito xenérico «exilio interior». Do mesmo -un reducido grupo de artistas en similares condicións- partirían os nexos entre a vangarda de preguerra e o despertar artístico dos anos cincuenta. Entre tanto, un empezar de novo, un volver a buscar o camiño.

12 Ricardo Gullón, *De Goya al arte abstracto,* Madrid, Seminarios y Ediciones S.A., 1972, páx.143.
13 J. Brihuega, «Fuentes literarias del surrealismo español», en *El surrealismo,* op. cit., pp.205-225.
14 Posteriormente, sen sabermos moi ben por que -tampouco como-, as pezas deste periodo serían destruídas. Danos noticia dese feito, sen explicar máis, Marrero, op. cit.
15 Valeriano Bozal, *Arte del siglo XX en España,* Madrid, Espasa Calpe, 1995, (2 vol.), en vol. I, páx.595.
16 Vázquez de Parga, op. cit., páx.40.

O primeiro que crea despois de tan difíciles momentos son dúas series de relevos en xeso. A primeira levaba por título «Los toros» (1939), e chegaría a expoñerse na Galería Argos, en Barcelona, no 1942. Estaba integrada por nove pezas pasadas máis tarde a terracota. A segunda serie foi denominada «Comedia humana» (1940), e formábana sete grandes cabezas caricaturescas.

Nelas faise evidente a reaparición da linguaxe figurativa -non estaba o forno para outros bolos-. Mais, pese a esta aparente -ou evidente- marcha atrás, atopamos nestas series elementos de búsqueda que mostran claramente profundas referencias ferrantinas. Hai unha aproximación ó que poderiamos definir de arte pictórico, facendo aflorar do único xeito posible a súa impresión futurista ou os vellos contactos calderianos.[17]



Fig. 14.- "Fiesta campesina". 1948

O certo é que, a aquel escultor surrealista que tanto necesitaba da complicidade do espectador, estase sumando -non substituíndo- estoutro, decantado cada vez máis pola atracción do movemento; unha profunda necesidade de aprhender o tempo, de detelo. Só que, máis intenso aínda que dito dinamismo, intuíase o empuxe da presión interior dun home que desexaba novas salidas, resquicios polos que colarse.

¿Que tería acontecido coa traxectoria artística de Ángel Ferrant de non terse interrumpido -desviado- pola traumática contenda fratricida? Realmente é esta unha desas preguntas innecesarias por sabermos de antemán que non hai resposta posible, mais non podemos deixar de facérnola cada vez que damos de fronte contra ese desgraciado capítulo da nosa historia.

FERRANT SURREALISTA II

No ano 1946 participaría no «III Salón de los Once» cun conxunto de esculturas totalmente diferentes das que antes mencionamos. Eran de pequeno formato e bautizáraas no seu conxunto como «Objetos hallados», dándolle ademais a cadansúa un nome propio.

Outra vez recupera Ferrant a súa estética de preguerra, o seu persoal xeito de enfrontarse ó acto da creación: a potencial poética do obxecto.

Sen embargo non se trata dunha repetición episódica dunha arcadia perdida, senón dun novo paso adiante. Os utensilios que empregara na súa serie «Objetos», todos eles

17 «La plástica de Ferrant se ha propuesto conseguir una representación del movimiento en sus más extrtemos medios expresivos». Marrero, op. cit., páx.71.

artificiais, elaborados industrialmente, serán agora desprazados para deixar paso a outros de diferente procedencia: materiais naturais, fragmentos de vida apañados na area da praia do Regueiro, na parroquia de Fiobre -concello de Bergondo-.[18] E dese xeito Ferrant reinventábase, refacía o mundo, transformábao.[19] Nacían así o mesmo un «Pescador de Sada», que unha «Mujer del Regueiro»; unha «Aldeana de Fiobre»,un «Pájaro de mar», unha «Isla», unha «Alimaña trepadora» ou moitas formas máis nas que o «vínculo» galego do artista se proxectaba -e segue a proxectarse-[20] na súa plenitude.



Fig. 15.- Estático cambiante. 1953.

Nesta escultura atlántica atopamos unha terceira clave dende a que abordar o conxunto da obra de Ferrant: a natureza como símbolo de vida, aínda nas súas máis inanimadas manifestacións (pedras, cunchas, carabullos, etc.)[21]. Así, a súa búsqueda do espectador -primeira clave-, o seu interés polo movemento -segunda clave-, e esta conquista dos elementos ancestrais como expresión de vida definirán as súas opcións artísticas futuras. ¿Que máis daba xa que a obra fora abstracta ou figurativa -non sempre decidía o artista, como xa vimos- se os trazos da súa creación tiñan de tódolos xeitos sentido?

Nos anos seguintes, 1946-47, optou polas formas naturais simuladas na realización das «Esculturas ciclópeas», maquetas de barro cocido que tiñan como obxectivo transformarse en grandes pezas para seren ubicadas na Serra de Guadarrama (cousa que nunca aconteceu). Nestas maquetas podemos recoñecer un achegamento ó organicismo de Moore, pero tamén nos poden remitir á escultura do propio Alberto, ou a Hans Arp. Quero apuntar de tódolos xeitos unha suxerencia persoal, e é a vinculación que se pode establecer cos sartegos etruscos a través cando menos dalgunha das pezas (por exemplo «Diálogo» ou «Grupo 47»). A disposición das figuras (digamos mellor formas), o tipo de material ou, mesmo, unha especie de intuída reconciliación coa vida, parecen demostralo; con independencia de que esto aconteza consciente ou inconscientemente.

Faise tamén preciso constatar que esta calificación de surrealista non foi compartida polo artista, aínda que as súas realizacións e as relacións que viñemos establecendo neste discurso permiten que manteñamos dito criterio.[22]

A ESCULTURA MÓBIL

Foi no mesmo «Salón de los Once» de 1946 onde presentou o seu «Estudio estereotómico de coyunturas estatuarias», é dicir, unha figura articulada en madeira de buxo e de reducido tamaño. Tratábase dunha ensamblaxe de trinta pequenas pezas unidas (cosidas) con cordón bramante, o que lle permitía adoptar diferentes posicións. De feito, a mostra da peza ía complementada con fotografías[23] nas que se reflexaba ese carácter, esa propiedade articulable.



Fig. 16.- Serie "Venecia", 4. 1959.

Profundizaba Ferrant na súa tendencia experimental, no seu afán de descubrir, de comprobar. O salto estaba máis que anunciado, era inminente: aparecían no 1948 os «Móviles», construccións de formas elementais, puramente xeométricas, concebidas para seren case todas suspendidas do teito. Reaparecía así Calder na historia ferrantina, cando menos nunha primeira lectura, xa que aínda que nunca negou dita influencia, tamén é certo que Ferrant coñecía as experiencias cinéticas levadas a cabo na Bauhaus e, antes aínda, en Rusia,[24] ou que, como ten suxerido, «había visto banderas, semáforos, molinos de viento».[25]

En canto ós materiais, reaparece o artista más vangardista, máis aberto; bota man tanto do corcho, coma do arame, do ferro, de cordas de guitarra ou doutros polo estilo. Tampouco dubida -máis ben potencia- o aproveitamento das particularidades coloristas ou sonoras dos mesmos.

18 Os Ferrant nunca deixaran de vir pasar os seus veráns a esta terra, só que, trala voda, Ángel Ferrant mudou de destino elexindo unha casa propiedade da familia de María Lissarrague na referida localidade de Fiobre. Aínda hoxe se mantén co seu aspecto primordial intacto, gracias ó respecto e sensibilidade dos actuais propietarios.

19 Sobre as pezas que atopaba diría Ferrant: «...me entretenía contemplándolas, valiéndome de cristales de aumento o de mis manos para darles vueltas y verlas por todos lados. Quemándome la piel con aquel aire bravo iba llenando un saco con pedruscos, animaluchos o fragmentos que, al final de la sesión, veía como esculturas a la sombra ya del arbolado o de algún peñasco de la ribera...». Vázquez de Parga, op. cit., páx.59.

20 Esta etapa dentro da obra ferrantina foi a que provocou a súa inclusión na xa citada exposición «De Asorey ós 90», decisión que eu animei na súa comisaria, Marisa Sobrino Manzanares, e que suscitou unha previsible polémica. O que algúns consideraron un mero exercicio de snobismo -e tamén unha provocación- non foi outra cousa que unha xusta reinvidicación histórica. Tal decisión foi, polo tanto, unha mostra de valentía profesional pola que hai que felicitar á profesora Sobrino.

21 En Breton, *La llave de los campos,* Madrid, Edit. Ayuso, 1976, páx.31, podemos ler o seguinte texto: «...emergían electiva e incesantemente del río de arena cada vez más apisonada que constituye la visión del hombre adulto y tenderían a devolverle la transparencia de la de los niños. (...)Objetos naturales de gran singularidad, esencialmente aquellos cuya estructura responde a una necesidad de las más oscuras... Al igual que la poesía debe ser hecha por todos, estos objetos deben servir a todos.»

22 Ferrant responde nunha entrevista radiofónica realizada no 1947 do seguinte xeito: «La verdad es que no se me ocurrió nunca clasificarme. (...) Reconozco que es muy práctico el sistema de ficheros que hoy se emplea para ordenarlo todo, pero, no es cosa mía el usarlo. Si me clasificara, yo seguiría volando a mi modo, como díptero o como lepidóptero, pero sin pizca de curiosidad por saber lo que soy.» En Inmaculada Julián, *El arte cinético en España,* Madrid, Cátedra, 1986,páx.294.

23 Marrero, op. cit., páx.74.

24 I. Julián, op. cit., páx.298.

25 Ibídem.

Pero o máis importante é que a escultura se move, se manifesta activamente: está viva.[26] Ferrant é xa un auténtico «creador», un demiurgo dono dun amplio universo: «Planetas en fase amorosa», «Constelación», «Acuarium», «Nenúfares», «Fiesta campesina», etc.[27]

A continuación viría a época dos «Tableros murales» e dos «Estáticos cambiantes», todos formados por pezas tamén móbiles, mais concebidos con diferentes intencións, xa que se trataba de modificar a disposición dos elementos sobre bases de madeira ou de uralita obtendo así múltiples variacións dunha mesma obra. Algúns quixeron ver nestas creacións «pinturas articuladas»[28] . De todas elas destaca polas súas dimensións e particulares características o «Estático cambiante» de 1953, encargada de antemán para o MEAC, e realizada con chapa e varillas de ferro coloreadas. Estas series, xunto coa «Escultura cambiante» do 1953-54, representan unha total novedade no panorama artístico español; o espectador non debería contemplalas pasivamente, senón participar delas, das súas posibilidades. Non é de extrañar, polo tanto, que Ricardo Gullón afirmara delas que eran unha «auténtica protesta contra la hinchada vulgaridad de las «estatuas» y decortaciones al uso»[29] .

De todo esto despréndese unha conclusión evidente: a obra de Ferrant non pode ser valorada só polo que é -que non sería pouco-, senón tamén, dentro do seu contexto, polo que non é; é así como adquire a súa verdadeira dimensión. Con esa premisa poderemos entender mellor a influencia exercida sobre as novas xeneracións de artistas aparecidos a partir dos primeiros cincuenta.

A «ESCUELA DE ALTAMIRA»

Coincidindo co momento neurálxico da súa fase como creador de móbiles, aparece de novo con forza e con entusiasmo o Ferrant da curiosidade. Vémolo vencellado nun proceso, cáseque utópico, de información e difusión da arte contemporánea, «intentando romper la costra de indiferencia que rodea en España al arte nuevo».[30] Nacía dese xeito a «Escuela de Altamira» no 1949, a punto de abandonar unha década sumamente difícil en tódolos eidos. Era o fruto da mobilización dunha serie de artistas e intelectuais que, conscientes do vacío ó que estaba abocado o panorama artístico hispano dese momento intentaron variar ese rumbo.

Realmente parece ser que o pricipal promotor desta experiencia foi Mathias Goeritz, un xoven pintor chegado a España no 1944 e que, no 47, entabla amistade con Ferrant, quen o introduce nos seus círculos artísticos. A ese impulso responderían -ademais do propio Ferrant, claro está- Eudald Serra, Ricardo Gullón, Luis F. Vivanco, Santos Torroella, S. Gasch, E. Westerdahl, e outros moitos que alongarían esta lista. Todos eles compartiron un principio fundamental e definitorio: «el abandono de lo logrado y el avance, algo a

26 Unha proba de que as súas pezas son entendidas así témola na dedicatoria ó propio Calder na obra titulada «Barcos»: «Dedico esta fiesta en el aire a mi admirado a migo Alexander Calder que me estará escuchando: soy Ferrant.» Reproducido en J.M. Bonet, «El arte abstracto español», en C. Blok, *Historia del arte abstracto,* Madrid, Cátedra, 1982, páx.255.

27 «...con los escultores cinéticos tenemos un ejemplo claro del sentido de la nueva intención artística. No pretenden ya representar sino ser la máquina misma; y no sólo la máquina sino también la naturaleza e incluso la vida...». Rubert de Ventós, *Teoría de la sensibilidad,* Barcelona, Eds. península, 1979, páx.74.

28 Marrero, op. cit., páx.84.

29 Op. cit., páx.150.

30 Ibídem, páx.176.

ciegas, en dirección a la tierra incógnita.»[31] Podemos comparar este lema co texto que Ferrant publicara en «Alfar» (citado ó principio deste traballo) e abondará para darnos conta do entusiasmo do artista.

O proxecto tomou vida a través de reunións que se celebraron en Santillana del Mar, moi cerca das covas de Altamira. A consecuencia desas xuntanzas crearíanse «secciones de actividade y la que mejor funcionó fue la de publicaciones. Se editaron las conferencias pronunciadas, el primer número de la revista «Bisonte», dirigida por Ángel Ferrant y las monografías sobre Alberto Sartoris, Ángel Ferrant y Llorens Artigas, escritas por Luis Felipe Vivanco, R: Gullón y S. Gasch, respectivamente.»[32]




Fig. 17.- "Conjunciones 3" ou "2ª Serie 3". 1960.

Con estes simples datos podemos facernos unha idea do que supuxo a creación desta escola altamirana no proceso de recuperación das propostas artísticas cercenadas ó estalar a Guerra Civil; esa recuperación é o que Bonet denominou «espíritu de continuidad. Continuidad, tal vez, respecto a la prehistoria; pero continuidad, sobre todo, respecto a Gaceta del arte y de ADLAN.»[33] Un argumento máis para reflexionar sobre o papel de todas estas personalidades, artistas ou non, entre os que se destaca por méritos propios Ferrant.

Esta sería, xunto coa influencia exercida polos compoñentes da denominada vangarda parisina,a imprescindible referencia dos novos vieiros da arte española.

A PARADOXA DA QUIETUDE

«Prometeo modelaba figuras humanas de arcilla, pero no podía darles vida. Cuando consiguió, con la ayuda de Minerva, robar el fuego divino del cielo, pudo dar alma a sus criaturas. Pero Prometeo fue castigado por su soberbia, encadenado al Cáucaso y condenado a que un buitre le arrancase a pedazos el hígado perpetuamente. (...)Del mismo modo, Hefesto, creador de figuras humanas dotadas de movimiento, fue castigado con la cojera.»[34]

Resulta curioso o xeito co que a vida ás veces nos sorprende, nos somete ó máis cruel dos xogos. Semella mesmo un sarcasmo. O home que de xoven quedara sacudido ante o atractivo metálico do dinamismo futurista era agora paralizado por culpa dun accidente de coche (o automóbil, máis fermoso que a Victoria de Samotracia, que dixera Marinetti). O home que dividira o pasado da escultura en catro momentos: Paleolítico, Neolítico, Para-

31 Ibídem, páx.194.

32 En Valeriano Bozal, op. cit., páx.253.

33 Op. cit., páx.259.

34 En E. Kris e O. Kurz, *La leyenda del artista,* Madrid, Cátedra, 1991, páx.80.

lítico e Vivo, parecía atorparse el mesmo agora no terceiro deses tempos.

O verán de 1954 supoñia a quietude forzosa, unha situación moito máis paradóxica ó tratarse de Ferrant.

Esa parálise manteríao quedo durante dous anos, e sería xa decisivo no seu deterioro final. Nese tempo de total improductividade escultórica Ferrant dedicaráse a escribir e a dibuxar. Logo, lentamente, iría fabricándose os propios instrumentos que lle permitiran enfrontarse outra vez -sempre Gide- á súa primordial vocación: a escultura.

Durante os oito primeiros meses da súa convalecencia iría comprobando a admiración que lle profesaban non xa os vellos amigos, senón novos admiradores, entre os que se podía contar a Eduardo Chillida.[35]

«ESCULTURA INFINITA»

Nos últimos anos da súa vida síntese o escultor seducido polo ferro, un material xa por el coñecido, pero co que nunca mantivera unha relación da intensidade que agora comenza. Encontra neste material a resposta adecuada para poder, dende a limitación física, dar cabida a tódalas búsquedas anteriores: diálogo fluído co espectador, movemento, vida...

A vida. ¿Como definila cando un se atopa cara a cara coa morte, cando esta non é unha idea abstracta, senón unha presencia nítida, sentida?

O movemento. ¿Non ía ser entendido doutro xeito despois de verse sumido nunha parálise forzosa e nunca de todo superada?

O diálogo co espectador. Moito máis aínda, un pleno dpósito de confianza nel. Se o ciclo da vida se vai pechando, se o movemento se está limitando, ¿que queda? Só o espectador como futuro, como anhelado infinito.

Sería dende esta perspectiva como enfocou Ferrant as súas últimas produccións, as comprendidas entre os anos 1956 e 1961. Todas elas forman parte realmente dunha uúnica obra -toda a súa obra é unha soa-, perpetuamente metamorfoseando ou disposta a facelo; unha obra que é xa trance de eterno esculpir e non resultado, conclusión; impulso ó fin e ó cabo, bautizado así, por eso, «Escultura infinita».

A proposta ferrantina non podía ser máis radical: a obra xa non nace para ser obxecto de fruición -tan só-, senón para seguirse facendo nas mans do espectador, que dese xeito deixaba de selo para convertirse tamén en artista.[36]

Ferrant iniciaba toda unha premeditada suxerencia a base de finas variñas, de chapas tamén delgadas, dispostas tal que unidades intercambiables para partir delas cara a outras formas, a novas variacións. A expresión deste ideal plasmouna en tres series de pezas:na serie «Texas», do ano 1958, composta de cinco pezas numeradas («Texas 1», «Texas 2», etc.), realizadas con dúas, tres ou catro unidades perfectamente alterables na disposición, pero tamén dando lugar a cruzamentos entre elas; na serie «Venecia»,empregando o mesmo recursao para nomear cada peza, desenrolada para presentar á Bienal de Venecia de 1960,

35 Vázquez de Parga, op. cit., pp. 77-78.

36 Paréceme interesante lembrar aquí como pouco despois, no 1962, vía a luz un texto esencial dende o que penetrar as claves das novas tendencias artísticas. Refírome a Umberto Eco, *Opera Aperta*, onde afirmaba que «la obra de arte es un mensaje fundamentalmente ambigüo y para ello es frecuente que los artistas contemporáneos se acojan a ideales de informalismo, desorden, aleatoriedad, indeterminación de resultados», e onde se plantexaba tamén o problema de «definir los límites dentro de los cuales una obra puede plasmar la máxima ambigüedad y depender de la intervención activa del consumidor sin dejar por ello de ser «obra». Entendiendo por «obra» un objeto dotado de propiedades estructurales definidas que permitan, pero coordinen, la alternativa de las interpretaciones, el desplazamiento de las perspectivas.» Para esta cita, U. Eco, *Obra abierta*, Barcelona, Edit. Planeta, 1987, páx.30.

á que fora invitado, e que remataría por ser a máis coñecida, sobre todo tras ter recibido no certamen o premio David E. Bright; e por último, na serie «Conjunciones» ou «Serie 2», na que se pode observar unha pequena variación coas anteriores, xa que as pezas son denominadas doutro xeito («Homenaje a Miró», «Homenaje a Miró II», «Homenaje a Miró III» ou «Homenaje a Zabaleta»). Nesta última serie traballou ata xusto dous meses antes da súa morte, en abril de 1961.

Mais non remataba aí a súa obra, convertida xa para sempre en parte «de un proceso inacabable»[37], en verdadeira escultura infinita. E esa escultura non só foi recollida polos artistas-espectadores ou polos espectadores-artistas, senón tamén polas palabras dos poetas, de moitos dos nosos máis grandes poetas,[38] admitindo así o que non podía ser nunca máis negado: a materia prima de Ferrant non era no fondo senón poesía.

ACLARACIÓN FINAL

A bon seguro que sobraría esta parte do traballo se non fora porque se mantén aínda viva unha inmerecida -se cadra tamén romántica- visión da historia deste artista: Ferrant tolo, desequilibrado.[39]

Certo é que buscou obsesivamente a vida no fondo da súa arte, que a perseguiu en cadansúa actuación. Facíao dende a certeza da súa humana mortalidade, como xenuina reacción ante ela. Así lle escribía en 1958 a un dos seus vellos amigos dos anos barceloneses: «(Imbert) cualquier escultura mía de las que tienes puedes cambiarla por cualquiera de las que hago ahora. Hazlo cuando se te antoje y te lo agradeceré. Y luego, cuando te canses, que desaparezcan como desaparecemos nosotros.»[40]

Deixaba ben claro que a súa poética implicaba tamén a desaparición como posibilidade, como «inevitabilidade» -non habería entón grandeza na vida, perdería o seu absoluto valor-. ¿Por que non ían poder «morrer» as súas propias creacións?

Xa anos antes se manifestara nese mesmo sentido, con total convicción, con rotunda claridade: «que yo destruya o que se destruyan mis esculturas después de haberse exhibido ceñidas, por mí o los demás, a las intenciones con que fueron hechas, no solamente no me disgusta, sino que hasta me complace.»[41]

Non existía entón locura algunha, máis ben plena consciencia, coherencia total, auténtica cordura. E así o mantiveron sempre os que mellor o coñeceron, familiares e amigos.[42] Tamén así o podería manter todo aquel que realmente se quixera ter aproximado

37 Así Santos Torroella en palabras recollidas en J. Arnaldo, op. cit., páx. 67.

38 Hai moitos poemas adicados a Ferrant. Escritores da talla de Aleixandre, G. Diego ou A. Crespo son unha mostra dese feito. Boa parte dos mesmos aparecen recollidos nun monográfico adicado ó artista na revista *Papeles de Son Armadáns*, ano VI, Tomo XX, nº LIX bis, pp. 73-98. Pero queremos traer aquí versos galegos de Celso Emilio, versos do poema «O corazón do vento»: «Anxel Ferrant, que sabes dos bruídos / feitos de pronto espadas, / ou tornillos insomnes / (...) / dime si sabes, dime / que o dondo corazón do vento / está cansado.»

39 No xornal «La Voz de Galicia» de data 10 de setembro de 1980 aparecía un artigo referente a Ferrant que remataba coas seguintes palabras textuais: «...en sus últimos años se volvió loco, anduvo por los museos rompiendo sus obras.»

40 Recollido dos extractos da súa correspondencia publicados no catálogo de 1983, op. cit., páx. 127.

41 Ibídem, pax. 136.

42 Hai que dicir que as palabras aparecidas no citado artigo periodístico foron refutadas polo seu cuñado José Luis Lissarrague, actualmente domiciliado en Madrid, e a quen debemos de agradecerlle a donación de documentos sobre a figura de Ángel Ferrant ó Arquivo Municipal. Tamén pode considerarse así a afirmación rotunda de Gaya Nuño, *Arte del siglo XX*, Plus Ultra, 1977 (Ars Hispaniae, vol. XXII), páx. 315: «su escrúpulo de creador consciente y su honradez hicieron que la última voluntad determinase la destrucción de toda cuanta obra quedase en su taller».

a el, tanto a través da súa obra como das súas palabras[43] ; non sería entón necesario estar desmentindo, xustificando, explicando. Por tal motivo, coma un Sísifo neste século que lle tocou vivir, «como nadie escucha, es preciso empezar continuamente».

BIBLIOGRAFÍA

ARNALDO, JAVIER, «La escultura de Ángel Ferrant», *La balsa de la Medusa,* 21, 1992.
BLANCH, M.T., «Ángel Ferrant. Una imagen insólita», *Lápiz,* 9, 1983.
BLOK, COR, *Historia del arte abstracto,* Madrid, Cátedra, 1982.
BOZAL, VALERIANO, *Arte del siglo XX en España,* Madrid, Espasa Calpe, 1995.
BRETON, A., *Manifiestos del Surrealismo,* Madrid, Guadarrama, 1975.
_____*La llave de los campos,* Madrid, Edit. Ayuso, 1976.
BRIHUEGA, J., «Fuentes literarias del surrealismo español», en BONET CORREA, A., *El Surrealismo,* Madrid, Cátedra, 1983.
ECO, UMBERTO, *Obra abierta,* Barcelona, Edit. Planeta, 1987.
FERRANT, ÁNGEL, *La esencia humana de las formas,* Santander, Escuela de Altamira, 1952.
_____*Todo se parece a algo. Escritos críticos y testimonios,* Madrid, Visor, 1997.
GAYA NUÑO, *Arte del siglo XX,* Ars Hispaniae, vol. XXII, Plus Ultra, 1977.
GUYÓN, RICARDO, *De Goya al arte abstracto,* Madrid, Seminarios y Ediciones S.A., 1972.
JULIÁN, INMACULADA, *El arte cinético en España,* Madrid, Cátedra, 1986.
KRIS, E. e O. KURZ, *La leyenda del artista,* Madrid, Cátedra, 1991.
MARRERO SUÁREZ, VICENTE, *La escultura en movimiento de Ángel Ferrant,* Madrid, Ediciones Rialp S.A., 1954.
NIETO ALCAIDE, VICTOR, «Surrealismo y máquina», en BONET CORREA, A., (coord.), *El Surrealismo,* Madrid, Cátedra, 1983.
ROMERO ESCASSI, JOSÉ, *Ángel Ferrant,* Madrid, Dirección General de Bellas Artes, MEC, 1973.
SOBRINO MANZANARES, M. L., *De Asorey ós 90. A escultura moderna en Galicia,* Santiago de Compostela, Auditorio de Galicia, 1997.
VÁZQUEZ DE PARGA, ANA,»Sobre Ángel Ferrant: vida y obra», en VV.AA., *Ángel Ferrant,* Madrid, Ministerio de Cultura, 1983.
24 de diciembre: Misa de Nochebuena, cantada por la Coral, en la iglesia de Santo Domingo y breve Concierto de Villancicos al final de la misa.

26 de diciembre: Concierto de villancicos en la iglesia de A Capela, con la participación de la Coral Polifónica de Betanzos, la Coral Santa Iciar de O Ferrol y la Coral de A Capela, que fue la organizadora.

27 de diciembre: Actuación en el Colegio del Sagrado Corazón de Betanzos, para niñas allí acogidas y las Hermanas Hospitalarias.

La Junta Directiva

ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE DE BETANZOS

Ca pretensión de divulgar, recuperar e potenciar ese conxunto de crenzas, costumes, cancións, bailes, danzas instrumentos, etc..., que posúen carácter tradicional e conforman o folclore, leva funcionando dende o ano 1994, dependente da Concellería de Cultura do Concello de Betanzos, a Escola Municipal de Folclore.

Nembargantes, é dende 1986 que se está a traballar como Escola de Baile dentro das Escolas Deportivas Municipais.

Durante 1999, contou con 120 alumnos/as repartidos/as en diferentes actividades, de baile tradicional, gaita, pandeireta/cantareiras e tamboril.

Parte importante da Escola é o Grupo Azougue, que debe o seu nome a Santa Mª do Azougue, copatrona, que é , da cidade, e que se alimenta dos alumnos e alumnas da Escola para manter o seu nivel artístico.

Un breve repaso pola traxectoria durante 1999, sería:

Xaneiro:

*Día 6: Participación da Escola na Cabalgata de Reis.

Abril:

*Os días 21, 22, 23, 24 e 25 o Grupo Azougue foi invitado á vila de Tegueste en Tenerife, á XXXI Romaría de San Marcos Evanxelista.

Maio:

*Día 16: Participación das cantareiras da Escola e as do Grupo Azougue, no concurso organizado pola Asociación Xuvenil Xacarandaina de A Coruña, e celebrado no Teatro Colón.

*Día 23: Participación da Escola no XX Concurso de Baile Tradicional organizado pola Asociación Xuvenil Xacarandaina, no Teatro Colón da Coruña.

*Día 29: Participación do Grupo Azougue, no IV Concurso de Baile Tradicional Galego do Concello de Ames.

*Día 30: Pola mañá, tivo lugar o festival de fin de curso da Escola, e, pola tarde, a participación do Grupo Azougue nas festas de Coirós.

Xuño:

*Día 6: Participación do Grupo Azougue no XIII Concurso de Baile e Música Tradicional, organizado por Cantigas e Agarimos de Santiago.

*Día 13: Participación do Grupo Azougue, como finalistas, no Concurso organizado pola Asociación Xuvenil Xacarandaina; e, participación da Escola Municipal de Folclore nas festas da Ribeira.

*Día 26: Participación da Escola no VIII Día da Muiñeira organizado por Pasiño a Pasiño.

Xullo:

Día 25: Organización por parte da Escola Municipal de folclore, do Festival Folclórico con motivo do Día de Galicia, no Pasatempo en Betanzos.

*Día 11: Participación do Grupo Azougue, na II Feira Franca Medieval de Betanzos.

Agosto:

*Días 14, 15 e 16: Participación da Escola Municipal de Folclore nas festas patronais de Betanzos.

*Día 22: Actuación do Grupo Azougue nas festas de Bergondo.

Outubro:

*Día 2: Colaboración do Grupo Azougue co Liceo Internacional Agarimo, no seu intercambio con Estados Unidos.

*Día 12: Participación do Grupo Azougue no Festival da Ribeira.

*Días 30 e 31: O Grupo Azougue, participou no Festival Folclórico organizado en Lugones (Asturias), polo Grupo Folclórico Principado.

Novembro:

*Participación da Escola Municipal de Folclore nas festas de Roibeira.

Decembro:

*Día 11: Actuación da Escola Municipal de Folclore no Colexio Nosa Señora do Sagrado Corazón.

*Día 18: Participación do Grupo Azougue como invitado no XI Concurso de Panxoliñas, organizado pola Asociación de Amas de Casa de Betanzos.

E como seguimos a dicir, «A alegría e o bo humor sempre nos acompañan»

Elena Díaz Blanco , Directora





Suso Vaamonde, que faleceu neste 1999, aparece aquí na súa última actuación en Betanzos. Lembrarémolo todos con agarimo.

Anuario Brigantino 1999, nº 22

Anuario Brigantino 1999, nº 22

5 de xaneiro de 1999

Os Reis Magos de Oriente percorreron as rúas da cidade tirando miles de caramelos, para despois recibir e obsequiar con lambadas a tódolos nenos que o desexaron no adro de Santo Domingo. A organización deste acontecemento correu a cargo da Asociación de Amigos da Cabalgata, que contou co patrocinio do Concello.



Estudios Blanco: Cesar

12 de xaneiro 1999

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado dos concelleiros de cultura e de turismo, D. Francisco Díaz Pereira, e D. Andrés Beade Dopico, presentou na Sala Capitular do Concello un calendario de mesa con fotografías antigas e modernas da cidade, que reflexan a evolución de Betanzos neste século. O almanaque foi distribuído entre tódalas familias do municipio así como entre as sociedades e agrupacións de brigantinos existentes no estranxeiro.

Xaneiro 1999

Neste mes comezou a funcionar nas dependencias do Centro Ocupacional, en Bellavista, a Axencia de Emprego e Desenrolo Local. Este organismo creouse para prestar asesoramento ós cidadáns en aspectos relacionados coa creación de empresas e a promoción do autoemprego.



15 de xaneiro de 1999

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, entregoulle unha placa conmemorativa a Dª Dolores García Pandelo, con motivo do seu centenario.

15-31 de xaneiro de 1999

O Edificio Arquivo albergou nestes días unha mostra do pintor Xosé Casal Vázquez. As rúas de Betanzos e as paraxes naturais da comarca conformaron parte do repertorio temático elixido.

20 de xaneiro de 1999



La Voz de Galicia: Xosé Castro

Tivo lugar a clausura dos actos organizados polo Centro de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón con ocasión do seu 75 aniversario. O acto, que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, iniciouse cunha misa solemne oficiada polo vicario episcopal, D. Juan Cartelle, e unha conferencia polo profesor da Universidade Pontificia de Comillas, D. José Ramón Amor Pan. Tamén estiveron presentes, entre outros, o Director Xeral da Presidencia, D. Alfredo Vaquero, o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, D. Jaime Lafora, bisneto de D. Juan García Naveira, e a superiora xeral da Congregación das Irmáns Hospitalarias, Dª Teresa López Beorlegui.

O centro foi fundado en 1923 por D. Juan García Naveira, e dende a súa creación foi dirixido pola Congregación das Irmáns Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús.

22 de xaneiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha homenaxe ó Sainete, a cargo da Agrupación Teatral Mariñán. O grupo, dirixido por D. Daniel Martínez, puxo en escena tres pequenas pezas cómicas: *El Auxiliar* de M.I.R., *Los Pasionales* de Arniches e *Sangre Gorda* dos irmáns Quintero.

24 de xaneiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Qui pro quo*, a cargo do Grupo de Teatro Ollomol Tranvía. Esta representación estivo enmarcada dentro do convenio asinado entre o Concello de Betanzos e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).



La Voz de Galicia: Eduardo

27-31 de xaneiro de 1999

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Concelleiro de Turismo e Festexos, D. Andrés Beade Dopico e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, representaron á cidade de Betanzos na Feria Internacional de Turismo (Fitur). O lema escollido para dar a coñecer os atractivos turísticos da nosa cidade foi o de: *Betanzos: Un paseo por el cielo*. Tamén se editou un folleto turístico que recolle aspectos referentes ós atractivos turísticos que ofrece Betanzos. A delegación betanceira aproveitou para manter un encontro coa numerosa colonia betanceira no Centro Galego de Madrid.



Estudios Blanco: Cesar

4 de febreiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o I Encontro de Big-Band en memoria do que fora director da Banda Municipal de Música, Antonio Cal Purriños. Neste acontecemento participaron a Big-Band do Conservatorio da Coruña, José Somoza Big-Band e Big-Band Presto Vivace. Con este encontro o Concello de Betanzos tratou de render homenaxe a este betanceiro, un dos grandes músicos cos que contou Galicia, ademais do recoñecemento da súa laboura na recuperación da Escola Taller de Música e da Banda Municipal de Betanzos.

6 de febreiro de 1999

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación teatral *Finis Mundi Circus* polo grupo Mofa e Befa. Esta representación estivo enmarcada dentro do convenio asinado entre o Concello de Betanzos e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

7 de febreiro de 1999

Inaugurouse a Clínica Brigantium, o primeiro centro médico privado da comarca das Mariñas.

9-12 de febreiro de 1999

Ó longo destes días celebrouse na nosa cidade a segunda fase do Estudio Séneca sobre nutrición, subvencionado pola Unión Europea. As probas foron realizadas polo equipo da cátedra de Nutrición da Universidade Autónoma de Madrid, dirixida polo profesor D. Gregorio Varela e Dª Olga Moreiras. O mencionado estudio levouse a cabo en varias cidades europeas, e en Betanzos estivo coordenado polo doutor D. Juan Suárez Barros.

9-28 de febreiro de 1999

O Edificio Arquivo acolleu nestes días a exposición da serie de gravados *Los Caprichos de Goya*, unha colección de oitenta estampas, realizadas polos responsables da Calcografía Nacional en 1868. Esta mostra foi organizada por Caixavigo en colaboración co Concello de Betanzos.

13-17 de febreiro de 1999

Desenrolouse ó longo destes días o Programa de Festexos do Entroido elaborado polo Concello, no que tiveron cabida os bailes, atraccións para os nenos, concursos de disfraces, rematando co enterro da sardiña. Este ano houbo que chorar a morte de dous entroidos: o primeiro que foi queimado no adro de Santo Domingo por uns gamberros antes de tempo, e outro realizado pola Escola Taller, que si morreu á súa hora.

20 de febreiro de 1999




O político betanceiro, D. Xaime Alberto Pita Varela, tomou posesión do cargo de Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia, logo de ser nomeado polo Presidente, D. Manuel Fraga Iribarne, en substitución de D. Dositeo Rodríguez.

Don Xaime Alberto Pita Varela, viudo e pai de dúas fillas, naceu en Betanzos o 13 de xuño de 1944. É Profesor de E.S.O., e Diplomado en Técnicas Directivas polas Universidades de Navarra e Santiago. Exerceu a docencia como Profesor da Escola de Orientación Marítimo-Pesqueira e como Director Escolar. Participou en campañas de alfabetización de adultos en África, sendo Profesor de E.S.O. (Ciencias Sociais) en excedencia. É tamén empresario e artesán, responsable, xunto co seu irmán Emilio, da construcción do tradicional Globo de Betanzos.

Desde 1983 ata 1998 foi concelleiro e portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Betanzos e candidato á Alcaldía da dita cidade nas eleccións de 1983, 1991 e 1995. É Presidente do Comité Local do PP en Betanzos, Secretario da Xunta Electoral Provincial da provincia da Coruña desde 1985 ata 1989, membro da Xunta Directiva e da Executiva Provincial da Coruña, así como Vicesecretario Provincial do Partido Popular, membro da Interparlamentaria Popular Galega, do Comité Executivo e do Comité de Dirección do PP en Galicia.

Desde1989 é Diputado autonómico, sendo ademais na IVª lexislatura portavoz adxunto do Grupo Parlamentario Popular, Portavoz de Educación, Secretario da Comisión de Economía e membro da Diputación Permanente. No 1995 foi nomeado Portavoz de Economía do Grupo Popular e da Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Desde o ano 1997, Vª lexislatura, é portavoz do Grupo Parlamentario Popular, cargo que sigue a simultanear co de Conselleiro da Presidencia.




Estudios Blanco: Cesar

26 de febreiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do traballo titulado *La peste de 1598 en Betanzos de los Caballeros, ciento y un días de angustia y desolación*, do que é autor o Cronista Oficial de Betanzos, D. José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira.

26 de febreiro de 1999

Con motivo das obras de remodelación da Praza de Enrique IV, realizouse neste día o derrubo das polémicas naves comerciais da Ponte Vella. As naves foran levantadas en solo público había xa preto de trinta anos.



27 de febreiro de 1999

O betanceiro Carlos Couceiro, falecido o 29 de xaneiro deste ano, foi homenaxeado no Teatro Principal de Ourense, polo Grupo Sarabela Teatro coa representación da obra *Os soños de Caín*, da que era coautor.

Carlos Couceiro era integrante da Compañía Sarabela dende había dez anos, e colaborou nas adaptacións de *Madame de Sade* de Mishima e *As sillas* de Ionescu. Adaptou *Xacobe e o seu amo* de Milan Kundera, polo que conseguiu o premio Compostela de Teatro no ano 1994. Foi adaptador asi mesmo, de *Cama 2 x 2 para 2* de Sergi Belbel e *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor. Tamén foi coautor de *Afección* e *Tics* que, entre outros, levou o premio ó mellor texto teatral do F.E.T.E.N. de Xixón en 1998.

Febreiro de 1999

Os pais de alumnos do Colexio de Educación Infantil e Primaria Vales Villamarín, aprobaron neste mes a implantación da xornada lectiva continua, polo que, no curso 1999-2000 xa entrou en funcionamento o novo horario.

1 de marzo de 1999

Neste día foi enterrado o que fora funcionario municipal, actualmente xubilado, D. Hipolito Sánchez Deive.

Marzo de 1999

O Concello de Betanzos, en colaboración co Concello de Barcelona, iniciou no Colexio Público Vales Villamarín, o desenrolo dun plan informático deseñado para previr o consumo de drogas nos centros educativos.

3 de marzo de 1999

Profesores e alumnos do instituto As Mariñas inauguraron unha singular forma de reivindicación de melloras no edificio e a construcción de instalacións deportivas. O acto consistiu nun partido de Fútbol-pista baixo paraugas, segundo eles mesmos denominaron, para chamar a atención das autoridades educativas.

4-6 de marzo de 1999

Tiveron lugar ó longo destes días na nosa localidade as XV Xornadas Didácticas de Inglés, organizadas pola Asociación de Profesores de Inglés de Galicia (APIGA) e a Facultade de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña. Para o seu desenrolo contaron co patrocinio do Xacobeo 99, da Deputación da Coruña e do Concello de Betanzos. A inauguración tivo lugar na Aula Municipal de Cultura, e estivo presidida polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez.

13 de marzo de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Un corazón lleno de lluvia*, de Jorge Díaz, a cargo do grupo Miman Teatro.



Estudios Blanco: Cesar

16 de marzo de 1999

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ós deportistas betanceiros máis destacados no 1998. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

17-21 de marzo de 1999

Betanzos participou nestes días en Silleda en Turisport, dentro da Semana Verde de Galicia. Nela déronse a coñecer aspectos turísticos concretos como a Semana Santa, Festa do Viño, a Feira Medieval e as Festas de Agosto.

19 de marzo de 1999

A Organización Nacional de Cegos (ONCE) repartiu no sorteo deste día un total de 120 millóns na nosa localidade. O número premiado foi o 34.755 cun premio de 6 millóns por cada cupón. O número foi vendido no quiosco da Praza do Campo, que atende D. Francisco Couce Casandra. Os afortunados parece ser que foron turistas que se atopaban de excursión.

21 de marzo de 1999

As alcaldesas e candidatas do Partido Popular das provincias da Coruña e Lugo celebraron en Betanzos un encontro para intercambiar experiencias e proxectos para as súas respectivas campañas electorais. Actuou de anfitriona Dª María Dolores Faraldo Botana, candidata polo Partido Popular á alcaldía da cidade brigantina.

26 de marzo de 1999

No Pleno do Concello o concelleiro do Partido Popular, D. Jaime Alberto Pita Varela presentou a súa renuncia como edil, despois do seu nomeamento como Conselleiro da Presidencia.

Marzo de 1999

Despois de máis de cen anos de actividade, pechou as súas portas definitivamente a Imprenta Villuendas de Betanzos. Foi arredor de 1860 cando D. Manuel Villuendas trasladou para Betanzos este negocio, que instalara inicialmente en Carballo, e que pasou a ser un punto de referencia esencial dentro da historia cultural de Betanzos. Foi aquí onde se imprimiron moitos dos periódicos e revistas que hoxe podemos consultar no Arquivo Municipal, sen contar os primeiros números do Anuario Brigantino. Por este motivo o Pleno do Concello aprobou neste mes a adquisición de diversas máquinas e mobiliario desta imprenta a D. Manuel Villuendas, xa que, ademais do valor material para a historia da imprenta en Galicia, teñen tamén un importante valor sentimental para tódolos betanceiros.

26 de marzo de 1999

No Edificio Arquivo tivo lugar a inauguración da mostra Expotrén-Betanzos 99, organizada polo Concello en colaboración coa Asociación de Amigos del Ferrocarril y Tranvías de A Coruña. O Acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

A exposición tivo un carácter fundamentalmente didáctico e estivo formada por diversas maquetas nas que estaban representados trens de diferentes épocas, ademais dun conxunto moi variado de obxectos ferroviarios. Nin que dicir ten que tódolos visitantes gozaron coma nenos.

26-28 de marzo de 1999

No Edificio Arquivo tivo lugar unha mostra de porcelanas Lladró que organizou o Taller de Xoiería Daniel de Betanzos.

28 de marzo - 4 de abril de 1999

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo membro da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, D. José Carro Otero, sobre o tema *Reflexiones Médicas sobre la Pasión de Cristo*. Un ano máis as rúas da cidade deron acollida ós desfiles procesionais que ano tras ano van recuperando a vella tradición coa incorporación de novos pasos, gracias a unha estreita colaboración entre a Igrexa, o Concello e distintas asociacións locais. Este ano contouse coa novidade da procesión do Vía Crucis con Jesús Nazareno e o encontro ca Virxe María, que se sumaron ás do Santo Enterro, a Virxe das Dores e ós Caladiños.

Abril de 1999

O concello de Betanzos sumándose á celebración do Ano Santo Compostelán, peregrinou a Santiago de Compostela. Unha vez na cidade do Apóstolo foron recibidos polo Arcebispo, D. Julián Barrio e posteriormente o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez foi recibido polo seu homónimo santiagués, D. José Sánchez Bugallo.



Estudios Blanco: Cesar

2... de abril de 1999

A Semana Santa voltou ás rúas de Betanzos, seguindo a recuperar a tradición de séculos, gracias á colaboración da Igrexa, Concello e distintas entidades cidadáns.



Estudios Blanco: Cesar

14 de abril de 1999

Conmemorouse no Museo das Mariñas, diante da bandeira do Goberno Republicano no exilio, o 68 aniversario da proclamación da II República. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, quen estivo acompañado entre outras persoas, pola viúva de D. Francisco Javier Alvajar López, Dª María Josefa Castelo, dos concelleiros D. Antonio Lagares Pérez e D. Francisco Díaz Pereira, así como do Director do Museo das Mariñas, D. Alfredo Erias Martínez.

Abril de 1999

A moza brigantina, Paula Porca Belío, obtivo o primeiro premio da Comunidade Autónoma Galega no concurso de plástica *El Deporte en mi colegio*. O concurso estivo patrocinado pola editorial Océano.



Estudios Blanco: Cesar

15 de abril de 1999

Foi inaugurada no Edificio Arquivo a VI Mostra Documental de Betanzos, organizada pola Concellería de Cultura. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quen acompañaban o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, e diversos membros da Corporación Municipal. Ademais de poder contemplar documentos interesantes e curiosos da historia de Betanzos, os visitantes recibiron un catálogo de Publicacións periódicas de Betanzos no Arquivo Municipal, elaborado por Alfredo Erias Martínez e Xosé María Veiga Ferreira.

16 de abril de 1999

Os alumnos da disciplina de teatro do Instituto de Educación Secundaria Francisco Aguiar, representaron na Aula Municipal de Cultura tres obras *La opinión* e *Los Opositores*, de Antonio Martínez Ballesteros e *Aprobado en inocencia*, de Luís Peñafiel.

16 de abril de 1999

Por segunda vez en menos dun mes a ONCE, no seu sorteo dos venres, deixou en Betanzos 120 millóns de pesetas no número 73.665, vendido no quiosco da Praza do Campo que rexenta D. Evaristo Cagiao Sánchez.

Abril e Maio de 1999

A Delegación de Tráfico do Concello de Betanzos organizou un curso de Educación Vial nos centros educativos, que foi impartido polo cabo da Policía Municipal, D. Manuel Seijo. Participaron no curso máis de 600 alumnos de Betanzos e da comarca, sendo o obxectivo principal desta iniciativa achegar ós nenos ás normas básicas de comportamento en rúas e estradas.

18 de abril de 1999

Este día faleceu o médico brigantino, D. Julio Eugenio Vázquez Fernández, persoa moi coñecida e querida, tanto na nosa cidade como en toda a comarca. Aparte de exercer a medicina ó longo da súa vida, desempregou por algún tempo o cargo de concelleiro.

20 de abril de 1999

Os alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, apoiados por algúns profesores, levaron a cabo un paro en protesta pola guerra dos Balcáns e contra a intervención militar da OTAN.

Abril de 1999

A empresa *Aquagest* instalou en Betanzos un novidoso sistema de telecontrol da rede de abastecemento de auga. Trátase dun moderno sistema que permite, entre outras cousas, detectar posibles avarías, fugas na rede e coñecer en todo momento o nivel dos depósitos.

Abril de 1999

Con motivo da celebración do Día do Libro, o Departamento de Lingua Castelá e Literatura do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, organizou unha exposición de carteis, obxectos e traballos sobre a vida e obra de Cervantes.

22-25 de abril de 1999

Tiveron lugar na nosa cidade ó longo destes días unhas Xornadas Técnicas de Policías Municipais, que reuniron a máis de medio cento de axentes de diversos puntos de España.

23 de abril de 1999

Os alumnos e profesores do Instituto de Educación Secundaria As Mariñas protagonizaron unha nova acción reivindicativa de cara a tratar de buscar unha solución ás deficiencias do centro. Nesta ocasión, ataviados con roupa adecuada, procederon a tapar con grava algunhas das fochancas existentes nos accesos ó recinto escolar.

Maio de 1999

Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos organizados polo Concello, con motivo da festividade das Letras Galegas, que este ano estivo dedicada a Roberto Blanco Torres. Para o seu desenrolo contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como as Xornadas de Portas Abertas no Museo das Mariñas e Unidades Didácticas de Fomento da Lectura na Biblioteca Municipal.

Maio de 1999

Como xa ven sendo habitual nos últimos anos, por estas datas chegou a Betanzos o Tren do Pasatempo, promovido polo Concello, Dirección Xeral de Política Lingüística e Renfe. A través desta iniciativa, cerca de dous mil escolares de toda a provincia visitaron neste mes e no seguinte o parque do Pasatempo, o Museo das Mariñas e o casco histórico da cidade.

2 de maio de 1999

O Club de Atletismo As Mariñas organizou a III Media Maratón Volta á Ría de Betanzos, que contou cun elevado número de participantes. Nesta edición o vencedor foi Marcos Fernández en categoría masculina e Elena Miguens en categoría feminina.

Maio de 1999


O equipo de fútbol da Madalena, proclamouse campión da liga de peñas. Esta liga reúne ó fútbol afeccionado da cidade e de toda a comarca.

4 de maio de 1999

Faleceu neste día o que fora empregado municipal D. Jesús María López Bouza.

5 e 7 de maio de 1999

Na Aula Municipal de Cultura e dentro dos actos organizados polo Concello con motivo das Letras Galegas, tivo lugar a proxección da película *O Desexo*, baseada no conto de Rafael Dieste *O Vello que quería ver o tren.* Seguiu unha charla-coloquio co director da película D. Miguel Castelo.

El Ideal Gallego: Pedro Puig

7-9 de maio de 1999

Celebrouse na avenida do Carregal a XIV Edición da Festa do Viño de Betanzos, que dou comezo coa lectura do pregón a cargo do Arquiveiro-Bibliotecario, Director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino, Alfredo Erias Martínez. O bo tempo animou a miles de persoas que se deron cita nesta festa, organizada pola Asociación de Colleiteiros, e na que se comercializaron máis de 20.000 litros de viño. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores: D. Julio Castro Edreira en branco e D.José Doporto en tinto. Na fotografía, o presidente da Asociación de Colleiteiros, D. Julio Castro Edreira.

Pregón da Festa do Viño

¡Excmas. autoridades, donas e señores, amigos todos!

O viño está enraizado na nosa historia desde o nacemento da agricultura no Neolítico e o conseguinte xurdimento de poboacións estables. Procede de Asia ou do sureste de Europa.

A vexetación coa chegada do bo tempo dá os seus froitos. Pero o home por moitos segredos que coñeza para o cultivo das plantas, precisa de forzas superiores. Por eso as colleitas de calquera tempo adoitan estar cinguidas a festas e a manifestacións relixiosas nas que se dá gracias a Deus. E poucos cultivos están tan ligados a Deus como o do viño. O coñecemento segredo de como cultivalo acostuma estar relacionado con deuses, coma Osiris en Exipto, Dionisos en Grecia ou Liber (asimilado ó Baco grego) en Roma.

Estou certo que algo das festas da vendima dos antigos queda aínda en nós, sobre todo das «vinalia» e máis concretamente da «vinalia priora» do 23 de abril, que celebraba a chegada do viño novo, en honra a Xúpiter, como deus do bo e do mal tempo.

En Grecia o viño simbolizaba o sangue de Dionisos, representando o licor da inmortalidade. No Cristianismo non só simboliza o sangue de Xesucristo, senón que se converte nela para os crentes, no sacrificio da Misa.

No Israel bíblico do Antigo e do Novo Testamento o pobo identifícase coa viña de Deus, onde éste, Deus Pai, é o viñador, o agricultor; Xesucristo é a cepa, e os discípulos os sarmentos. O viño é sangue (pola súa cor), pero tamén esencia da planta e elixir de vida e de inmortalidade, símbolo de

coñecemento e de iniciación e, na Biblia, de ledicia e de tódolos bens que Deus deu á xente. E o Apocalipse simboliza o Xuizo Final coa imaxe dunha vendima xigantesca.



El Ideal Gallego: Pedro Puig

Lembro ben a Primeira Feira do Viño de Betanzos en abril de 1986 que agora se perde na memoria e que sementou a semente dunha manifestación festiva e económica que xa nunca máis se perdeu. Lembro os apuros de D. Tomás López Loureda, D. Andrés Cachaza e D. Luis Otero para que todo saíse ben. Daquel momento aínda temos un fermoso tríptico que falaba das bodegas de Betanzos. Quede este recordo como o meu humilde homenaxe para eles.

Pero se empezar ten mérito, ten tanto ou máis continuar e, desde logo continuouse. Porque o noso viño está moi dentro do noso ser, da nosa historia.

O cultivo ancestral da viña aparece testemuñado por Estrabón cando di que o viño escasea (non que falta) nos pobos do norte da Península. Pero ademais a arqueoloxía dinos que hai no noso contexto xeográfico restos de ánforas vinarias romanas.

Con maior precisión sábese que se expandiu nos vales abrigados e nas zonas costeiras de Galicia desde os séculos XII e XIII, debido á colonización monástica e ó nacemento das vilas. É precisamente ese o momento no que a xente de Betanzos o Vello se traslada a esta Vila de *Untia* (no ano 1219) para formar desde aquela a Vila e despois cidade de Betanzos. As viñas non só cubren grandes extensións de terreo, senón que o viño sustituiu definitivamente á sidra altomedieval. Mesmo as casas campesiñas aproveitan tódolos espacios posibles, na eira e no curral, para cultivar baceis.

Sen pormenorizar en exceso, da importancia do viño no Betanzos da Baixa Idade Media dá conta o feito de que a primeira ordenanza municipal que se coñece (de 1490, pero ratificando outra antiga) refírese á preferencia dos viños da cidade e arrabaldes no mercado, prohibindo que se trouxeran, e mesmo que se beberan, viños de fóra. Desta maneira protexíase o noso viño, permitindo a súa entrada dentro das murallas da cidade desde o primeiro día da vendima ata o día de San Martiño.

Máis tarde, nas Ordenanzas de 1591 o Concello sinalaba o día en que tódolos veciños podían inicia-la vendima en cada montería, castigando ós que se adiantaran. Castigaban tamén o roubo de cepas e de uvas. As mesmas ordenanzas obrigaban a toda persoa que vendera viño a poñer o ramo de loureiro na porta, símbolo antigo de pureza e de perennidade, para que os cobradores do imposto de alcabalas o soubesen e o puidesen medir e rexistrar. Neste caso tamén se obrigaba a ter medidas fiables. Por certo que se castigaba a quen tivese naipes nas bodegas e tabernas, porque ó parecer pola afección de xogar había frecuentes escándalos, sen contar o feito de que moitos labradores deixaban de traballar por xogar.

O século XVIII é o da expansión máxima da viña, fenómeno que se coñece como «febre do viñedo». É a época de provisións da Real Audiencia de Galicia a favor da conservación das viñas e contra o gando solto, sobre todo vacas e cabras que tamén gustaban dos acios. O inicio da vendima seguía a estar regulado pola autoridade e castigábase a quen se adiantase. Algúns creron que por telas viñas en fincas pechadas non lles afectaban as ordenanzas, que eso era só para as monterías, pero a xustiza non lles deu a razón.

Nin que dicir ten que o gremio de labradores, de orixe baixomedieval, e de antecedentes romanos nos «negotiatores vinarii», era moi importante xunto coa súa confraría de San Antón Abade, e hoxe, moito despois da súa desaparición oficial, aínda vemo-la súa danza nas festas de San Roque e noutras, perpetuando o espírito dos antepasados.

A demanda de viño trouxo cepas de maior producción, pero menor calidade, cousa que se complicou co ataque do *oidium* ou cinza no 1854 e da filoxera no 1907 que obrigou á renovación de moitas cepas, aínda que algunhas resistiron ata os nosos días.

Por fin, o viño de Betanzos vive de novo un tempo brillante e, sobre todo, esperanzador. Hai hoxe tres asociacións que procuran o seu estudio e mellora. Precisamente unha das persoas que máis participou no nacemento da feira do viño, D. Luis Otero, foi quen me serviu de guía para un mellor coñecemento desta realidade actual.

Entre os viños blancos, o BLANCO LEXÍTIMO é a variedade mítica, a que se pode cualificar de excelente, e que se está a recuperar por varios colleiteiros. É o viño do que falaban os nosos avós. Descoñecido no resto de Galicia e que quizais sexa un *Chardonay* francés, puidérono traer os monxes cistercienses de Monfero.

Outros blancos prestixiosos son o AGUDELO e o GODELLO, afrutados, pouco acedos, pero con boa graduación alcohólica.

Introdúcese tamén hoxe o Albariño, que se dá ben, pero non é noso. E tamén persiste o Palomino ou «Jerez» de inferior calidade.

Entre os tintos, as variedades lendarias, en proceso de se recuperar, son: o ROIBAL e o SERRADELO. A facilidade con que foron atacados pola enfermidade chamada «podre» (*botritis cinérea*) explica que quizais foi substituído no pasado pola variedade MENCÍA, a máis representativa, afrutada, de moderado grao alcohólico e pouco acedo, pero con algúns problemas de conservación...

O reto, pois, está en atinar nas cepas que se axeiten mellor ás nosas condicións de clima e chan (quizais a 420 de A. Millardet), en voltar decisivamente ás terras de viñedo de toda a vida, sobre todo nas ladeiras que dan ó sur, por debaixo dos 90 m. de altitude, e en recuperar con decisión os nosos viños de alto prestixio que aínda non desapareceron: o BLANCO LEXÍTIMO e os tintos ROIBAL e SERRADELO.

Con esto e co mantemento de AGUDELO e GODELLO Betanzos acadará doadamente o prestixio de séculos pasados e o noso viño traerá de novo ledicia e prosperidade a todos. Ese camiño estase andando ¡Adiante, pois!

Da augardente hai menos que dicir pola sinxela razón de que está comunmente considerada como das mellores de Galicia.

Pero, baixando a pé de rúa, unha das cousas que máis me impresionan é o ambiente estético, social e espiritual das bodegas, que aínda desafían ó tempo, permanecendo en pé. Semella que entramos nun espacio case relixioso, aspecto que ten algo de certeza, posto que a bodega simboliza a interioridade espiritual, a cámara segreda, o recinto do tesouro en sentido místico, tal como aparece no *Cantar dos Cantares*.

Cando un entra nunha bodega semella que viaxase ó pasado. A súa arquitectura é moi simple, primaria, intemporal. Frecuentemente, catro paredes de pedra e un tellado, ambiente escuro, chan de terra, o lagar ó fondo e, no medio de bocois e de tinallas, unhas mesas de pino. Non hai finuras nin adornos, nin nada do outro mundo, pero está o principal: o viño, o noso viño de Betanzos. Con ese agallo imos alí provistos de tortilla, xamón ou calquera outra cousa das boas que temos, e sentamos á mesa. Conversa solta a cotío e de vez en cando, un groliño. Así é como se debe beber.

Pois ben, hoxe Betanzos é unha gran bodega co ceo por tellado, con moito de comer e máis aínda de beber. Abertos ós catro puntos cardinais recibimos a todos, sexan daquí ou dacolá, con espírito ledo, o que corresponde á cidade de toda a vida, a que mellor representa o cerne mesmo de Galicia.

¡VIVA O VIÑO DE BETANZOS!
ALFREDO ERIAS
7-V-1999

8 de maio de 1999

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura, dentro dos actos organizados con motivo das Letras Galegas, unha representación a cargo da Agrupación Teatral Mariñán. Escenificou catro pezas breves: *A máis forte* de Strinberg, *Oración* de Fernando Arrabal, *A Estatua* de Ruibal e *A Tía Lambida* de Blanco Amor.

8 de maio de 1999

As estradas de Betanzos e da comarca víronse este día alteradas pola celebración da 17ª edición do Rally Internacional da Coruña, puntuable para o Campionato de Europa.

9 de maio de 1999

Celebrouse a XVIII Volta á Comarca Brigantina, organizada polo Club Ciclista Betanzos, e na que resultou gañador Francisco Javier Iglesias do equipo Superfroiz. Aproveitando este evento o club organizador editou un libro, no que recolle as actividades desenroladas ó longo do ano, así como interesantes colaboracións.

10 de maio de 1999

O debuxante betanceiro, José Tomás Díaz, inaugurou unha exposición dos seus traballos na Cafetería Lanzós. A mostra que englobou debuxos e caricaturas, incluíu unha serie de cadros infantís, nos que se representaban, basicamente, animais.



12 de maio de 1999

Na Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña, foi inaugurada unha exposición de pintura de Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Director Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia, D. Homero José Mª Pérez Quintana. A mostra, organizada pola Consellería de Cultura, foi incluída nun circuíto itinerante, que percorreu as principais cidades de Galicia. Con motivo da exposición editouse un libro-catálogo que recolle os cadros que conformaron esta mostra.

13 de maio de 1999

Alumnos e profesores dos centros educativos de Betanzos construíron cadeas humanas reivindicando a fin da guerra nos Balcáns.

14 de maio de 1999

Dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, na Aula de Cultura presentouse o libro *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro, Forza Segreda (teatro), Poemas inéditos e diversos*. Os autores desta recompilación literaria foron Concepción Delgado, Teresa Amado e Alfredo Erias.

Con esta obra, editada polo Concello, pretendeuse recuperar a memoria literaria sobre a obra dun autor mariñán practicamente descoñecido. A presentación correu a cargo do académico e catedrático da Universidade de Santiago, D. Xesús Alonso Montero.


Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

14-16 de maio de 1999

Celebráronse ó longo destes días os actos conmemorativos do 150 aniversario do nacemento de D. Juan García Naveira. O Concello aproveitou este motivo non só para homenaxear a Don Juan senón tamén para amosar o recoñecemento da cidade de Betanzos á súa Familia.

A homenaxe comezou o día 14 coa inauguración da exposición *150 Aniversario do Nacemento de Don Juan García Naveira*, no Edificio Arquivo, na que se recolleu unha ampla colección de fotos e documentos sobre os irmáns García Naveira e as súas fundacións.

O día 15 na Sala Capitular do Concello, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado de diversos membros da Corporación Municipal, impúxolle a Medalla de Prata da Cidade a D. Jaime Lafora González, bisneto de D. Juan e representante da Familia. Neste acto tamén estiveron



Estudios Blanco: Cesar

presentes as netas de D. Juan: Dª Águeda, Dª Lourdes e Dª Joaquina. Os actos continuaron co descubrimento dunha placa conmemorativa do aniversario colocada nunha das terrazas do Pasatempo.

Neste mesmo día, na Aula Municipal de Cultura, tivo lugar unha conferencia de Dª Rosario Castells Vila sobre a figura de D. Juan, que tivo como broche un concerto da Coral Polifónica de Betanzos.

O día 16 os membros da familia García Naveira, acompañados da Corporación municipal realizaron unha visita ó Centro de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón, durante a que as alumnas do centro ofreceron unha actuación ós asistentes.

Posteriormente, oficiouse unha misa na capela da Residencia Irmáns García Naveira, seguida dunha comida de confraternidade cos anciáns e persoal da Residencia.

17 de maio de 1999

Celebrouse o IV Memorial Abel Faraldo de ciclismo, para as categorías de cadetes, infantís, alevíns e principiantes, organizada polo Club Ciclista de Betanzos.

17 de maio de 1999

Encadrado dentro dos actos celebrados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un acto de homenaxe literario-musical a Roberto Blanco Torres polo *Grupo Evocación*, actuando como narrador Manuel Basoa.

18 de maio de 1999

Dentro dos actos de celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Qui Pro Quo* a cargo do grupo Ollomol Tranvía.

18-31 de maio de 1999

No Edificio Arquivo estivo nestes días exposta a mostra *Galicia en Foco.*

19 de maio de 1999

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra *Catro contos da China* de Yang-Feng a cargo do Grupo Cachirulo. Este acto estivo organizado polo Concello para celebrar as Letras Galegas.

21 de maio de 1999

Tivo lugar un Concerto de Música Tradicional Galega a cargo do grupo Fiandola na Aula Municipal de Cultura. O acto estivo organizado polo Concello dentro do Programa de celebración das Letras Galegas.

22 de maio de 1999

Coincidindo coa celebración de Santa Rita, o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, fixo entrega das insignias de Betanzos ós funcionarios xubilados no pasado ano.

22 de maio de 1999

Organizado polo Concello, celebrouse na Praza da Constitución o II Encontro de Bandas de Música Cidade de Betanzos, coa participación da Banda de Música das Pontes, Banda Municipal de Carballo, Banda Municipal de Pontedeume e Banda Municipal de Betanzos.

23 de maio de 1999

Dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da *obra ¿que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50?* a cargo do grupo Pífano Teatro.

Maio de 1999

O Instituto de Secundaria As Mariñas celebrou neste mes unhas xornadas dedicadas á prensa. Entre os actos organizados tivo lugar unha exposición de xornais e dúas conferencias nas que participaron D. Manuel Guisande e D. Xesús Torres.

23 de maio de 1999

Con motivo da proximidade das eleccións municipais reuníronse en Betanzos os candidatos do PSdeG-PSOE a alcaldes na comarca das Mariñas, coa presencia do Secretario Xeral, D. Emilio Pérez Touriño.

24 de maio de 1999

Rematou a liga na Terceira División na que o Betanzos C.F. acadou o posto decimoterceiro.

27 de maio de 1999

No Estadio García Irmáns disputouse o Trofeo Airtel entre os equipos do Betanzos e o Deportivo da Coruña, o resultado foi de 3-0 a favor dos coruñeses, con goles de Bassir, Pauleta e Turu Flores.

29 de maio de 1999

Dentro dos actos organizados polo Concello para a celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Lazarillo de Tormes*, a cargo do grupo Teatro de Morcego.



Estudios Blanco: Cesar

4 de xuño de 1999

Alumnos do Colexio Vales Villamarín celebraron o Día Mundial do Medio Ambiente coa plantación de varias árbores. Os escolares nesta ocasión contaron coa axuda do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



Estudios Blanco: Cesar

4 de xuño de 1999

Tivo lugar a presentación do Grupo Especial Municipal de Intervención Rápida, composto por doce persoas. A súa función é a de colaborar en situacións de risco e asuntos como o coidado do medio ambiente, limpeza de ríos e o seu entorno, organización de tránsito rodado, así como calquera outra actividade puntual.

6 de xuño de 1999

Celebrouse a I Volta ás Mariñas Memorial Luís Lousa Bodmer. Esta proba que leva o nome do defunto presidente do Club Ciclista de Betanzos, dirixiuse a corredores de categoría junior. O gañador foi o corredor do Club Ciclista Vigués, Pedro Dacal.

8 de xuño de 1999

Na Sala Capitular do Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, recibiu un grupo de alumnos de Tarragona, que estiveron de visita na nosa cidade por un intercambio con alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar.

12-13 de xuño de 1999

Desenroláronse ó longo destes días as festas da Octava da Ribeira, unhas das de maior tradición no municipio.

13 de xuño de 1999

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados: PS de G-PSOE, 4.355 votos; PP, 2.607 votos; BNG, 884 votos. Obtiveron, polo tanto, a seguinte representación municipal: PS de G-PSOE 10 concelleiros, PP 5 e BNG 2.



17 de xuño de 1999

O betanceiro Xabier Ares, coñecido como Japi, e a súa compañeira Rita Melo regresaron dunha nova viaxe, que esta vez consistiu nunha peregrinación en bicicleta polas tres cidades santas: Jerusalén, Roma e Santiago. Percorreron 8.000 Km nunha aventura que comezou no mes de xaneiro e rematou neste día en Compostela. Á súa chegada a Betanzos foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

19 de xuño de 1999

No Estadio García Irmáns celebrouse a final da Copa de Peñas de Fútbol, que disputaron os equipos da S.C.D Globo de Betanzos e a S.D. Esperela, resultando gañador este último.

20 de xuño de 1999

Os pais de alumnos do Colexio Público Francisco Vales Villamarín concentráronse na Praza do Campo para protestar polas deficiencias do centro escolar. Este acto de protesta estivo apoiado pola dirección do colexio e a Corporación Municipal.

22 de xuño de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tiveron lugar as Xornadas Técnicas sobre o comercio, *Retos, avances y proyectos*, que estiveron organizadas pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Asociación de Comerciantes de Betanzos.

23 de xuño de 1999

Foron moitas as lumeiradas que se realizaron para celebrar a noite do San Xoán ou do solsticio de verán, nas que participan as familias, grupos de veciños e peñas. Este ano ademais das clásicas sardiñadas, xurdiron novas iniciativas como a dos bares da cañota, que organizaron unha churrascada gratuíta con música tradicional ó aire libre.

25 de xuño de 1999

Presentouse na Aula de Caixa Galicia a segunda novela de Xabier López López, titulada *Doutor Deus*, que foi editada por Sotelo Blanco. O acto, organizado pola Asociación Cultural Eira Vella, contou coa participación da crítica literaria Dª Silvia Gaspar, o filólogo, D. Xosé María Dobarro, o editor D. Carlos Lema, e o escritor D. Xulio Cuns (véxase en Entidades Culturais, *Eira Vella*).



La Voz de Galicia: Sandra Alonso

Xuño de 1999

Neste mes celebrouse en Santiago a I Cata de Augardentes de Galicia organizada pola Consellería de Agricultura, na que a caña betanceira, representada por Bodegas Vinsa, acadou o primeiro premio. É un xusto premio de recoñecemento da calidade do augardente de Betanzos a nivel galego. Na nosa cidade foi de sempre recoñecida tanto a súa calidade como a súa necesidade na dieta, non en balde se acuñou o dito: *Suba o pan e baixe a caña*.

26 de xuño de 1999

Celebrouse na Praza do Campo a VIII Edición do Día da Muiñeira, na que tomaron parte trinta formacións de diferentes lugares da provincia.

29 de xuño de 1999

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ó equipo de alevíns do Betanzos C.F. que recentemente se proclamou campión das Mariñas. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, que estivo acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e do Presidente do Betanzos, D. Julián García.



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

2 de xullo de 1999

Na Sala Capitular do Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ataviado con traxe da época, presentou o Programa *da* II Feira Franca Medieval de Betanzos. No acto estivo acompañado por un numeroso séquito medieval.



Estudios Blanco: Cesar

3 de xullo de 1999

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:

PS de G-PSOE: D. Manuel Lagares Pérez, Dª María Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Antonio Carro Galeiras, D. Francisco Manuel Díaz Pereira, D. José Ramón García Vázquez, Dª María Beatriz Gómez Iglesias, D. Andrés Beade Dopico, D. Antonio Vázquez Lorenzo e Dª Ofelia López Campos.

PP: Dª María Dolores Faraldo Botana, D. Luís Alberto Carro Erias, Dª Lucía Romay Roldán, D. Manuel Amancio Agraso Carballido e D. Francisco Antonio Martínez García.

BNG: D. Andrés Otero Martínez e D. Xosé Isidro Doporto Santos.



D. Manuel Lagares Pérez
Alcalde-Presidente



D. Mª Asunción Sánchez Vázquez. Tte. Alcalde.



D. Antonio Lagares Pérez
Tte. Alcalde.



D. Antonio Carro Galeiras
Tte. Alcalde.



D. Francisco Díaz Pereira
Tte. Alcalde.



D. Ramón García Vázquez
Tte. Alcalde.



Dª. Mª Beatriz Gómez Iglesias
Concelleira



D. Andrés Beade Dopico
Concelleiro



D. Antonio Vázquez Lorenzo
Concelleiro



Dª. Ofelia López Campos
Concelleira



Dª. Mª Dolores Faraldo Botana
Concelleira



D. Luís Alberto Carro Erias
Concelleiro



Dª. Lucía Romay Roldán
Concelleira



D. Manuel Agraso Carballido
Concelleiro



D. Francisco Martínez García
Concelleiro



D. Andrés Otero Martínez
Concelleiro



D. Isidro Doporto Santos
Concelleiro



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

Os tres Alcaldes da democracia: D. Vicente de la Fuente García, D. Antolín Sánchez Presedo e (no centro) D. Manuel Lagares Pérez.

1 de xullo de 1999

Na Sala Capitular do Concello e baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, tivo lugar a toma de posesión de novos funcionarios municipais: Dª Aurea Picado Brea, D. Rafael Fraga Varela, D. Antonio Calviño Novo, Dª Matilde Vázquez López, Dª Mª del Pilar Rodríguez Pedreira, D. Pedro Tenreiro Viqueira, Dª Susana Barral Vázquez, Dª Mª Fernanda Rojo Freire e Dª Estrella Rincón Martínez. Outros promocionaron: Dª Mª Teresa Morales Segade, D. Francisco Doural Cartemil, D. Antonio Vara Fiaño, Dª Mª José Purriños Aller e Dª Purificación Calviño

10 de xullo de 1999

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción, por parte de Alcalde e concelleiros, ós membros da Irmandade dos Viños Galegos. O poeta Manuel María fixo uso da palabra no nome dos compañeiros...



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar




La Voz de Galicia: Xosé Castro

Xullo de 1999.- O maxistrado betanceiro, D. Antonio Fraga Mandián ven de ser elixido Xuíz Decano da Coruña. Recentemente publicou un libro, con Manuel Mª Lamas Meilán, titulado *El Consentimiento Informado.*



9-11 de xullo de 1999



A II Feira Franca Medieval celebrada nestes días foi un rotundo éxito de participación e de público, que desbordou as estimacións máis optimistas.


Púidose disfrutar dun ambiente festivo no que a decoración das rúas, a xente vestida de época, os postos de artesanía e de gastronomía, os adiviños, os malabares, xograres e trobadores, as representacións de escenas históricas... deron ó casco histórico o aspecto e a vida da cidade medieval que foi nalgún tempo.

Dentro dos actos organizados para ambientar a cidade na época medieval hai que salientar a cea medieval, concertos de música medieval, representación do tributo das cen doncelas e a batalla das figueiras, unha poxa pública de bens, queima da bruxa, expulsión dos leprosos, partida de xadrez vivinte, cacerías, etc. A organización do acontecemento correu a cargo do Concello, que contou coa colaboración de asociacións, empresarios e comerciantes, así como unha gran participación dos cidadáns e de numerosos voluntarios.

A feira deu comezo coa representación do saúdo entre o Conde de Andrade e o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, para a continuación pasar á lectura do pregón que realizou Alfredo Erias.



Pregón da 2ª Feira Franca Medieval



Ilustrísimo Sr. Alcalde, Reverendísimo Sr. Arcipreste de Xanrozo, rexedores, veciños da cidade e de máis aló:

Hoxe é un día importante para tódolos que estamos aquí, porque vimos dispostos a facer presente o mundo medieval do que naceu esta cidade. É, polo tanto, unha viaxe colectiva ás orixes e para min un motivo de grande honra que o noso Concello me convidase a pregoar tan grande acontecemento. Porque facer que Betanzos se transforme nun burgo medieval estrado de feirantes, bufóns e xentes varias é moi doado. A vida cotiá aínda ten hoxe moito de medieval. Aquí seguimos a ter as feiras que naceron no século XIII e tódolos martes, xoves e sábados, campesiños, panadeiras e outros máis enchen de cor o noso ancestral Campo da Feira.

Sabede que Betanzos naceu como vila de reguengo no 1219 en oposición ó poder dos abades dos mosteiros e dos grandes señores dos castelos. Naceu, como tantas outras da costa atlántica e cantábrica, para aproveitar os recursos dun novo medio de vida, a pesca marítima, favorecida pola desaparición dos vikingos e pola aprendizaxe de novas técnicas de navegación.

Tiña Betanzos, e sígueo tendo, dúas características típicas dunha cidade medieval de importancia: estaba amurallada, para defenderse dos cabaleiros «maos», portugueses ou quen fora; e contaba ó pé das murallas cun campo de feira. Deste xeito, a cidade medrou movida por campesiños, mariñeiros, mercadores e artesáns, coas feiras como gran crisol económico que atraía e atrae ós daquí e ós dacolá.



É verdade que no cumio da sociedade betanceira estaban os cabaleiros e as xentes de igrexa, pero é máis verdade que Betanzos se definía e se define hoxe polo traballo. Vede senón os nomes das rúas vellas, os gremios dos que aínda nos quedan as súas fermosas danzas. Lembrade como foi aquí en Betanzos, xunto coa Coruña e Ferrol, onde naceu a Irmandade de Galicia capitaneada polo noso Alonso de Lanzós e que deu lugar á terceira e máis importante Guerra Irmandiña, a de 1467-69. Dela temos aínda a imaxe dormente (no seu sepulcro) doutro líder irmandiño noso, o mercador Afonso de Carvallido.



Estudios Blanco: Cesar

O pobo de Betanzos e os campesiños da comarca representaron daquela o poder dos humildes contra a forza dos cabaleiros dos castelos ou dos abades e arcebispos. ¿Ou é que tiña o pobo que soportar sen dicir nada os gravosos impostos, ou criar os infindos fillos dos cabaleiros? É certo que, ó remate, cidadáns e campesiños perderon no campo de batalla, pero tamén o é que unhas 130 torres dos castelos foron derrubadas. E aínda que hoxe nos gustaría que eses castelos estiveran en pé, a súa ruína non deixa de ser unha advertencia para os poderosos sen conciencia que desprecen e abusen do pobo humilde e traballador.

Por eso agora, co poder que me deu o Concello neste acto, podo convocar con toda autoridade a todos e cada un dos betanceiros, mariñáns e xentes todas que aquí estedes, a participar nesta Feira Franca Medieval.

E digo, ademais, que ninguén nesta feira é máis que ninguén. Cada un ten aquí o seu sitio. Porque Betanzos é hoxe dos cabaleiros, si, pero tamén dos labradores e mareantes; dos alfaiates e ferreiros; dos prateiros, ferradores, cregos e zapateiros; dos frades; das panadeiras; das criadas, taberneiras e costureiras; das donas de longo brial e das fiandeiras e tecedoras; dos carreteiros e albardeiros; dos notarios e avogados; dos carpinteiros, lavandeiras, monxas e rosquilleiras; dos mestres, oficiais e aprendices; dos pobres e pelegríns; dos mozos e das doncelas, rapaces e rapazas, vellos e vellas, homes e mulleres que aquí haxa ou poida haber. A todos convoco a esta feira sen igual, a esta festa.

¡VIVA A FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS!

Alfredo Erias

10 de xullo de 1999

A ciclista betanceira Patricia Roel deu ó ciclismo galego a medalla de ouro, en categoría junior, no campionato de España de fondo en estrada celebrado en Córdoba. Convertese así na ciclista máis laureada do ciclismo galego, cunha medalla de ouro en cadetes e dúas en xuvenís.

10 de xullo de 1999

Visitaron a nosa cidade os rapaces expedicionarios da Ruta Quetzal Argentaria, que estiveron realizando un periplo xubilar por terras coruñesas.

14-15 de xullo de 1999

A Confederación de Empresarios da Coruña organizou estes días na nosa cidade unhas xornadas sobre orientación e busca de emprego e creación de empresas, dirixidos a grupos xoves.

Xullo de 1999

Ó longo deste mes desenrolouse o programa Noites de Cine, no que se proxectaron varias películas ó aire libre. Este programa vense celebrando xa hai dez anos gracias a un convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello.

17 de xullo de 1999

No Edificio Arquivo tivo lugar a presentación da exposición *Betanzos y el mar*. O acto estivo presidido polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, e a presentación correu a cargo de D. José Manuel Seijo Villamizar, estudiante de Enxeñería Técnica Naval en Ferrol, e responsable da organización da mostra. Remarcouse a relación de Betanzos co mar, recuperando



Estudios Blanco: Cesar

unha parte da historia a través de fotografías, escritos, planos de embarcacións típicas da nosa comarca e das que viñeron a Betanzos en diferentes épocas. Unha parte estivo dedicada á Carpintería de Ribeira como símbolo dun oficio artesanal que co paso dos anos se foi perdendo. A exposición estivo patrocinada polo Concello de Betanzos e contou coa colaboración do Departamento de Construccións Navais da Universidade da Coruña.



Estudios Blanco: Cesar

23 de xullo de 1999

Na Praza do Campo tivo lugar o espectáculo de danza xaponesa ofrecido pola compañía Takigi-Mai, que representou a obra *A danza da fogueira*. Nela combinábase a danza tradicional xaponesa, co butoh, unha das vangardas dentro do baile deste país. O espectáculo chegou a Betanzos, única cidade galega na que se representou co patrocinio da embaixada de Xapón en España, a Embaixada de España en Xapón, a Asociación Japonesa en Madrid e contou coa colaboración de AlItalia e do Concello de Betanzos. O grupo estaba composto por un equipo numeroso que se achegaba ás setenta persoas e que votou varios días montando a rechamante escenografía e realizando os ensaios previos á actuación. Nun destes días foron recibidos na Sala Capitular polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

25 de xullo de 1999

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a súa vida por Galicia.



Estudios Blanco: Cesar

26-30 de xullo de 1999

Desenrolouse ó longo destes días na Aula Municipal de Cultura o curso *Cine e Teoría e práctica do cine literatura*, organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello. Nel analizouse a relación entre o cine e a literatura, coa participación de diversos especialistas. Ademais o curso tivo o seu espacio dedicado ó cine en Betanzos, impartido por Xulio Cuns e Alfredo Erias. Ademais da parte teórica houbo unha práctica coa realización dunha curtametraxe a cargo do betanceiro José Carlos Soler. O programa do curso completouse coa proxección de varios filmes, entre eles *El abuelo*, *Fendetestas*, *A noiva de medianoite*, *Tirano Banderas* e *Nena*. Na fotografía a presentación do curso

27 de xullo de 1999

Neste día a nosa cidade recibiu a visita de oito xinetes franceses vestidos coas roupas da Garda Real de Napoleón e tres coruñeses vestidos co uniforme do Rexemento do Real Corpo de Artillería, que combateron na Guerra da Independencia. Desta vez o seu paso por Betanzos foi moito máis pacífico e foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez diante do Concello. (Páx. seg.)



Estudios Blanco: Cesar

30 de xullo de 1999

Neste día a nosa cidade viuse practicamente invadida coa chegada de máis de tres mil xoves procedentes da Coruña, que dando rodeos para sumar os cen quilómetros que se precisan para obter a Compostela, realizaron a peregrinación a Santiago. A expedición foi organizada pola Conferencia Episcopal.



Estudios Blanco: Cesar

4 de agosto de 1999

Na Sala Capitular do Concello foi recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, un grupo de profesores e alumnos de arquitectura de Centroamérica, Cataluña e Galicia, que participaron nun estudio sobre a configuración arquitectónica da nosa cidade. No estudio estiveron representadas a Universidade da Coruña, a Politécnica de Cataluña, Universidade de Lleida, da República Dominicana, O Salvador e Nicaragua.

6 de agosto de 1999

D. Santiago e D. Antonio Naya Salorio entregáronlle ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, unha máquina de limpar cereais que data de principios de século XX, para que sexa instalada no Museo das Mariñas.

6-28 de agosto de 1999

Ó longo destes días desenrolouse *o Ciclo de Música e Danza*, organizado polo Concello e que estivo patrocinado pola Deputación da Coruña, Caixa Pontevedra, Caixavigo e o Xacobeo 99. As actuacións celebráronse no claustro do Museo das Mariñas, na Aula Municipal de Cultura, Auditorio do Pasatempo e Convento de San Francisco. Neste ciclo interviñeron o Grupo de Metais Sta. Cecilia, Cuarteto de Corda Matiz, Milladoiro, Ballet Georges Ballanchine, Dúo violín-chelo Cristina Anghelescu - Anupkumar Biswas, Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos, Banda Municipal de Música, Ballet Rey de Viana e o grupo Chouteira.

8 de agosto de 1999

O grupo galego Milladoiro presentou no Auditorio do Pasatempo, diante dunhas tres mil persoas que desafiaron á choiva para escoitalos, o seu novo disco *Auga de maio*. O concerto estivo incluído dentro do Ciclo de Música organizado polo Concello e patrocinado pola entidade bancaria Caixavigo.



La Voz de Galicia: Estudios Blanco

10 de agosto de 1999

Os Alcaldes de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez e o de Bergondo, D. José Fernández Ramos agasallaron no día do seu centenario a Dª María Manuela Naya Zapata, quen non dubidou en viaxar de Barcelona a Betanzos para celebrar o seu aniversario rodeada da súa familia. Dª María naceu no lugar de Rois, do concello de Bergondo pero viviu moitos anos no lugar de Castro.

13 de agosto de 1999

No convento de San Francisco celebrouse o VI Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación *Carlos Seijo*, Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música.

14 de agosto de 1999

Cunha multitudinaria asistencia de público, na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina Carmen María Santiago Vázquez. A lectura do Pregón correu a cargo este ano do poeta galego Manuel María. A continuación co disparo do garelazo foron soltadas vintecatro pombas como símbolo da paz e a liberdade.



Arume

Pregón das Festas

Raíña das festas betanceiras do San Roque 1999. Xentil Carmen María Santiago Vázquez e Corte de Honor.

Ilmo. Sr. D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos dos Cabaleiros.

Betanceiros e amigos todos:

Entendemos que o noso primeiro deber como pregoeiro é solicitar licencia e render -como así o facemos moi gustosamente- vasallaxe á Raíña das



Arume

Festas e á súa Corte de Honor. Trátase, nada máis nin nada menos que dun reinado da beleza sobor da alegría. Un tempo breve e intenso como o da namorada pinga do orballo tremando emocionada sobor do pétalo da rosa ruborosa.

Moitísimas gracias por concedernos a honra e o privilexio de ler o pregón -como mandan os cánones- das Festas Betanceiras do San Roque deste ano 1999, un número cabalístico. Non facemos referencia ó fin de milenio, no que non acreditamos, porque as distintas culturas do mundo non todas teñen o mesmo sistema para contar o tempo.

En varias ocasións tivemos a inmensa sorte e a grande alegría de ler outros pregóns e dar ó vento das Mariñas os nosos versos para que os difundiran polo amplio mundo, nesta nobre e irreprochable cidade de Betanzos dos Cabaleiros e das Donas, que levamos moi dentro do noso corazón pois a súa beleza, como dixo o poeta, feriunos para sempre.

Betanzos é a cidade ideal feita á medida do ser humano. Situada nunha terra ubérrima e rodeada por dous ríos -que son masculino como a cidade é o femenino- que lle cantan, cortexan e espellan, foi, século a século, conformándose no Castro de Unta cun afán de subir ó alto para mellor contemplar as estrelas e fundirse na case ilimitada grandeza do cosmos. Para o escritor finisecular Antonio de la Iglesia, Betanzos é «Verxel encantado ó que Deus concedeu a amenidade do Xordán e a fertilidade de Hebrón». E aquel grande mestre que foi don Ramón Otero Pedrayo ensinounos que «A cidade, no seu castro, aglomera rúas arcaicas de saudosa beleza que descenden ós vellos Peiraos, restos preciosos dos antes ampliamente desenvoltos barrios de pescadores e conserva tres das portas das súas murallas». Álvaro Cunqueiro, namorado desta cidade da que tanto e tan ben escribiu, destaca que «... o importante de Betanzos é a total cidade, o engado dos vellos rincós, dos porches, dos peiraos e do fermoso e doce país, a veiga que é un xardín, maravillosamente cultivada... Hai unha luz propiamente betanceira, que non é da terra nin do mar. Eiquí apréndese aquelo do Dante cando fala do «doce tremar da mariña»».

A paisaxe das Mariñas e da súa capital marcou -e marca- ós betanceiros, dándolles unha especial singularidade. E xa que de betanceiros falamos non esquecemos ós Andrade que se enterraron como reises en San Francisco e dos que cabe preguntarse como na balada de Villon: «¿Onde están as neves de antano?». As nosas preferencias están con Pero de Ambroa e Pero Amigo de Escanoi, conocido como Pero Amigo de Sevilla, que no seu testamento datado en 1302, deixou a súa viola «a Pedro



Faraldo

Loçano joglar e que diga un paternoster cada día que con ella violar», poetas ambos con obra nos Cancioneiros galaico-portugueses cando a nosa lírica, xuntamente coa provenzal, era a máis importante de Europa. Lírica escrita en língoa galega a máis grande creación do noso pobo, transmisora da propia cultura, herdo recibido dos devanceiros, que temos que cuidar e depositala nos galegos do futuro a quen pertence. A lingoa é o noso meirande ben cultural. Perdela sería un atentado contra a beleza e empobrecer o mundo e a Cultura. Destas terras tamén era María Pérez a Balteira, xograresa de renome internacional que Alfonso X, o único Rei Sabio das Españas, empregou como embaixadora. E sobor de todo Antolín Faraldo, motor ideolóxico da Revolución de 1846, defensor da nosa persoalidade e dignidade como pobo, co que Betanzos e Galiza enteira está en débeda. O día 6 de outubro de 1907 aconteceu en Betanzos un feito histórico de enorme trascendencia cultural e política: por primeira vez empregouse o idioma galego nun acto público. O orador que o usou foi o escritor Manuel Lugrís Freire. E o lugar o quiosco da música da Praza do Campo.

Para nós Betanzos -como Florencia, Compostela, Lisboa- é a perfección. Unha cidade que os poetas cantaron, amaron e aman fondamente. O concello preocupouse por conservar e espallar os valores culturais betanceiros, recuperando ós seus escritores. Desexámoslle e pedímoslle continúe este labor e o amplíe ata o límite das súas posibilidades. Entendemos non é esta a ocasión de lembrar a fecunda actividade cultural desenrolada nesta cidade, nen a súa gloriosa e apaixoante historia, contando os seus traballos e os seus días. Abonda con perderse polas súas vellas e fermosísimas rúas e deixarse ganar polo seu engado e o seu máxico misterio. Para eso non hai mellor compañeiro que os inspirados versos do gran pintor Urbano Lugrís:

¡Ou, Betanzos, Betanzos...! ¡Xardín vello,
vicioso xardín en que a botánica
saudosa e nobre dos antigos pazos
-magnolias, roseiras, limoeiros
e os camelios da choiva namorados-,
recende a outras edades, cortesías
en que as i-almas -¡que melro na figueira!-
esculcaban na noite os misteriosos
camiños con luar, setestrelados!
Era tamén o tempo en que as espadas
conquerían cibdades e cantigas;
e do sangue ruín nascían frores,
cintas, pombas, anelos e sospiros...



Arume

Pero todo ten o seu tempo e a súa sazón e hoxe estamos de festa maior. Nunha das festas máis antigas de Galiza pois data do 1416. Nada tan xusto e necesario como a festa na que nos abrimos, con gozo e optimismo, á inmensa alegría de vivir e os seres humanos esquecemos mezquindades para cultivar a fraternidade e o amor. O sentido dionísiaco da existencia entra en nós. Acoden á cita os familiares, os betanceiros que están lonxe, amigos e forasteiros para acompañarnos e escorrentar preocupacións, tristezas e melancolías. O mundo vólvese un camarada fiel e todo cobra unha nova dimensión. Son posibles tódalas ilusións e as fantasías teñen realidade.

Van comenzar en Betanzos dos Cabaleiros e das Donas as festas do San Roque que teñen un gran culto en toda Galiza, nestas datas toda ela unha inmensa romería. San Roque foi un home humilde como somos os galegos, bo, enormemente sacrificado e xeneroso que practicou sempre o ben. Represéntase co sombreiro, a vieira e o bordón de peregrino a Compostela. ¡Quen sabe se non pasou por Betanzos na súa devota peregrinaxe e non levou, para sempre, nos seus ollos, a fermosura e a dozura destas terras mariñáns e gardou no seu corazón a lembranza de nós como un tesouro!

Estas festas betanceiras son únicas polo globo e «Os Caneiros». O noso Alvaro Cunqueiro escrebeu varios artigos referidos ó globo. Escolmamos estas siñificativas palabras súas para comprender mellor o inquedante enigma que é -e non esaxeramos- o meirande espectáculo do mundo: «...Contar como se olla, na noite de San Roque, ascender no ceo betanceiro o globo ritual: lento, grave, sereno como un sol e como se acenden na barquiña o azul, o verde, o vermello dos fogos artificiais. O globo de Betanzos réxese por leis que lle son propias e que eu sosteño contradín as da aerostática en razón dunha cualidade ou calidade espiritual que é propia de Betanzos e dos betanceiros... Autárquico o globo ascende, pleno de luz, rodeado do brillante clamor das claras bengalas: unha grande rosa luminosa que por breves horas florece na cintura escura da terra... O globo de Betanzos é como unha enorme flor dourada. Ven do misterio e vaise ós celestiais xardíns. Eu vín poucas cousas tan fermosas e imposibles».

¡E Os Caneiros! ¿Que decir deles? Son unha romería máxica na que se xuntan, nun raro milagre de perfección os catro elementos clásicos que conforman o cosmos. A auga mansa do Mandeo, denantes unha alegre ave cantadora, agora remansada e meditativa, fixando a imaxe encantada da cidade para levarlla ó mar que é o morrer. O aire perfumado polo recendo dos xardíns e hortos betanceiros, nesta época unha delicada brisa, agarimando as cousas, ollando pasmado como a foguetería sanroqueña se abre como unha palmeira fantástica e maravillosa pasmando ó mundo. A terra en plenitude baixo a plena luz de agosto. É o lume dos nosos corazóns, que o viño betanceiro

mantén vivo. A perfecta paisaxe -pedir máis sería soberbia- que contemplamos dende as barcas engalanadas cando subimos cara ó Campo dos Caneiros. É o mesmo Campo. Despois o lento devalar da volta, cantando, escoitando a música da gaita, bebendo, comendo -afirmándose na vida- baixo a ollada centilante das asombradas estrelas. A Festa dos Caneiros é unha viaxe ó país dos soños máis felices e trascendentes. Ninguén o dixo tan ben como o poeta Uxío Novoneyra:

Cando o viño roxo que non perde o coor no cor
xa non abondaba a nosa sede
chegámolos beizos a vasos máis fondos.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.

As mulleres eran verdadeiras como o viño.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.

A medida que o tempo pasaba alongábame da morte.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.

No milagre longo coidei seguir sempre nas barcas devalando

Gracias á romería dos Caneiros é posible beber o viño do inefable e alonxarnos da morte. Quen vive esta romería, coa sensibilidade desperta e os sentidos alertados, seguirá sempre, sempre devalando nas barcas dos Caneiros betanceiros: O paraiso máis perfecto do que o ser humano pode disfrutar neste mundo.

Nada mais. Felicísimas festas.

Moitas gracias pola vosa atención.

Manuel María



Faraldo

15 de agosto de 1999

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Susana Zas Presas, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. A continuación o mozo betanceiro, Javier Souto Santiso, deu lectura ó Pregón Infantil.

Función do Voto

(16 de agosto)



Fersal

Invocación do Alcalde a San Roque,
Patrón da Cidade
Señor San Roque

Me presento de nuevo ante Tu generosa imagen al frente de la recién renovada Corporación Municipal, que conducirá los destinos de Betanzos en el fin de este milenio y en el principio del próximo. Y lo hago con renovadas ilusiones, al tiempo que presento nuevas peticiones ante Tí, Nuestro generoso patrón, que desde hace más de quinientos años, eres el centro de las renombradas fiestas que en la actualidad están consideradas de interés turístico nacional. Tan continuada dedicatoria indica el agradecimiento de una Ciudad, peregrino de Montpellier y extraordinario protector de Betanzos y de los betanceiros, que cuando necesitamos auxilio y protección por la tremenda peste que nos invadía, no dudaste en ofrecérnosla y en confortarnos con tu altruismo y solidaridad. Por ello, los betanceiros te llevaremos siempre en nuestros corazones y te recordaremos siempre con la misma ilusión y, si cabe, cada vez con mayor agradecimiento.

Betanzos es un municipio histórico que formó parte como capital destacada del Antiguo Reino de Galicia. Y hoy es el centro de una amplia cabecera de comarca y trata de ofertar cada vez, mejores y mayores facilidades comerciales, educativas, culturales, turísticas y de todo tipo. Siempre destacó por su solidaridad. Y esta solidaridad es la que hoy te renuevo en nombre de todos los ciudadanos. Porque Betanzos fue escenario a través de estos siglos de encuentros reales, de peregrinos que, como este año, se dirigen a visitar al Apóstol Santiago, de reuniones de hombres y mujeres para los más diversos acontecimientos. En innumerables ocasiones, las campanas de las iglesias nos recuerdan acontecimientos alegres o tristes, los bandos municipales conocieron hechos muy diferentes y los ciudadanos betanceiros mostraron sus deseos de formas muy variadas. Pero siempre, al llegar el 16 de Agosto, Tu presencia nos une, armoniza nuestra convivencia y nos recuerda que por encima del materialismo de este Mundo, hay acciones como la que protagonizaste que superan la capacidad humana y nos avalan el triunfo de la espiritualidad y de los valores eternos.

Como sigues siendo nuestro fiel Protector, te pido que remedies las miserias del mundo actual y alejes de nuestras vidas las pestes de la época moderna. Reconduce a los jóvenes en el camino de los valores auténticos y aléjalos de la droga y del alcohol, que pueden ser unas de las lacras de inmensa profundidad, capaces de destruir la convivencia social y la armonia familiar. No permitas que las guerras asolen de tristeza muchos hogares y sustitúyelas por la paz y la fraternidad que deben de estar presentes en las relaciones humanas. Ayuda a las familias y a los enfermos y ampáralos para que tengan una vida digna dentro de la igualdad de los derechos humanos. Y protege especialmente a los más necesitados y a los ancianos que tanto trabajaron por favorecer la construcción del Mundo actual y que, en ocasiones, son objeto de desprecios y olvidos que no se merecen. Y en general, ayuda a todos los que necesitan Tu auxilio y de una manera más intensa a los desprotegidos.

Señor San Roque: Espero que los betanceiros y todos los ciudadanos, tengamos a nuestro lado Tu generosa aportación. Desde luego que Betanzos siempre te recordará y por ello, en su nombre, presento esta sencilla ofrenda que trata de dar continuidad a la cadena iniciada en 1416 y que siempre, al llegar estas fechas de Agosto, te renovaremos para agradecerte todo lo que hiciste por nosotros y para pedir que continúe tu mediación, colaboración y ayuda, para que encontremos el verdadero camino por el que deben discurrir nuestras vidas.

Que así sea.



Foto: Alfredo Erias

16 de agosto de 1999

Como tódolos anos miles de persoas abarrotaron a Praza do Campo para contemplar o lanzamento do globo de papel construído pola familia Pita. Este ano foron moitas máis as persoas que puideron seguir o lanzamento gracias á súa transmisión por Internet, dentro da páxina web do Concello. O voo deste singular aerostato chegou ata o lugar de Merille no Concello de Coirós, percorrendo escasamente sete quilómetros.

17 de agosto de 1999

Celebrouse na Ponte Vella a cucaña con divertimentos acuáticos que organizou a ONG Bicis Pola Paz, e que contou coa colaboración do Concello.

A Asemblea de Galiza Nova realizou unha homenaxe a Antolín Faraldo, con motivo do Día da Galiza Mártir.



Estudios Blanco: Cesar

18 de agosto de 1999

Na Sala Capitular do Concello, o poeta arxentino de orixe galego, **Carlos Penelas**, fixo entrega ó Concello de varias das súas obras, nas que ía incluído o poemario titulado *Valses poéticos*, libro que xurdiu en homenaxe ó músico Enrique Granados e do que somente existen dez exemplares. Recibiu este presente o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. Carlos Penelas é autor dunha extensa obra literaria, sobre todo poética, pero tamén cultiva a narrativa e o ensaio. Obras súas son *El mirador de Espenuca*, *El Manantial* e *Os anarquistas galegos na Arxentina*.

18 e 25 de agosto de 1999

Como é tradicional, centos de lanchas engalanadas e ben provistas de viño e boa comida, sucaron o río Mandeo para chegar ó campo dos Caneiros, onde a música e a alegría reinan nestes días.



19 de agosto de 1999

Nesta data tomou posesión como Deputado Provincial o Tenente de Alcalde e Voceiro do Grupo Municipal Socialista, Antonio Lagares Pérez.Desde o ano 1983 veu representando ó Partido Xudicial de Betanzos neste cargo na Deputación Provincial da Coruña. Na etapa de governo socialista foi Presidente da Fundación Hospital Provincial e Psiquiátrico de Conxo. Tamén presidiu a Comisión de Economía e Facenda entre os anos 1989-1995 simultaneando este cargo co de Voceiro do Grupo Provincial Socialista.



19 e 26 de agosto de 1999

Un grupo de xoves pertencentes á Asociación de Amigos dos Ríos de Betanzos (Arbe), fixeron unha limpeza do río dos restos ou residuos producidos con motivo da celebración dos Caneiros. Realizaron unha campaña de concienciación para que a festa non repercutise negativamente no medio natural.

20 de agosto de 1999

Dentro do programa de festexos organizados polo Concello, tivo lugar no Auditorio do Pasatempo un concerto do grupo *Los Suaves e Gandy.*

21 de agosto de 1999

Celebrouse no Polideportivo Municipal a final do Trofeo San Roque 99 de fútbol sala entre os equipos Casa Segundo e Don Compact-Tasca Fonte de Unta, resultando campión este último.

22 de agosto de 1999

Celebrouse a XV Travesía Ría de Betanzos, IV Gran Premio de Galicia de Ríos e Travesías, puntuable para a XII Copa Xunta de Galicia de Piragüismo, organizada polo Club Náutico Ría de Betanzos-Construcciones Vijoy. O vencedor foi o Club de Piragüismo Breogán do Grove.

23 de agosto de 1999

Celebrouse no Estadio García Irmáns o Trofeo Cidade de Betanzos de fútbol entre os equipos do Betanzos C.F. e o Racing de Ferrol. O gañador foi o equipo ferrolán por un gol a cero.

24 de agosto de 1999

Rendeuse homenaxe á comunidade galega cunha recepción do Alcalde na Sala Capitular do Concello, a un grupo de emigrantes betanceiros que se acercaron a Betanzos a disfrutar das festas.



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

28 de agosto de 1999

No paseo da Galera foille dedicada unha praza a D. Julián Marcos Alonso, quen durante moitos anos desempregou na nosa cidade o seu oficio de notario. Ademais do desenrolo da súa actividade profesional, destacou por participar de forma directa e activa nos diversos movementos culturais desenrolados na nosa localidade ó longo de dúas largas décadas que estivo entre nos, polo que fora nomeado en 1984 Fillo Adoptivo de Betanzos. O seu falecemento en Salamanca o 31 de xaneiro do presente ano levou ó Concello a realizarlle unha homenaxe na Sala Capitular e dar o seu nome a unha praza no paseo da Galera, actos que contaron coa presencia da súa irmán Dª María Emilia, moitos dos seus amigos así como compañeiros de profesión. Os actos estiveron presididos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

.

10 de setembro de 1999

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino , nº 21. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da



Estudios Blanco: Cesar


publicación Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do Vicerrector da Universidade da Coruña e membro numerario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, D. Jorge Teijeiro Vidal. O Anuario Brigantino celebrou así o seu cincuentenario.

8 de setembro de 1999

Multitude de persoas chegadas de toda a comarca reuníronse na tradicional romaría dos Remedios para cumprir promesas, pedir favores ou simplemente acompañar á Virxe no seu percorrido.

Setembro de 1999

Para a creación dun novo vial de comunicación coa N-VI e dunha praza pública, a rúa do Rollo experimentou un notable cambio na súa fisionomía ó ser derribadas tres casas.



La Voz de Galicia: Cesar Quián

17 de setembro de 1999

A Orquestra Sinfónica de Galicia estreou no convento de San Francisco a obra *Concerto para trompeta*, do compositor brigantino Carlos López García. Algunhas das súas obras xa coñeceron o éxito *como La farsa de la búsqueda*, estreada no mítico Teatro Colón de Bos Aires, *Sindy*, que representou a Arxentina nunha mostra organizada pola UNESCO, ou *Ra-rá*, unha peza inspirada na Guerra Civil. Nos últimos anos a Orquestra Sinfónica de Galicia xa estreou *Elexía para un soldado* e *Fantasía Ecolóxica*.

18 de setembro de 1999

Como xa é tradicional, os brigantinos nacidos en 1949 celebraron o seu cincuenta aniversario cunha misa e un bo xantar.

Setembro de 1999

A Consellería de Educación autorizou ó Instituto Francisco Aguiar de Betanzos para funcionar como centro adscrito á Escola Oficial de Idiomas da Coruña, podendo impartir cursos do ciclo elemental do primeiro nivel de ensinanzas especializadas de idiomas.

25 de setembro de 1999


Na Aula Municipal de Cultura representouse polo Teatro do Atlántico a obra *Vellos Tempos* do autor inglés Harold Pinter.

30 de setembro de 1999

Os pais de alumnos do Colexio Público Francisco Vales Villamarín de Betanzos realizaron unha concentración diante do colexio para protestar polas deficiencias do centro escolar, reclamando a atención da Consellería de Educación. a Asociación de Pais de Alumnos recolleu denuncias sobre estas deficiencias, as que foron presentadas en Sanidade.

30 de setembro de 1999

No sorteo da Lotería Primitiva celebrado neste día resultou acértante un boleto que foi selado na Administración número 1 de Betanzos. Ó agraciado correspondeulle a non desdeñable cantidade de 157 millóns de pesetas.



El Ideal Gallego: Pedro Puig

30 de setembro -10 de outubro de 1999

Ó longo destes días celebráronse na Aula Municipal de Cultura as I Xornadas de Rutas do Mundo, organizadas polo

Concello de Betanzos co patrocinio de Caixa Galicia e coordenadas por Xabier Ares. Nas mesmas participaron viaxeiros e aventureiros moi coñecidos como Juanjo Alonso que realizou a volta ó mundo en bicicleta, o alpinista Ramón Portilla que ascendeu 7 cumes, Ángel Fernández que realizou a Ruta da seda en bicicleta, Chus Lago a subida o Everest e Jesús González Green a Travesía do Atlántico en globo. Unha das atraccións máis espectaculares foi a realizada para clausurar estas xornadas, que consistiu na instalación dun globo na Praza do Campo, que causou a admiración e sorpresa de moitos betanceiros que se congregaron para seguir as evolucións do aeróstato, e moitos deles subiron para aproveitar dun pequeno voo.



Betanzos e a súa Comarca: Estudios Blanco

9 de outubro de 1999

Celebrouse no estadio García Irmáns o VII Trofeo da Amizade entre o Real Club Deportivo da Coruña e o Betanzos C.F., o gañador foi o equipo coruñés por 6 goles a 2. O capitán do equipo deportivista, Fran, recibiu de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez o trofeo.



22 de outubro de 1999

Faleceu na cidade de Bos Aires D. Carlos González García, neto de Don Juan García Naveira. Foi membro do Padroado García Naveira de Betanzos e colaborou co Concello na recuperación da finca do Pasatempo. Na fotografía aparece en compañía do Alcalde de Betanzos nunha das súas visitas a Arxentina.

Outubro de 1999

Neste mes foi creada unha asociación de axuda ós drogodependentes e ás súas familias. A asociación está composta por un grupo de cidadáns, algúns deles afectados polos problemas derivados do consumo de drogas.



Outubro de 1999

Coñeceuse pola prensa que o betanceiro, D. Carlos Álvarez Teijeiro, Doutor en Comunicación Pública, ven de publicar un libro titulado *Fundamentos teóricos del Public Jornalism*.

25 de outubro de 1999

O forte temporal de choivas e a coincidencia coas mareas cheas ocasionou o desbordamento do río Mandeu o seu paso por Betanzos, algo que xa ven sendo habitual nos últimos anos.



Estudios Blanco: Cesar

28 de outubro de 1999

A ciclista betanceira Patricia Roel foi recibida na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e [de D. Juan Ventosa, directivo do Club Ciclista de Betanzos]. O acto tivo como obxecto recoñecer a traxectoria desta deportista, que recentemente ven de proclamarse campiona nacional de ciclismo de fondo en estrada, en categoría júnior. Ademais hai que engadir o seu trunfo na Copa de España e o sexto posto no mundial de ciclismo disputado en Verona a principios do presente mes.

3 de novembro de 1999

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, entrevistouse en Santiago co Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga, a quen lle expuxo algúns proxectos para o desenrolo de Betanzos.

6 de novembro de 1999

Cunha exposición de coches de rallys na Praza do Campo e un acto celebrado na Aula Municipal de Cultura, presentouse oficialmente ó público e ós medios de comunicación a Escudaría Automobilística Betanzos, presidida por D. José Manuel Abad.



Estudios Blanco: Cesar

13 de novembro de 1999

Na parroquia de Guiliade celebrouse un acto de homenaxe a D. José Presedo, persoa que construía o Globo das festas desta parroquia. O acto foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez que estivo acompañado de diversos membros da Corporación Municipal.

14 de novembro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Un home que se parecía a Macbeth*, a cargo da compañía Uvegá Teatro.

22 de novembro de 1999

Os alcaldes e concelleiros do Partido Popular da comarca das Mariñas reuníronse na nosa cidade co presidente do PP coruñés, D. Antonio Couceiro.

27 de novembro de 1999

Na discoteca Acrópolis levouse a cabo o desfile Ciudad de Betanzos, de perruquería organizado pola academia Pelomanía coa colaboración do Concello e diferentes casas comerciais. A recadación do foi entregada a Cáritas no transcurso do acto.

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Arniches y los Quintero* a cargo da Agrupación Teatral Mariñán.

6 de decembro de 1999

A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o *Programa de Festexos do Nadal* organizado pola Delegación Municipal de Cultura Deportes e Benestar Social e Delegación de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Lara Fernández Vázquez e Jennifer Iglesias Paredes do Colexio Nosa Señora do Carme (Atocha), gañadoras do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.



Novembro-Decembro de 1999

O Instituto Cervantes de Lisboa, baixo a dirección de D. José Mª Martín Valenzuela (foto da dereita), organizou unha mostra de pintura, debuxo e gravado do betanceiro Alfredo Erias. A presentación estivo moi concurrida, asistindo, entre outras autoridades e representacións, o embaixador de España en Lisboa, D. José Rodríguez Spiteri (foto da esquerda), así como diversos conselleiros da Embaixada (foto central), entre os que se atopaban (de esquerda a dereita) o galego D. Francisco Moldes Fontán (Educación), D. Juan Manuel Molina Lamothe (Asuntos Políticos) e D. Juan Manuel López Nadal (Cultura). O catálogo foi editado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia.

7 de decembro de 1999

Faleceu neste día Dª María de la Paz Fiaño Miravalles, quen fora durante moitos anos funcionaria municipal. Témoslle que agradecer desde o Arquivo Municipal, que recentemente depositara nesta institución un importante fondo documental e bibliográfico que pertenceu tanto á súa persoa como tamén á de seu pai D. Fernando Fiaño.

16 de decembro de 1999

Celebrouse a I Feira do Galo, organizada polo Concello para fomentar e promover determinados productos tradicionais, dándolle especial relevancia ás feiras. Esta feira foi recuperada despois de sesenta anos en que se celebrou outra das mesmas características. Na organización participaron tamén a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Asociación de Amas de Casa, Agrupación de Vendedores Ambulantes e os vendedores do mercado municipal.


Ó concurso presentáronse trinta exemplares, dos que resultou gañador o de Juan Antonio Otero de Santa María de Ois. Os galos gañadores foron posteriormente subhastados na Praza da Constitución alcanzando o prezo de 8.000 pts., que foron destinadas a Cáritas de Betanzos.

18-19 de decembro de 1999

O Edificio Arquivo acolleu estes días a primeira edición da Feira de Anticuarios e Almonedistas, promovido polo Concello, e que reuniu a uns vinte expositores de Estremadura, Galicia, Asturias e León. A mostra contou con gran asistencia de público e gran volume de negocio.

19 de decembro de 1999

A Agrupación Pablo Iglesias celebrou o seu centenario coa realización de diversos actos como unha ofrenda floral no parque que leva o seu nome e a colocación dunha placa conmemorativa na Casa do Pobo. A celebración coincidiu coa visita realizada por Pablo Iglesias a Betanzos hai cen anos para celebrar un acto no teatro Alfonsetti.



Sepulcro de Fernão Sanches (Museu do Carmo, Lisboa). Debuxo: Erias.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1999
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DO
2000